



# Corenta anos de cultura galega en estatísticas

DOI: 10.17075/cacge.2023

## 1. Introducción

Cando se ideou este informe, tanto as hipóteses iniciais como as indicacións das fontes secundarias consultadas sostían que as estatísticas culturais anteriores a mediados da década de 1990 adoecían de baleiros temáticos críticos e a cultura era un dos ámbitos con menor tratamento e estudo dentro das fontes estatísticas documentais do século XX.

A partir dunha análise a fondo das principais fontes documentais existentes pódese concluír que, se ben existe unha desorganización metodolóxica e unha falta de periodicidade, a realidade é que a información cultural básica está presente en practicamente todos os ámbitos e sectores

.....

culturais dende incluso antes dos anos oitenta do século xx. Os principais problemas radican, por unha banda, na dificultade de acceso ás fontes máis detalladas e, pola outra, na dificultade de extracción de datos estatísticos, debido a que unha parte significativa da información se atopa en formato de rexistros, censos, guías ou recursos informáticos centralizados dos que, salvo que se acuda a fontes secundarias, só é posible obter información realizando unha explotación estatística manual. Algúns destes problemas son igualmente comúns noutras áreas de coñecemento.

Pode afirmarse que o impulso en materia estatística cultural parte principalmente dos acordos comunitarios e internacionais na procura dunha homoxeneización informativa. A UNESCO, Eurostat e a Unión Europea, entre outras institucións comunitarias e internacionais, estableceron marcos comparativos que os distintos gobernos europeos e internacionais foron adoptando ao longo do tempo, o que permite desenvolver unha sistematización de recollida que fai que os datos estatísticos nucleares da cultura sexan comparables varias décadas despois.

Dende a transición á democracia, España experimentou un proceso de modernización e globalización que influíu de xeito substancial no seu ámbito cultural. Ata ese momento, a información de carácter cultural que recollían as institucións de estatística non tiña unha consideración e importancia relevantes, apenas relegada a uns poucos informes illados, algúns indicadores e censos de equipamentos. A posta en marcha das políticas culturais nas distintas administracións a partir das necesidades da cidadanía implicou un desenvolvemento e mellora na recollida de datos estatísticos sobre a cultura co fin de medir o impacto das diferentes medidas e accións adoptadas, polo que as fontes estatísticas sobre a cultura experimentaron un paulatino pero firme crecemento e profundidade de análise nas últimas catro décadas.

No caso de Galicia, os dous principais referentes no que respecta á obtención e sistematización das estatísticas culturais son o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Consello da Cultura Galega (CCG). O CCG comezou a publicar informes especializados que inclúen información estatística pouco despois da súa creación, na segunda metade da década de 1980. O labor de recollida e análise de información estatística cultural, así

.....

como a investigación e descrición empírica da cultura desta entidade, potenciouse coa creación do Observatorio da Cultura Galega na década do 2000.

### **1.1. Obxectivos**

Este informe ten como obxectivo realizar unha comparación e estudo da situación sociocultural de España e Galicia en 1983 con respecto ao ano 2023, coa finalidade de ofrecer unha visión panorámica da evolución da cultura e dos seus estudos estatísticos en Galicia e España, identificando as tendencias, os desafíos, as ameazas e os cambios socioculturais e económicos que se produciron nos últimos corenta anos. Levarase a cabo unha análise da evolución vivida durante este período no deseño, as metodoloxías e a recollida de datos estatísticos e indicadores culturais, os cales xeraron novas formas de coñecemento da realidade para que os distintos gobernos puidesen analizala e configurar, deste xeito, políticas e actuacións culturais máis precisas, pero tamén para posibilitar o acceso de toda esta información á cidadanía.

Nestas últimas catro décadas, a sociedade galega viuse sometida a numerosos e profundos cambios e transformacións. Co nacemento das autonomías en España, os últimos anos da década de 1970 e os primeiros da de 1980 supoñen un punto de inflexión no ámbito sociocultural en Galicia, coa aprobación do Estatuto de autonomía en 1981, a Lei de normalización lingüística, o nacemento do CCG, institución que vén determinada polo artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia, ou a Lei de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia de 1984.

Xa que logo, para a elaboración deste informe, decidiuse establecer como marco contextual o período comprendido entre 1983 e 2023, dado que é na década de 1980 cando comezan a aparecer avances significativos no eido das políticas culturais, polo que constitúe un punto de partida do labor destas políticas no ámbito autonómico. Así mesmo, este marco temporal coincide co 40º aniversario do CCG, de xeito que o contido do informe tamén se entende como panorámica da evolución da cultura galega durante o tempo de existencia da institución.



## 1.2. A orixe dos indicadores culturais

Co nacemento da estatística moderna en Europa, acúñase o termo «indicador social» para referirse aos datos de información que permiten avaliar os cambios sociais que se estaban a producir con rapidez nos distintos países. A finalización da Segunda Guerra Mundial supuxo a consolidación e o afianzamento desta nova disciplina, xa que lles proporcionaba ás autoridades políticas a capacidade de dispoñer de datos cuantitativos sobre os seus respectivos países. Non obstante, o termo «indicador social» non adquiriu plena relevancia ata mediados dos anos sesenta do século pasado, momento en que comeza a ser empregado nos Estados Unidos.

Porén, o nacemento do termo «indicador cultural» é bastante máis recente, pois foi acuñado en 1969 polo investigador estadounidense G. Gerbner<sup>1</sup> e expandiuse rapidamente. A política cultural, se se compara con outras como a económica, a demográfica, a educativa ou a social, non comezou a espertar interese nos gobernos ata hai relativamente pouco tempo, unha vez que os cambios sociais contribuíron a unha maior democratización do acceso ás actividades culturais e á normalización do tempo de lecer para a maior parte das persoas. Foi neste momento cando se detectou a necesidade de medir estas variables co fin de comprender estas transformacións rexistradas nos ámbitos social e cultural.

Ademais da falta de interese gobernamental nos aspectos estatísticos da cultura, dende os inicios da recollida deste tipo de indicadores houbo dificultades metodolóxicas e de marco de delimitación e estudo. Un intento de sistematización dos indicadores culturais no ámbito internacional foi desenvolvido pola UNESCO na súa reunión de Helsinqui de 1972, na que se consensuaron os esforzos conxuntos que deberían desenvolver neste campo tanto os Estados membros como a propia UNESCO, especialmente nas súas recomendacións 16 e 17 e, en menor medida, noutras recomendacións do citado texto<sup>2</sup>. En 1976, no encontro de expertos en estatísticas e indicadores culturais en Moscova, varios expertos internacionais

---

<sup>1</sup> «Toward “Cultural Indicators”: The Analysis of Mass Mediated Message Systems» foi publicado por George Gerbner no vol. 2, nº 17, da revista *AV Communication Review* (1969). Pode accederse ao artigo en:

<https://web.asc.upenn.edu/gerbner/Asset.aspx?assetID=360>

<sup>2</sup> Pode consultarse unha transcripción en castelán en:

<https://whc.unesco.org/archive/convention-es.pdf>

.....

sentaron as bases para determinar os métodos de establecemento de indicadores culturais, así como unha serie de recomendacións para a súa configuración e recollida.

O seguinte avance na sistematización dos indicadores culturais produciuse na reunión de Viena de 1979, na que Louis Bohner determinou as características que deben cumprir os indicadores culturais<sup>3</sup>. Un ano máis tarde, no contexto da realización en Acapulco (México) da International Conference on Communication, tivo lugar a sesión «Os indicadores culturais e o futuro de sociedades desenvolvidas», na que se reuniron por primeira vez representantes de diferentes liñas de investigación no eido das estatísticas culturais. En 1982, ademais, realizouse un simposio organizado pola Academia de Ciencias Austríacas denominado «Os indicadores culturais para o estudo comparativo da cultura», coa publicación de diversos traballos ao respecto.

No ámbito internacional, a UNESCO publicou en 1980 as recomendacións sobre a normalización internacional das estatísticas relativas ao financiamento das actividades culturais, co fin de establecer un marco que facilitase a harmonización deste tipo de indicadores no que se refire ás definicións, clasificacións e presentación para facilitar a comparación de datos culturais entre diferentes países.

Como resultado de todo este labor de consenso internacional en distintas reunións e congresos, a UNESCO inicia en 1986 o proxecto Marco das Estatísticas Culturais (Framework for Cultural Statistics - FCS)<sup>4</sup>, que é un instrumento de clasificación integral para medir as dimensións económicas e sociais da cultura baseado no concepto do modelo de ciclo cultural, que será adoptado en maior ou menor medida polos gobernos de xeito paulatino.

A finais do século XX, en diversos foros internacionais identificouse unha carencia significativa de estatísticas culturais homoxéneas no ám-

---

<sup>3</sup> UNESCO (1979): *Indicators of Cultural Development Within the European Context*.

<sup>4</sup> UNESCO (1986, 2009): *Marco de estadísticas culturales de la UNESCO*. Accesible en: [http://uis.unesco.org/sites/default/files/documents/unesco-framework-for-cultural-statistics-1986-en\\_0.pdf](http://uis.unesco.org/sites/default/files/documents/unesco-framework-for-cultural-statistics-1986-en_0.pdf)  
<https://uis.unesco.org/sites/default/files/documents/unesco-framework-for-cultural-statistics-2009-sp.pdf>



bito comunitario. Este feito impulsou que o Eurostat desenvolvese o proxecto sobre estatísticas culturais da Unión Europea, co obxectivo de asociar as diferentes variables e indicadores e fornecer os gobernos con información útil para a análise das distintas políticas culturais. Porén, o proxecto tivo que enfrontarse a importantes desafíos debido, especialmente, á falta de definicións e nomenclaturas harmonizadas<sup>5</sup>.

### **1.3. Orixes da sistematización de datos estatísticos culturais en España**

Dende o desenvolvemento da estatística moderna en Europa, na década de 1930 xurdiron novas ferramentas que lles permitiron aos gobernos a obtención de información fiable e relevante para a toma de decisións. Porén, agás algunha que outra excepción, non é ata moi avanzado o século cando comezan a difundirse en España datos culturais cuantitativos de forma máis ou menos periódica. Xa que logo, o ámbito da cultura, que conta cun amplo abano de infraestruturas e actividades, non sempre foi susceptible de cuantificación, e menos aínda de xeito sistematizado e continuado.

Existen, non obstante, algunhas recollidas estatísticas con información cultural no primeiro terzo do século XX, un resumo das cales se publicaba nas distintas edicións do *Anuario estadístico de España*, con datos do movemento das bibliotecas de Madrid e Barcelona, obras inscritas na Biblioteca Nacional e actividades dos principais arquivos e museos. Tamén se publicaron datos, dentro do período de anos comprendido entre 1911 e 1933 e desagregados por provincias, das obras inscritas no Rexistro Intelectual<sup>6</sup>.

A pesar da creación do Instituto Nacional de Estatística (INE) en 1945, a información cultural, aínda moi básica, non se recolle con periodicidade ata a década de 1960. Esta información está relacionada coas áreas concretas de produtos e infraestruturas culturais (arquivos, museos e bibliotecas,

<sup>5</sup> Pode consultarse, entre outra documentación, *European Statistical System Network on Culture. Final Report* (Eurostat) en:

<https://ec.europa.eu/eurostat/documents/341465/3199631/essnet-culture.pdf/a6518128-69b3-4d89-82b8-060a3ad0d1d5>

<sup>6</sup> Pódense consultar no Fondo documental do INE:

<https://www.ine.es/inebaseweb/hist.do>

.....

producción editorial, censos de publicacións periódicas e asistencia de público a espazos culturais como teatros e salas de cine, prazas de touros etc.). Realízanse, principalmente, catalogacións ou censos de espazos culturais, e elabóranse algunhas publicacións estatísticas periódicas máis detalladas que se limitan tan só a sectores económicos puntuais como o cinematográfico ou o editorial. É nesta década cando aparecen os primeiros censos de bibliotecas ou de arquivos e museos (1960), informes con metodoloxía estatística, como os de produción editorial, ou os anuarios de cinematografía (a partir de 1965).

En 1988 o INE, dentro da publicación dos anuarios estatísticos, agrupa os datos relacionados coa prensa e a cinematografía (que ata aquel momento estaban na epígrafe «Turismo e outros servizos») nun só apartado denominado «Cultura» (ata aquel momento denominado «Enseñanza e expansión cultural»). Tamén durante esta década, mentres o INE sistematizaba as fontes estatísticas culturais relacionadas coas bibliotecas e coa produción editorial, o Ministerio de Cultura y Deporte desenvolvía tamén un labor de recollida de datos estatísticos e diversos estudos, moitos dos cales son accesibles na publicación *Análisis e Investigaciones Culturales*, de carácter trimestral dende finais de 1979 ata o ano 1988<sup>7</sup>.

Nos últimos anos do século xx (1997-2000), o Ministerio de Cultura desenvolveu novas estatísticas culturais no ámbito do Plan Estadístico Nacional (PEN)<sup>8</sup>. Esta planificación fixaba uns obxectivos co fin de acometer de xeito estratéxico a recollida estatística en diversas áreas. Para o mencionado cuatrienio, recolleuse información relacionada coa edición de libros, cinematografía, protección do patrimonio, gasto público en cultura das corporacións locais, museos e arquivos, entre outros. O PEN establécese, a partir de entón, como eixe estratéxico de planificación estatística.

A explotación deste conxunto de datos estatísticos permite unha nova aproximación aos feitos culturais mediante o estudo da súa contribu-

---

<sup>7</sup> Pódense consultar os seus números na Biblioteca Virtual de Prensa Histórica: <https://prensahistorica.mcu.es/es/consulta/registro.do?id=1029677>

<sup>8</sup> Aprobado polo Real decreto 2220/1998, tivo algunhas dificultades de implantación inicialmente debido á súa tardía aprobación. Pode consultarse información e memorias no web do INE: [https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es\\_ES&c=INEPlanEst\\_C&p=1254735995577&pagina=INE%2FINELayout&cid=1259935317712](https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INEPlanEst_C&p=1254735995577&pagina=INE%2FINELayout&cid=1259935317712)

ción cuantitativa. Ademais, aparece cada vez con máis frecuencia a aplicación do concepto «práctica cultural», que engloba os indicadores de comportamento social e individual en relación cos obxectos e produtos culturais. Esta nova perspectiva axiña se reflicte nas estatísticas culturais e, en 2003, a Subdirección General de Museos do Ministerio de Cultura y Deporte publica unha serie bianual de estatísticas de museos e coleccións museográficas en España. O primeiro volume, con datos do ano 2000, ofrece información sobre a oferta (características, infraestrutura, equipamentos, fondos e actividades), a demanda (visitantes) e a situación económica (emprego nas institucións museísticas).

A principios do século XXI ve a luz unha das publicacións de estatísticas culturais máis completa elaborada pola Oficina de Estadística do Ministerio de Cultura ata o momento<sup>9</sup>. A publicación *Las cifras de la cultura en España* (2002) foi elaborada co obxectivo de ofrecer unha panorámica sintética do sector cultural mediante datos relevantes e indicadores obtidos a partir das distintas fontes estatísticas dispoñibles, e permitiu achegarlle á sociedade un instrumento eficaz para a xestión cultural en España e nas distintas comunidades autónomas. A información está estruturada en 17 capítulos: os seis primeiros dedicados a magnitudes transversais (emprego, financiamento público e privado, comercio exterior, propiedade intelectual e ensino) e os restantes, á análise dos distintos sectores culturais (bibliotecas, arquivos, museos, patrimonio, libro, publicacións periódicas, artes plásticas, artes escénicas e música, cine e vídeo, música gravada e radio e televisión). En moitos capítulos ofrécese a evolución dos datos da última década e a situación autonómica, e, sempre que resulta posible, establécense comparacións internacionais.

Este tipo de publicacións poñen de manifesto a existencia dun importante corpus de información contida en bases de datos que non son explotadas estatisticamente, como por exemplo as referentes ao patrimonio histórico, recursos musicais e escénicos, etc. Esta situación irá mudando a

---

<sup>9</sup> O Ministerio de Cultura y Deporte desenvolveu un informe anterior, publicado en 1996 co título *Cultura en cifras* (que a publicación de 2002 nomea no seu prólogo como «primeira edición»), no que tamén se fixo un labor similar. Trátase dunha recompilación e organización dos datos existentes en distintas bases de datos nunha publicación estatística. Aínda que sexa menos ambiciosa, é unha fonte documental estatística imprescindible para atopar estatísticas culturais de certa profundidade da primeira metade da década de 1990.



partir do século XXI e coas seguintes edicións do PEN, en especial coa idea de manter unha periodicidade e continuidade nas súas publicacións estatísticas. Exemplos disto son as publicacións periódicas, a partir de 2003, dos resultados da *Estadística de museos y colecciones museográficas de España* e tamén da *Encuesta de hábitos y prácticas culturales en España*.

O punto de inflexión, en canto á información estatística periódica e continuada no tempo, prodúcese a partir de 2005 coa edición anual do *Anuario de Estadísticas Culturales*. Recolle a metodoloxía de *Las cifras de la cultura en España* e establece uns indicadores a partir de datos culturais de moi distintas fontes, co obxectivo de «facilitar o coñecemento da situación e da evolución da cultura en España, o seu valor social e o seu carácter como fonte xeradora de riqueza e desenvolvemento económico na sociedade española». As máis de vinte fontes de información que se usan proceden de operacións estatísticas incluídas no PEN, con centos de indicadores que permiten valorar o fenómeno nunha contorna global, e a delimitación faise dentro do marco metodolóxico desenvolvido tanto por Eurostat como pola UNESCO, aínda que con incorporacións adicionais de fontes e datos.

A irrupción de Internet permite que moita da información presente nos anuarios tamén estea dispoñible na rede, con incorporacións paulatinas de información. A aparición de bases de datos como INEbase e CULTURABase, entre outras, serve de apoio e ofrece unha accesibilidade maior que a documentación escrita. Tamén irán xurdindo para consulta en liña distintos censos sobre equipamentos como os dos arquivos, artes escénicas etc., o que facilita a consulta e obtención de información cultural relevante, sen desbotar o traballo de dixitalización dalgunhas publicacións en papel do INE, do Ministerio de Cultura e doutros organismos similares.

#### **1.4. A información estatística cultural en Galicia**

As orixes do Instituto Galego de Estatística (IGE) remóntanse á Lei 9/1988, de estatística. O IGE é un organismo autónomo da Xunta de Galicia que ten a misión de promover o desenvolvemento do sistema estatístico da comunidade autónoma. Presta servizos de recompilación e difusión da in-

formación estatística dispoñible e tamén desenvolve bases de datos de interese público, fai análises de necesidades e evolución da demanda de estatísticas e asegura a difusión destas.

Aínda que o IGE desenvolve proxectos estatísticos específicos para Galicia, como por exemplo a Enquisa Estrutural a Fogares (EEF), a maior parte dos datos culturais que manexa para este territorio proceden do INE do Ministerio de Cultura y Deporte, así como tamén da Xunta de Galicia.

O CCG tamén presenta unha extensa traxectoria na publicación de informes estatísticos, dado que entre as súas competencias están as de «investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego» e «analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural galego, nas súas diversas facetas e niveis, atendendo á súa preservación, ao seu estudo, á súa valorización e á súa difusión». A medida que a institución vai dotándose de orzamento e persoal, comezan a xurdir os primeiros informes e análises estatísticas, como por exemplo *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1986), un estudo do sector editorial galego con datos estatísticos dende 1970.

A pesar de todo, haberá que agardar ata entrado o século XXI para que a institución estableza unha estratexia continuada de elaboración de informes estatísticos, especialmente a partir da creación do Observatorio da Cultura Galega en 2003. Nos anos seguintes increméntase a publicación de estudos e proxectos estatísticos propios (como, por exemplo, as distintas edicións do *Barómetro da cultura galega*), así como a explotación doutras fontes estatísticas para elaborar informes específicos para Galicia (*Anuario de estadísticas culturais*). Pódense citar exemplos como os documentos de traballo relacionados co emprego e as industrias culturais e creativas (a serie *Conxuntura estatística do ámbito cultural*) ou *Hábitos e prácticas culturais*, a explotación dos datos procedentes da enquisa de hábitos culturais do Ministerio de Cultura y Deporte, con informes periódicos sobre os indicadores específicos de Galicia en relación con España e a súa evolución no tempo.

### 1.5 Contidos do informe

En canto á estrutura deste informe, o seu contido artículase nunha descrición e un repaso histórico da orixe e evolución dos indicadores culturais e

.....

a recollida de datos estatísticos sobre cultura: como e cando xorde a necesidade de cuantificar esta realidade, como se foron construíndo os distintos estudos, que institucións participaron na recollida destes datos e indicadores, etc. Máis adiante analízanse tamén de forma esquemática as distintas fontes estatísticas en ámbitos concretos como museos, arquivos, hábitos e prácticas culturais, gasto público en cultura, emprego cultural, libro e edición, cine e audiovisual, artes escénicas e musicais, etc.

A partir deste punto o informe tenta establecer un marco de referencia e facer unha radiografía socioeconómica de España e Galicia e da súa evolución ao longo de corenta anos en diversos ámbitos, como o demográfico, o económico ou o educativo, entre outros. A configuración deste marco referencial permite contextualizar, analizar e comparar mellor os datos e indicadores culturais extraídos das diferentes fontes primarias e secundarias da década de 1980 respecto aos actuais.

Na parte central do informe analízanse os datos e indicadores estatísticos culturais que se poidan comparar entre 1980 e 2020. Para iso consultáronse diversas fontes e entidades.

Para completar algúns ocos nos datos, indicáronse as posibles diferenzas metodolóxicas nas estatísticas e sinaláronse os cambios e modificacións que se foron producindo na sociedade con respecto ao sector cultural, aos espazos e infraestruturas culturais, ao emprego e as industrias culturais e ao lecer e os hábitos de consumo cultural da cidadanía.

Por último, cómpre dicir que a diversidade metodolóxica na recollida de indicadores culturais ao longo destas catro décadas fixo imprescindible desenvolver labores concretos de adaptación, ponderación ou agregación de datos, co fin de xerar indicadores comparables cos existentes nos últimos informes estatísticos. Neste estudo sinálanse algúns dos máis relevantes.

A longo do informe o departamento responsable da área de cultura da Administración xeral denominárase Ministerio de Cultura de xeito xenérico, excepto naqueles casos en que se referencie no momento presente, nos que se utilizará o seu nome actual: Ministerio de Cultura y Deporte. Hai que ter en conta que o primeiro Ministerio de Cultura foi creado en 1977 baixo esa denominación, pero que ao longo dos anos experimentou

.....

varias modificacións na súa nomenclatura: Ministerio de Educación y Cultura (1996-2000); Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (2000-2004 e 2011-2018); Ministerio de Cultura (2004-2011), e Ministerio de Cultura y Deporte (dende 2018 ata a actualidade). Este mesmo criterio tamén se aplicou para os departamentos de cultura dependentes das administracións autonómicas e locais.

## **2. Contexto histórico, demográfico, económico e social**

Neste capítulo realízase unha descrición da evolución da sociedade galega nos últimos corenta anos, a partir dos diferentes indicadores e datos estatísticos dispoñibles, co obxectivo de contextualizar a evolución histórica, demográfica, económica, educativa e social da cidadanía, así como das súas condicións de vida durante ese período. Tamén se abordan cuestións relacionadas coas políticas culturais desenvolvidas tanto en Galicia como no conxunto do Estado.

### **2.1. Contexto histórico**

Pódense sinalar catro referencias históricas da década de 1980 que incidirán intensamente no ámbito cultural. A primeira constitúena os cambios políticos de principios da década que finalizan o proceso de transición da ditadura á democracia e que supoñen a modernización efectiva do país. En segundo lugar, hai que sinalar a recesión económica derivada das consecuencias das crises do petróleo da década de 1970, que afectou moi negativamente á España da transición. Provocou a destrución de numerosos postos de traballo; un crecente déficit público e un aumento da débeda do Estado; a expansión da economía somerxida, a reconversión industrial española, que adoecía dun deficiente desenvolvemento tecnolóxico no país, e unha elevada inflación, que durante a primeira metade da década de 1980 superou en varias ocasións o 10%. En terceiro lugar, cómpre citar o proceso de transferencia de competencias da Administración central ás autonomías, que alcanzou o seu máximo impacto entre 1980 e 1984. Por último, en 1986 España ingresa na Comunidade Económica Europea, o cal implica, entre outras consecuencias, o acceso á recepción de axudas, políticas de libre circulación ou reformas estruturais de grande importancia,

así como tamén tensións en sectores económicos primarios ou secundarios (o agrario ou gandeiro, o naval etc.).

## 2.2. Contexto demográfico

A segunda metade de 1970 pon o punto e final á época de crecemento demográfico iniciada a finais da década de 1950 (unha década despois que noutros países europeos), coñecida como *baby boom*, que é substituída por un proceso de baixada da natalidade e de estabilización demográfica, cunha extraordinaria diminución do saldo vexetativo. Estes efectos levaron consigo grandes mudanzas estruturais.


### Habitantes e peso demográfico nas provincias galegas (1983)

	Habitantes	% (España)
Total España	38.173.301	
Total Galicia	2.837.532	7,4
		% (Galicia)
A Coruña	1.102.949	38,9
Lugo	409.172	14,4
Ourense	434.142	15,3
Pontevedra	891.269	31,4

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

En 1983 as estatísticas recollen unha poboación que supera por primeira vez os 38 millóns de habitantes, cun crecemento anual sostido do 0,56% entre 1981 e 1986. O peso demográfico de Galicia é do 7,43% no ano 1983, cun crecemento sostido do 0,39% no mesmo período de tempo, o que indica o proceso de desaceleración do crecemento no que Galicia xa estaba sumida.

### Evolución do peso demográfico de Galicia con respecto a España e da poboación




Fonte: Instituto Nacional de Estadística

A evolución nos últimos corenta anos evidencia un crecemento negativo da poboación en Galicia e unha progresiva diminución do peso demográfico no conxunto de España, debido especialmente a unha perda neta de poboación residente nas provincias interiores (Lugo e Ourense) e a un estancamento da poboación nas provincias occidentais.

Xa en 1983, dos pouco máis de 31.000 nacementos en Galicia (6,56% do total de España), tres cuartas partes producíanse nas provincias da Coruña e de Pontevedra, mentres que das máis de 25.000 defuncións, as provincias de Ourense e Lugo aglutinaban case o 35%, cun saldo vexetativo negativo do 1,5% e do 1,9%, respectivamente.

Os datos de 2021 reflicten que a situación prosegue a súa tendencia decrecente en Galicia. Producíronse menos da metade de nacementos (14.787, o 4,38% do total de España e case o 80% nas provincias da Coruña e Pontevedra) e 32.853 defuncións (7,3% do total), se ben é certo que o conxunto do Estado está a sufrir dende 2015 un saldo vexetativo negativo, que en Galicia comezou a partir de 1986. En 2021 alcanzouse a cifra de -2,37 por cada 100.000 habitantes en España, mentres que Galicia triplica esa cifra negativa.

**Evolución da poboación galega de 0 a 4 anos e de 85 a 89 anos (2003-2021)**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística

Por outra banda, Galicia está sometida a un intenso proceso de envellecemento da súa poboación, especialmente dende 2014. O gráfico superior exemplifica este proceso coa evolución da cifra de menores de entre 0 e 4

anos e a de maiores de 85 a 89 anos. Por vez primeira, en 2021 hai en Galicia un maior número de persoas do segundo grupo citado (86.518) que do primeiro (case 85.000) e a tendencia indica unha acentuación deste proceso.

En 1983 había moi poucas persoas estranxeiras residentes en España: 226.470 (0,6% do total de poboación), na súa maior parte procedentes de Europa. No caso de Galicia, tan só había rexistradas 9.764 persoas estranxeiras (o 4,3% do total de España e o 0,4% con respecto á poboación galega).

Estas cifras, que estaban moi por debaixo doutros países europeos, foron crescendo lenta e progresivamente ata os anos 2000-2001, momento en que a taxa de crecemento é máis elevada. En 2021 alcanza a cifra de 5,58 millóns en España (11,7% do total da poboación), dos cales en Galicia hai inscritos no padrón 118.740 (o 2,2% do total de persoas estranxeiras residentes en España e o 4,4% con respecto á poboación galega). Os países de orixe desta poboación son moi variados: Marrocos, Romanía, Colombia, O Reino Unido, Italia, Venezuela, A China ou, máis actualmente, Ucraína, que aparece nas estatísticas debido á situación de guerra existente nese país.

En canto á emigración de retorno, debido á crise do país, en 1983 o número de persoas retornadas era case tres veces menor en comparación cos anos finais da década de 1970 (18.140 fronte a 52.724 en 1978). A maior parte eran persoas que viñan de Europa, aínda que a partir de 1983 si empeza a percibirse progresivamente a chegada de persoas retornadas de América, ata alcanzar un terzo do total das case 21.000 no ano 1993. Con todo, o cambio de tendencia completárase a partir do ano 2000, cando chegan a España tantas persoas retornadas de Europa como de América (20.700 e 21.000, respectivamente). Os últimos datos do ano 2021 indican que a cifra de poboación retornada está establecida en pouco máis de 19.700 persoas, máis da metade menores de 35 anos.

Por último, segundo as estatísticas de variacións residenciais, cómpre sinalar as mudanzas producidas na migración interior: máis de 360.000 movementos interprovinciais cara a España e preto de 16.000 cara a Galicia en 1983, cifras que en 2022 son de case 478.000 e 22.500 persoas, respectivamente. Ademais de aumentar este fenómeno, a súa ten-

dencia, inicialmente unidireccional, vai ir mudando en migracións pluridireccionais, non suxeitas a cuestións laborais ou económicas, senón que xorden por outros motivos como os educativos, residenciais, de retorno etc. Baixan tamén as migracións interiores de longo percorrido (interprovinciais e interrexionais), cun movemento moitas veces dentro da mesma provincia; este fenómeno está relacionado con cuestións como as aglomeracións urbanas, o aumento dos prezos da vivenda nos núcleos de poboación e o xurdimento de áreas metropolitanas.

### 2.3. Contexto económico

A denominada crise do petróleo entra tarde en España debido ao nivel de illamento no que se atopaba ata o último cuarto do século XX. A partir de 1975 prodúcese unha deterioración dos datos económicos, pero non é ata 1977 cando se acometen medidas para paliar a crise que, ademais, afectaba a un país con grandes diferenzas territoriais no nivel de vida da súa poboación.

Dese ano son os coñecidos Pactos da Moncloa<sup>10</sup>, que, entre outras medidas, impulsaron accións de mellora da estrutura económica para aumentar a competitividade, unha mellor distribución da renda por rexións, a renovación de infraestruturas (que estaban moi anticuadas), o aumento do gasto social, a mellora da eficiencia do sector público e do sistema impositivo, etc. Os Pactos da Moncloa contribuíron a reducir a inflación, pero o crecemento económico seguiu moderándose ata mediados da década de 1980.

En canto á estrutura económica, a agricultura vai perdendo peso no produto interior bruto de España e de Galicia en beneficio dos servizos (turismo e hostalaría principalmente), mentres que a industria perde peso relativo con perdas no seu valor engadido. Co fin de evitar esta situación, tómanse medidas de reconversión industrial na década de 1980, o que causa

---

<sup>10</sup> Presidencia del Gobierno (1977): *Los Pactos de la Moncloa. Texto completo del acuerdo económico y del acuerdo político*. Accesible en: <https://www.cervantesvirtual.com/downloadPdf/los-pactos-de-la-moncloa-texto-completo-del-acuerdo-economico-y-del-acuerdo-politico-madrid-8-27-octubre-1977-1047826>



enormes tensións en Galicia, especialmente no sector da construción naval. Por último, a constitución dun novo sistema de protección social (Lei de medidas urxentes de 1985) e a redistribución da renda permiten paliar parcialmente os efectos negativos das mudanzas que acomete o Estado.

No relativo á reorganización territorial, o desenvolvemento das competencias delegadas ás comunidades autónomas supón outro importante reto á hora de complementar políticas económicas. Para lograr este obxectivo, en 1980 promúlgase a Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA). Por último, a entrada de España na Comunidade Económica Europea en 1986 supón a apertura da economía española ao resto de Europa e do mundo, cun crecemento sostido que sofre os paróns das crises de 1993 e de 2008.

En 1983 están a producirse unha serie de cambios profundos na economía occidental que impactan de cheo nunha España en plena transformación e evolución dentro do contexto europeo e que, xa que logo, non pode escapar dos fluxos económicos mundiais. No seguinte cadro pódese ver a evolución dalgúns indicadores macroeconómicos que poden dar unha idea da situación en 1983 en comparación cos últimos datos recollidos.

#### Comparación histórica de diversos datos e indicadores macroeconómicos en España e Galicia

	1983		2023	
	España	Galicia	España	Galicia
Variación interanual do IPC (marzo de 1983 - marzo de 2023)	13,6%	12,8%	3,3%	3,4%
Euribor* (marzo de 1983 - marzo de 2023)	16,88%	n/a	3,65%	n/a
Produto interior bruto (M€) (1983-2021)	182.781	11.339 (6,2%)	1.206.842	63.230 (5,2%)
PIB per cápita (1983-2021)	4.778 €	3.998 € (83,7%)	25.500 €	23.475 € (92,1%)
PIB per cápita en termos de paridade de poder adquisitivo (PPA) Índice Europa = 100 (1983-2022)	72	62	88	67
Débeda total (M€) (1983-2022) (% PIB)	43.817 (30,4%)	s/d	1.502.543 (113,2%)	11.977 (17,2%)
Gasto en I+D (% PIB) (1983-2019)	0,46%	s/d	1,25%	s/d
Gasto en I+D do sector empresarial (% PIB) (1983-2019)	0,22%	s/d	0,61%	s/d
Construción de vivendas iniciadas en 1983 e 2022 (% Galicia-España)	226.908	14.826 (6,5%)	107.506	3.649 (3,4%)

Fonte: Elaboración propia a partir de Datosmacro.com (Diario *Expansión*) e do Instituto Nacional de Estadística

\* Equipáranse o Mibor e o Euribor

Cómpre sinalar que no ámbito do desenvolvemento, como o gasto en innovación, na década de 1980 España está moi por debaixo doutros países europeos como Alemaña (2,4%). A pesar de que se recortaron moitas distancias, en 2020 España aínda se sitúa na parte inferior da lista de países europeos en gasto de I+D.

Ata mediados da década de 1980, a práctica totalidade da produción agrícola e gandeira galega tiña como destino final de referencia o mercado español. A integración de España na Unión Europea a partir de 1986, coa conseguinte apertura das barreiras doutros mercados europeos e unha crecente liberalización, provoca unha tensión e unha crise no sector. Tamén se viu afectado polas sucesivas reformas da Política Agraria Común (PAC), entre outros factores<sup>11</sup>.

A crise do petróleo e a entrada de España no mercado económico europeo provocan unha serie de cambios que van desembocar nun aumento do paro (que era anecdótico ata ese momento) durante o período 1976-1986, que alcanza o 17,3% en marzo de 1983. En Galicia o proceso foi moito menos acusado, xa que nese mesmo mes o paro situouse no 9%.

#### Taxas de actividade, paro e emprego en España e Galicia por treitos de idade (1983)

	Taxas de actividade	Taxas de paro	Taxas de emprego
<i>España</i>	49,58	17,28	41,01
Menores de 25 anos	51,80	41,66	30,22
De 25 a 54 anos	63,67	11,56	56,31
De 55 e máis anos	23,69	6,71	22,10
<i>Galicia</i>	55,49	9,03	50,48
Menores de 25 anos	49,84	26,23	36,76
De 25 a 54 anos	71,50	6,98	66,51
De 55 e máis anos	33,88	1,62	33,34

Fonte: Instituto Nacional de Estadística

A evolución do dato de paro nas últimas catro décadas reflicte as diferentes crises que sufriu Europa neste período. O segundo pico de paro prodúcese en 1994, con case o 24,6% de persoas en situación de desemprego (21% en Galicia), e máis recentemente, en 2014, debido á crise financeira, que deixa a taxa de paro máis alta do rexistro histórico, con case o 27%

<sup>11</sup> Edelmiro López-Iglesias (2019): «El sector agrario y agroalimentario en Galicia; balance de las transformaciones desde la integración europea, 1986-2016», *Revista Galega de Economía*, 28, 3, 1-20.

.....

(23,2% en Galicia). Pola contra, o mellor dato nos últimos corenta anos dáse en 2007, cando o paro baixa do 8% tanto en España como en Galicia. En decembro de 2022, España contaba cun paro rexistrado do 12,9% e Galicia do 10,6%.

Con respecto a Europa, as cifras de paro comezaron a diverxer a partir de 1978, xa que a crise afectou ao ámbito laboral con máis forza que no resto de países da contorna. Así, en 2021 hai unha diferenza de 7 puntos porcentuais. Entre 1978 e 2021, a taxa media de paro na UE sitúase no 8,4%, mentres que en España é de practicamente o dobre (16,5%).


A partir da transición, e especialmente a partir da década de 1980, a muller incrementa de forma perceptible a súa presenza no mercado laboral. Este aumento relaciónase especialmente cunha maior porcentaxe de matrículas de mulleres nos estudos medios e superiores. Existen outras causas: o cambio de configuración familiar co aumento de familias monoparentais; as necesidades económicas familiares, xa que nos fogares comeza a ser insuficiente un único soldo; unha maior protección da muller con leis e medidas que proporcionan ferramentas de loita contra a discriminación; etc.<sup>12</sup>.

Na seguinte gráfica pódese ver o proceso da progresiva incorporación da muller a postos de traballo a partir dos datos da taxa de ocupación e da taxa de actividade por sexos. Os datos relativos a estas taxas parten de puntos moi afastados nos resultados de homes e mulleres na década de 1980 e vanse achegando pouco a pouco, sen chegar a converxer de forma definitiva.

#### **Taxa de actividade por sexos**

---

<sup>12</sup> Instituto Nacional de Estadística (2003): *La sociedad española tras 25 años de Constitución*.



Fonte: Instituto Nacional de Estadística


Por pñer algún exemplo, a taxa de actividade feminina era en 1981 do 27%, mentres que a dos homes superaba o 50%. En 2001 xa era do 40%, e en 2022, situouse no 53,7% a das mulleres e no 63,5% dos homes.

## 2.4. Contexto educativo

No período constitucional afróntase con solidez o avance definitivo cara á universalización da alfabetización e do acceso á educación da sociedade, especialmente en ámbitos de formación profesional e universitarios, cun importante crecemento na cifra de persoas matriculadas. A política educativa centrouse tamén en aumentar o número de prazas escolares e potenciar a incorporación da muller nos graos superiores.

Hai que recordar que, tanto en España como en Galicia, se produce unha situación de diminución drástica da natalidade. Xa que logo, para establecer unha comparativa axeitada, cómpre analizar as taxas de escolarización.

### Taxas de escolarización no sistema educativo por treitos de idades en España



.....

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e do *Anuario estadístico. Las cifras de la educación en España* (Ministerio de Educación e Formación Profesional)

O gráfico evidencia un cambio significativo. Pártese dunha situación en que a educación de menores de 5 anos era escasa e apenas chegaba ao 55% a partir dos 16 anos. No curso escolar 2001-2002 as cifras son semellantes ás actuais, pero obsérvase unha evolución substancial na escolarización postobligatoria universitaria e non universitaria: case o 74% das persoas de 19 anos están escolarizadas. Esta cifra aumenta ata o 79% no caso das mulleres, que tamén son as que elixen máis os estudos universitarios fronte aos non universitarios. No curso 2020-2021 Galicia conta con cifras superiores á media estatal no que corresponde a idades de escolarización postobligatoria: case o 98% dos menores de entre 16 e 17 anos e case o 83% das persoas de 18 anos.

Como consecuencia do proceso de escolarización, a alfabetización aumentou ata case chegar á totalidade da poboación: mentres que en 1981 a cifra global se achegaba ao 93,4% (91,8% no caso das mulleres), en 2018 sitúase no 98,5% (98% no caso das mulleres).

## **2.5. Contexto social e condicións de vida**


A sociedade galega afrontou nas últimas catro décadas diferentes cambios e retos que foron transformando a súa configuración. A un aumento da esperanza de vida e do envellecemento da poboación, xunto cun maior acceso á educación, seguiu, en consecuencia, un cambio no tamaño e composición das familias, que, debido a dificultades estruturais económicas, tamén afrontan obstáculos para conseguir os seus obxectivos vitais.

Por outra banda, a conquista de máis liberdades na sociedade e un maior acceso a actividades culturais e de lecer fan que xurdan novas formas de entretemento, maior diversidade de ideas e valores, así como novas formas de concibir o futuro.

A mellora das condicións de vida en toda Europa permite un aumento da esperanza de vida. Mentres que en 1978 a esperanza de vida se situaba nos 75 anos, no ano 2000 xa estaba preto dos 80. En 2021 a media nacional alcanza os 83,1 anos, mentres que en Galicia esa media aumenta ata os 83,4 anos (no caso das mulleres, ata os 86,3 anos).



### Evolución da taxa de mortalidade infantil en España e Galicia (1983-2021)




Fonte: Instituto Nacional de Estadística

Por outra banda, aínda que a taxa bruta de mortalidade en España e en Galicia aumenta debido ao maior envellecemento da poboación (entre 1983 e 2021 en España varía de 8 a 9,5 defuncións por cada 1.000 habitantes, mentres que en Galicia pasa de 9 a 12), a mortalidade infantil redúcese extraordinariamente, ata cinco veces menos que en 1983. Isto é debido a múltiples factores, entre os que destacan as condicións de vida e sanitarias, xa que as cifras de profesionais sanitarios por cada 1.000 habitantes —médicos, odontólogos, diplomados en enfermaría— se duplican entre 1978 e o ano 2000.

A pesar da capacidade de adaptación e da evolución das estruturas familiares ao longo da historia, entre a década de 1980 e a actualidade, a familia en España experimentou cambios moi relevantes, aínda que se mantiveron varios dos seus trazos característicos, xa que é unha das estruturas máis sólidas da sociedade civil española.

### Evolución da porcentaxe de fogares españois segundo o seu tamaño (1981-2022)



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte e Instituto Nacional de Estadística


Un dos cambios máis notables é a diminución do tamaño dos fogares. Nos últimos corenta anos, e tal como ocorre noutros países europeos, os núcleos familiares tenden a facerse máis pequenos debido á caída da natalidade e á redución da mortalidade infantil, así como á planificación familiar, aos que se lles unirán outros factores (económicos, laborais ou prestacións familiares). Así pois, a principios da década de 1980 a media de membros nos fogares superaba a cifra de 3,5, mais no cambio de século xa apenas supera a cifra de 2,8 e en 2022 a media sitúase en 2,5.

A principios dos anos oitenta do século XX acúsase un brusco descenso da fecundidade, unha vez finalizado o fenómeno do *baby boom*. Está determinado que o nivel óptimo de relevo xeracional se establece en 2,1 fillos por muller en idade fértil<sup>13</sup>, pero en 1981 España sitúase por debaixo desta taxa e descende rapidamente nos seguintes anos; xa en 1983 está en 1,8. En 1993 a cifra estabilízase en 1,3 fillos e actualmente continúa en parámetros similares (1,2 fillos por muller en 2021). En Galicia a situación é peor, coa cifra de 1,01 fillos por muller nese mesmo ano. Así mesmo, a taxa de fecundidade en España pasa de 53,6 nacementos por cada 1.000 mulleres en 1983 (49,4 en Galicia) a tan só 32,4 en 2021 (en Galicia 27,5).

<sup>13</sup> Aínda sendo arbitraria, a taxa de fecundidade de relevo estableceuse en 2,1. Esta cifra é o resultado do nivel de fecundidade que, sostido no tempo, produce un crecemento nulo da poboación baixo supostos de mortalidade constante e ausencia de migración.

De igual xeito, a idade media de maternidade aumenta: dos 28,4 anos en 1981 aos 30 anos a mediados da década de 1990. En 2021 a subida alcanza os 32,6 anos. Este incremento é consecuencia de numerosos factores, como o tempo dedicado aos estudos, as dificultades de acceso ao traballo, a inestabilidade laboral, as dificultades de acceso á vivenda, etc.

#### Evolución do número de matrimonios en España e Galicia (1983-2021)



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte e Instituto Nacional de Estadística

Por outra banda, a suma de varios factores económicos, sociais e culturais atrasou notablemente a idade de emancipación da xente nova e a idade para establecerse en parella, para contraer matrimonio ou para formar un núcleo familiar novo. No que respecta aos matrimonios, o seu número aumentou dos pouco máis de 190.000 en 1983 ata os 210.000 en 2003, para logo descender por debaixo dos 150.000 en 2021. Por outra banda, mentres que en 1983 tan só o 14% dos matrimonios eran civís, en 2019 esta cifra elevouse ata o 80%.

Por último, e co fin de poñer algúns exemplos sobre as mudanzas que sufriu a sociedade nos últimos corenta anos, pódense sinalar os seguintes aspectos relacionados con valores e ideoloxías da sociedade en España:

- En 1983, segundo os datos do Centro de Investigaciones Sociológicas (CIS), máis do 87% da poboación se identificaba como católica, cifra que en 2023 baixa ata o 53%.
- O matrimonio igualitario legalízase en 2005. En 2021, dos máis de 140.000 matrimonios, o 3,4% foi entre persoas do mesmo sexo.





- O CIS vén preguntando dende principios de 1980 polo posicionamento da ideoloxía política das persoas enquisadas. Dende ese momento ata 2023, as porcentaxes das posicións máis á esquerda e á dereita (puntuacións 1-2 e 9-10 no baremo de esquerda a dereita do 1 ao 10) cuadruplicáronse, o cal indica un aumento notable de afinidade. En 2021 as posicións cos partidos políticos que se sitúan máis á esquerda supoñen preto do 15% e as que se sitúan máis á dereita están preto do 5,5%.
- O interese da sociedade na política pasou do 21% en 1983 ata o 40% no ano 2020.
- Na serie histórica, as cifras de participación nas distintas eleccións situábanse entre o 70% e o 80%, se ben nos últimos anos está a percibirse unha tendencia á baixa.

## 2.6. Contexto cultural

A situación legislativa da cultura española a principios da década de 1980 caracterizábase pola existencia de diversas deficiencias, tanto en termos de inadecuación e obsolescencia como polos baleiros presentes en distintos ámbitos legislativos. Por outra parte, como consecuencia da herdanza da ditadura, a Administración atopábase obsoleta, cun peso laboral desproporcionado e cunha organización deficiente para o desempeño da actividade cultural. A isto sumábase unha carencia notoria de infraestruturas culturais de carácter público.

Neste contexto, no inicio da democracia, e especialmente a partir da segunda lexislatura, comézase a desenvolver novas políticas e actuacións culturais. Esa lexislatura está marcada por unha profunda recesión económica producida pola crise do petróleo, que afectou a todo Occidente e que empezou a superarse a partir de mediados desta década. Esta crise tivo tamén un impacto, aínda que de xeito menos pronunciado que noutros ámbitos económicos, nas estruturas industriais e comerciais da actividade privada da cultura que había no país, tanto na creación, produción ou distribución como no consumo de cine, libros, teatro, música etc.

Neste mesmo período o Estado está tamén sumido no proceso de transferencia de competencias en materia cultural ás autonomías, que comezara no Goberno da UCD en 1979 e que aínda se acabaría de completar

.....

en 1985. Este período de transición tivo certas dificultades e polémicas, especialmente en canto á xestión de elementos culturais e patrimoniais clave, o que provocou que se incumprise o calendario establecido pola Administración pública para as transferencias en materia de cultura, fixadas para o 1 de xullo de 1983. Nos primeiros meses de 1983 desaparecen practicamente todas as direccións provinciais do Ministerio de Cultura, pero, a pesar de que este ministerio fai efectivo o traspaso de funcións e servizos a finais de novembro de 1982, non é ata 1984 cando se suprime a súa Dirección Provincial tanto en Galicia como noutras once comunidades.

Nos dous primeiros anos de legislatura socialista, no Ministerio de Cultura lévanse a cabo diversas reunións para recoller información da situación en varios sectores e propoñer medidas axeitadas ás necesidades, aínda que despois desa primeira etapa non volverán organizarse este tipo de eventos. En decembro de 1983 tiveron lugar uns encontros de cultura, auspiciados polo Ministerio, co fin de dar voz ás demandas da sociedade, nos que participaron diversos sectores públicos culturais (comunidades autónomas, deputacións, concellos e axentes culturais de relevancia). Pouco antes, en xullo de 1983, o Ministerio tamén organizara unhas xornadas para o sector do libro, co fin de ampliar as axudas á creación literaria e de ter un primeiro contacto coa situación que estaba a vivir o ámbito editorial.

A subvención configurouse como un dos instrumentos básicos do Goberno central para o fomento da cultura, especialmente en sectores como o audiovisual, o libro ou as artes escénicas e musicais. Nesta época poténcianse as axudas á produción, as bolsas de estudos para mellorar a formación, os apoios ao sector privado, o incremento de dotacións orzamentarias, etc. Co traspaso de competencias ás autonomías, moitas destas axudas reserváronse naquel momento para aquelas actuacións que tivesen unha proxección internacional ou para a comunicación cultural entre distintas comunidades autónomas.

Todo ese esforzo reflíctese nos orzamentos xerais do Ministerio de Cultura, cuxo peso orzamentario con respecto ao gasto do Estado aumentou de forma moi perceptible, a pesar do forte incremento do índice de prezos ao consumo (IPC) nese lustro. Entre 1982 e 1985, as partidas orzamentarias no capítulo de investimentos (directos e a través de transferen-

.....

cias de capital) medraron ata case un 96% de media, proporción moi superior se se compara coa media de crecemento do preto dun 20% que tiveron o resto de ministerios para ese capítulo nese mesmo período. Os principais investimentos desa lexislatura dirixíronse a convenios de colaboración con outras administracións en materia de patrimonio histórico ou en materia de artes escénicas, obras no Museo Reina Sofía e no Museo do Prado, rehabilitación de teatros, ampliación de 22 bibliotecas públicas do Estado, construción de seis auditorios no territorio nacional (Plan Nacional de Auditorios), adquisición de obras de artes plásticas contemporáneas, etc.

En canto á política cultural en Galicia<sup>14</sup>, ata a chegada da transición democrática e da consolidación da autonomía, Galicia carecía case por completo de institucións que asumisen de xeito oficial a defensa da cultura galega. Xa que logo, a actividade cultural recaía fundamentalmente nalgúns actores públicos (as deputacións provinciais e institucións galegas como a Real Academia Galega, o Instituto da Lingua Galega etc.) e en actores privados, como as asociacións (especialmente as culturais, aínda que houbo moitas outras de carácter xeral que levaron o peso cultural de Galicia) e as escasas e precarias industrias culturais do país (editoriais como Galaxia ou Xerais, empresas como o Grupo Sargadelos, etc.).

Por unha banda, as deputacións eran unhas administracións con competencias culturais difusas e pouco concretas, e desempeñaron un papel bastante irregular, xa que estaban relacionadas, salvo excepcións, con eventos e iniciativas vencellados a festas tradicionais e folclore galego. Por outra banda, nin a traxectoria nin a acción da Real Academia Galega foron sempre estables, debido principalmente a cuestións orzamentarias, pero tamén políticas e organizativas. A pesar dalgunhas poucas iniciativas que co tempo se volveron exitosas, como a instauración do Día das Letras Galegas (1963), é a partir da presidencia de Domingo García-Sabell en 1977 cando a situación irá mudando e evolucionando progresivamente ata recuperar unha actividade cultural e lingüística relevante. En 1982, e de forma consensuada co Instituto da Lingua Galega, a RAG elabora as *Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega* e, en 1983, será recoñecida como

---

<sup>14</sup> Cf. Xesús Lage, Antón Losada e Marta Gómez (2012): «La política cultural en la comunidad autónoma gallega: de la dependencia a la autonomía», *RIPS*, 11, 3, 115-148. Tamén se consultaron os datos do informe inédito do Observatorio da Cultura Galega titulado *O sistema institucional da cultura en Galicia* (2007).

entidade normativizadora do galego mediante a Lei de normalización lingüística.

En canto ao sector asociativo, a década de 1980 supón a eclosión dun movemento cultural que empezara a xurdir nas dúas décadas anteriores (O Facho, O Eixo, a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, diversos cineclubs etc.). Estas entidades, a falta de institucións que desenvolvesen programación cultural en lingua galega, conseguiron levar a cabo unha serie de eventos, proxectos e programas relacionados co teatro, cinema, libros, conferencias etc. Tamén cómpre sinalar a existencia de entidades e institucións como os liceos, o Círculo de Artesáns, o Centro de Estudos Xacobeos, o Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) ou a Fundación Penzol, creada en 1963 como centro multidisciplinario de actividades artísticas, literarias e culturais, con arquivo e biblioteca. Todas estas entidades desempeñaron un importante papel no desenvolvemento de actividades culturais en Galicia, especialmente durante as décadas de 1980 e 1990.

Por último, no relativo ás industrias culturais cun papel relevante na cultura da Galicia preautonómica, cómpre sinalar a Editorial Galaxia, que nace en 1950 co obxectivo de reconstruír as institucións culturais destruídas coa chegada do franquismo, así como de manter vivas a cultura, a literatura e a lingua galegas, coa publicación tanto de obra en galego como de *Grial. Revista Galega de Cultura*. No que respecta a Edicións do Castro, creada polo Laboratorio de Formas, dentro do Grupo Sargadelos, foi unha institución que naceu en 1963 co obxectivo de recuperar a memoria histórica de Galicia, o estudo da realidade do momento e o espallamento científico das formas culturais e económicas de Galicia.

Coa implantación da autonomía, a primeira lexislatura do Parlamento de Galicia tivo como obxectivo prioritario construír as distintas estruturas e institucións culturais oficiais, cun compromiso claro por parte de todas as forzas políticas, que mesmo contaron con parlamentarios procedentes do ámbito cultural galego. A aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia en 1981 servía de base e punto de partida nesa construción cultural<sup>15</sup>. Houbo unha notable produción lexislativa para regular a política

---

<sup>15</sup> Os principios de defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego atópanse recollidos no artigo 32 do Estatuto de autonomía.

cultural autonómica. Entre 1981 e 1985, das corenta leis publicadas, cinco (12,5%) foron de carácter cultural e, destas, tres aprobáronse durante o ano 1983.

Aínda que a Xunta de Galicia nace oficialmente en 1981 como órgano de goberno autonómico, non é ata o 21 de marzo de 1983 cando, coa Lei 1/1983, se regula o funcionamento da Xunta e do seu presidente. A Consellería de Cultura<sup>16</sup> é o organismo da Xunta encargado de mellorar a difusión da cultura galega e preservar o inmenso patrimonio cultural. Ata o ano 1983 os traspasos das competencias en materia de cultura realizados pola Administración do Estado á Xunta de Galicia e á Consellería de Cultura foron os seguintes:

**Trasposos de competencias culturais da Administración do Estado a Galicia**

Real decreto	Competencias
1634/1980	Transferencias de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre outras, de cultura.
1706/1982	Consolidación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia na fase preautonómica.
2434/1982	Traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
3356/1983	Valoración definitiva, ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados e adaptación dos transferidos na fase preautonómica á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (2006)

En medio do proceso de transferencias en materia cultural por parte do Estado no que estaba sumida Galicia, a Xunta irá obtendo maiores competencias e, por exemplo, só no ano 1983 aprobará tres leis culturais de importancia. Unha delas é a Lei de normalización lingüística, que fora precedida pouco antes do Decreto de normativización da lingua galega. Tamén

<sup>16</sup> Este organismo, dende a súa creación, experimentou numerosos cambios na súa denominación e competencias, reflectidos na seguinte lista, xunto cos respectivos conselleiros (década de 1970 e 1980):

- De 1978 a 1979: Consellería de Educación e Cultura (Alejandrino Fernández Barreiro).
- De 1979 a 1983: Consellería de Cultura (Marino Dónega Rozas e Xosé Filgueira Valverde).
- De 1983 a 1985: Consellería de Educación (Manuel Vázquez Portomeñe).
- De 1985 a 1987: Consellería de Cultura e Benestar Social (Alejandrino Fernández Barreiro).
- De 1987 a 1990: Consellería de Cultura e Deportes (Alfredo Conde Cid).

se aproba a Lei de fundacións de interese galego e a Lei de creación do Consello da Cultura Galega. Durante este ano obsérvase un esforzo por temas relacionados co patrimonio, a lingua, o libro e as bibliotecas, así como tamén na promoción cultural e artística (premios, subvencións etc.), tal e como se pode ver na listaxe que aparece a continuación, na que se recollen algúns dos regulamentos publicados no *Diario Oficial de Galicia* no ano 1983 que teñen relación directa coa cultura:

**Regulamentos relacionados con cultura publicados no DOG en 1983**

Tipo de regulamento ou ámbito	Descrición
Leis	Lei de normalización lingüística
	Lei de fundacións de interese galego
	Lei do Consello da Cultura Galega
Cargos e comisións	Dirección Xeral de Patrimonio Arqueolóxico e Histórico, Subdirección Xeral de Patrimonio Artístico e Monumentos e Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural
	Dirección Xeral de Cultura e Lingua Galega (nese mesmo ano pasará a ser Dirección Xeral de Cultura) e Subdirección Xeral de Promoción Cultural (nese mesmo ano pasará a ser Subdirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural)
	Dirección Xeral de Bibliotecas e Patrimonio Documental e Subdirección Xeral de Patrimonio Cultural e Bibliotecas (tamén Subdirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio Documental)
	Dirección Xeral de Política Lingüística
	Secretaría Xeral Técnica da Consellería
	Comisión de Patrimonio Artístico, Arqueolóxico e Histórico Comisión Técnica de Arqueoloxía
Infraestruturas, subvencións e premios	Declaración do barrio da Magdalena de Ferrol como conxunto histórico artístico
	Creación de bibliotecas públicas (Ribadumia, O Irixo, Becerreá, Cambre, Muxía, Somozas, Mañón, Santa Comba, Arteixo)
	Axudas a entidades e centros de carácter artístico e cultural
	Premio a artigos xornalísticos sobre artesanía en galego
	Premio Álvaro Cunqueiro de Literatura Galega, Premios Mestre Mateo de Artes e Premio Padre Sarmiento de Investigación
	Bolsas para persoas licenciadas en paro para catalogación arqueolóxica e histórico-artística
Lingua galega	Ordes de convocatorias de encontros xuvenís de teatro clásico, polifónica
	Aprobación do Decreto sobre a normativización da lingua galega



Cursos de lingua e cultura galegas para distintas escalas de funcionarios e para profesionais de medios

Fonte: Elaboración propia a partir do *Diario Oficial de Galicia*

### 3. Hábitos e equipamentos culturais no fogar

As fontes estatísticas que recollen de xeito indirecto información tanto de equipamentos como de hábitos e prácticas culturais e de lecer dos fogares e da cidadanía empezan a publicarse a partir de mediados do século xx e proceden de informes estatísticos oficiais (INE, Ministerio de Cultura y Deporte) incluídos en estudos máis xerais que abordan temas como a economía dos fogares e equipamentos xerais, de enquisas familiares e tamén doutros estudos e fontes estatísticas, como por exemplo os do Centro de Investigaciones Sociológicas (CIS), os do Centro de Investigaciones de la Realidad Social (CIRES) ou os da Sociedad General de Autores y Editores (SGAE).

O primeiro antecedente histórico que se atopa para medir hábitos culturais é a *Encuesta de hábitos de lectura: metodología y análisis de los resultados* (1976), elaborada polo INE no segundo trimestre de 1974<sup>17</sup>. Pola súa banda, a primeira análise estatística integral sobre equipamentos e hábitos culturais é *La demanda cultural de los españoles* (1978), realizada pola Secretaría General Técnica do Ministerio de Cultura. Neste informe delimitouse o campo cultural mediante diversas funcións relativas á creación, conservación, edición ou difusión de obras e produtos culturais, que se aplicaban ás diferentes expresións culturais (literaria, musical, plástica, escénica).

O seguinte informe do Ministerio de Cultura y Deporte sae do prelo en 1986, con datos de 1985, baixo o título *Encuesta del comportamiento cultural de los españoles*. Trátase dun extenso traballo de gran relevancia e valor informativo, cuxa finalidade era contar cunha ferramenta eficaz para as persoas responsables da cultura que tiñan como función perfilar as políticas culturais da Administración xeral do Estado e das distintas comunida-

<sup>17</sup> Ata principios do século XXI non se publicarán investigacións periódicas sobre o ámbito específico da lectura.

des autónomas. Nos seguintes anos fóronse publicando informes con resultados específicos máis detallados de cada comunidade autónoma e é en 1987 cando sae o referido a Galicia.

En 1990 o Ministerio de Cultura elabora outro informe estatístico que se publicará en 1991 como primeiro número da colección denominada Datos Culturales. Co título *Equipamientos, prácticas y consumo cultural de los españoles*, o informe recolle algúns indicadores de interese, pero non afonda nos resultados ao mesmo nivel que a publicación de 1985, sobre todo cando se trata de información referida ás comunidades autónomas.

Durante a década de 1990 prodúcese un baleiro documental de recollida estatística no relativo a equipamentos e prácticas culturais da cidadanía, en parte cuberto polas informacións parciais que se recollen noutras fontes estatísticas, como por exemplo as do INE (enquisa de orzamentos familiares), o barómetro do CIS ou os informes do CIRES, que en 1994 recollen información sobre hábitos, equipamentos e consumos culturais nun informe titulado *La cultura como consumo*<sup>18</sup>.

En 1998 a SGAE, a través da Fundación Autor, publica o seu informe sobre hábitos de consumo cultural, aínda que esta publicación non recolle información sobre os equipamentos culturais dos fogares. En 2003 a SGAE e o Ministerio de Cultura colaboran na creación da primeira edición da serie *Encuesta de hábitos y prácticas culturales en España*, que recolle datos do ano 2002. Esta serie ten unha periodicidade cuadrienal e publícase en 2007, 2011, 2015 e 2019. A última publicación, de 2022, recolle datos de 2021.

Por último, cómpre indicar que a partir do ano 2008 o Consello da Cultura Galega realiza unha explotación dos datos estatísticos procedentes das enquisas de hábitos culturais do Ministerio e da Enquisa Estrutural a Fogares do IGE para elaborar distintos informes sobre a evolución dos indicadores específicos de Galicia en comparación con España e a súa evolución temporal, co obxectivo de servir de ferramenta de consulta a investigadores, xestores culturais, políticos e cidadanía en xeral.

---

<sup>18</sup> Os resultados desta enquisa alimentan a información reflectida na publicación *Cultura en cifras* (1996) do Ministerio de Cultura y Deporte para o referido a equipamentos e hábitos culturais, debido á inexistencia doutras fontes para ese período.



### 3.1. Hábitos e prácticas culturais

A recollida de prácticas e hábitos culturais da cidadanía nas diferentes enquisas foi modificando máis a súa metodoloxía de recollida que os indicadores relacionados cos equipamentos dos fogares, xa que existen moitas variables que modifican o proceso de recollida de indicadores ao longo do tempo e enfoques diferentes (nivel, afección ou práctica, grao de interese, necesidades, causas de desafección, rangos temporais...). Moitos dos indicadores da enquisa de 1985 permiten unha comparación equivalente ou completa cos últimos informes do Ministerio de Cultura y Deporte, pero nalgúns casos tiveron que realizarse modificacións nas magnitudes das unidades e cálculos estimativos co fin de poder ter datos comparables cos informes actuais.

#### 3.1.1. Hábitos e prácticas relacionados coa lectura

Na enquisa do Ministerio de Cultura y Deporte de 1985 preguntáseles ás persoas maiores de catorce anos por diversas prácticas e hábitos de lectura nos últimos tres meses. Co fin de procurar o máximo grao de comparación con 2021, escolléronse algúns datos que permitisen establecer unha análise con perspectiva. Nas enquisas posteriores a idade mínima para responder a enquisa é de quince anos e hai algunhas preguntas na enquisa de 1985 que se realizaron a persoas a partir dos seis anos, pero o resto de cuestións permiten establecer un marco comparativo axeitado.

#### **Indicadores de hábitos e prácticas relacionados coa lectura en España e Galicia**

<b>1985</b>		
Persoas de catorce ou máis anos que nos últimos tres meses...	España	Galicia
<i>Leron libros</i>	46,0%	37,0%
Media de minutos diarios dedicados á lectura	27,7	25,2
Grao medio de afección lectora (0-10)	--	4,2
<i>Leron prensa</i>	61,0%	64,0%
Media de minutos diarios dedicados á prensa	19,0	20,5
Grao medio de afección pola prensa (0-10)	--	5,1
<i>Leron revistas</i>	57,0%	51,0%
Media de minutos diarios dedicados ás revistas	27,3	22,6
<i>Foron á biblioteca</i>	10,0%	9,0%
<i>Foron a arquivos</i>	1,0%	1,0%
<i>Escribiron (maiores de seis anos)</i>	4,0%	1,0%
<b>2021</b>		
Persoas de quince ou máis anos que nos últimos tres meses...	España	Galicia



<i>Leron libros</i>		52,4%	55,5%
Media de minutos diarios dedicados á lectura		136,7	127,4
Grao medio de interese pola lectura (0- 10)		6,5	6,2
<i>Leron prensa</i>		66,5%	78,3%
Media de minutos diarios dedicados á prensa			
Grao medio de interese pola prensa (0-10)		5,3	5,7
<i>Leron revistas (polo menos unha vez ao mes)</i>		21,2%	32,5%
Media de minutos diarios dedicados ás revistas		--	--
<i>Foron á biblioteca fisicamente ou por Internet</i>	2018-2019	26,8%	26,7%
	2020-2021	12,6%	16,0%
<i>Foron a arquivos (no último ano)</i>	2018-2019	7,1%	7,8%
<i>Escribiron (no último ano)</i>		6,4%	7,8%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

Agás na lectura de prensa diaria, que en Galicia se sitúa en todos os resultados por riba da media, no resto de indicadores (hábito e tempo de lectura) a comunidade autónoma atópase nun nivel sensiblemente inferior á media española. En 1985 a lectura de libros en Galicia difire en 9 puntos porcentuais da media de hábito lector de España, e algo menos na lectura de revistas (6 puntos). No caso da asistencia a bibliotecas, as cifras de mediados dos oitenta do século XX son baixas (10% no conxunto de España e 9% en Galicia). Algo similar sucede co hábito de escribir.

A situación na Galicia de 2021 é diferente, xa que se supera a media estatal en todos os indicadores de hábitos lectores agás no tempo dedicado á lectura (que é un 7% inferior ao resto de España). A lectura de libros sitúase no 55,5% (3,1 puntos por riba da media estatal e case 20 puntos máis que en 1985); a lectura de prensa, co 78,3%, amplía a súa diferenza ata os 11,8 puntos con respecto a España e 14 puntos máis que en 1985; por último, a lectura de revistas en Galicia en 2021 é 11,3 puntos superior á media estatal.

Os hábitos que máis creceron con respecto a 1985, e tamén en comparación coa media de España, son a asistencia ás bibliotecas e o hábito de escritura. En Galicia, a asistencia a bibliotecas practicamente triplica a súa porcentaxe, xa que aumenta case 18 puntos (do 9% ao 26,7%), mentres que en España pasa do 10% ao 26,8%<sup>19</sup>. No caso do hábito de escribir, Galicia alcanza o 7,8%, 1,4 puntos por riba da media estatal.

<sup>19</sup> Para establecer unha comparación axeitada escolleuse o ano 2018-2019, xa que no ano 2020 (tamén indicado no cadro entre parénteses) as limitacións de acceso a diversos espazos por mor da crise sanitaria da COVID-19 tiveron efectos negativos nos resultados das enquisas. Tamén hai que ter en conta que a cifra de 2018-2019 recolle tanto a presenza

Elaborar unha gráfica coa evolución dos hábitos lectores resulta pouco efectivo, xa que os datos de 1990 e os de 1998 teñen moitas diferenzas de sistematización e non recollen, en moitos casos, datos sobre Galicia. Poden compararse os datos a partir dos resultados de 2002 en adiante, pero esa comparativa pode consultarse no informe específico de hábitos e prácticas culturais elaborado en 2023 polo Consello da Cultura Galega<sup>20</sup>.

Por último, aínda que na enquisa de 1985 non se consulta, en 1990 o informe *Equipamientos, prácticas y consumos culturales* pregúntalle a cidadanía sobre a compra de libros durante o último ano. Nese momento, as cifras inciden no feito de que Galicia se atopaba por debaixo da media, cun 40%, fronte a un 48% do conxunto do Estado. Os datos de 2021 volven reflectir o escenario contrario. Mentres en España a porcentaxe de persoas que mercaron libros o último ano diminuíu ata un 36,4% (case 12 puntos menos), en Galicia o aumento foi de tan só 2 puntos, pero sitúase case 6 puntos por riba da media, cun 42%.


No seguinte gráfico aparecen os datos referidos á evolución, entre 1990 e 2021, da compra de libros no último trimestre e no último ano segundo se recollen nos diferentes informes. A tendencia indica unha lixeira diminución gradual na compra anual. Porén, a tendencia de compra no espazo temporal «último trimestre» aumentou, especialmente nos datos referidos a Galicia.

#### **Evolución na compra de libros en España e Galicia (1990-2021)**

---

física como por Internet. Se só se conta a presenza física, as cifras serían do 23,0% para España e do 22,8% para Galicia.

<sup>20</sup> Consello da Cultura Galega (2023): *Hábitos e prácticas culturais*. Dispoñible en: [http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2023\\_Habitos-e-practicas-culturais.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2023_Habitos-e-practicas-culturais.pdf)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e da SGAE

### 3.1.2. Hábitos e prácticas relacionados coa música

En canto ao hábito de escoitar música, obsérvase a mesma tendencia que na análise doutros hábitos. En 1985 as cifras e porcentaxes en Galicia son inferiores ás do conxunto de España en todos os indicadores, agás na asistencia a concertos, que é idéntica. En 2021 as cifras correspondentes a Galicia están por riba da media estatal en case todos os casos.

#### Indicadores de hábitos e prácticas relacionados coa lectura en España e Galicia

1985

Persoas de catorce ou máis anos que nos últimos tres meses...

	España	Galicia
<i>Escoitaron música (non en vivo)</i>	78,0%	74,0%
Media de minutos diarios dedicados a escoitar música	39,3	39,0
Grao de interese pola expresión musical (xeral)	--	4,9
<i>Asistiron a concertos ou recitais</i>	13,0%	13,0%



<i>Tocaron instrumentos musicais</i>	6,0%	5,0%
2021		
Persoas de quince ou máis anos que nos últimos tres meses...	España	Galicia
<i>Escoitaron música (non en vivo)</i>	85,0%	89,4%
Media de minutos diarios dedicados a escoitar música	--	--
Grao de interese por escoitar música (0-10)	7,8	7,6
<i>Asistiron a concertos ou recitais</i>	2018-2019	18,9%
	2021-2022	7,0%
<i>Tocaron instrumentos musicais (último ano)</i>	6,5%	8,7%


Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

En Galicia a porcentaxe de persoas que teñen o hábito de escoitar música creceu en máis de 15 puntos nos últimos corenta anos e pasou do 74% ao 89,4%. A subida no conxunto do Estado é só da metade (do 78% ao 85%) e sitúase 4,4 puntos por debaixo de Galicia. Adicionalmente, o grao de interese pola música pasou en Galicia dunha media de 4,9 puntos ata os 7,6.

Para facer a comparativa de asistencia a concertos é necesario acudir a datos de 2018, xa que os de 2021 están afectados pola crise da COVID-19, cunha asistencia por debaixo da metade do habitual para o histórico de estatísticas. Do 13% de persoas que asistiu a concertos no último trimestre en España e Galicia en 1985 pasouse ao 16% no caso da media estatal e a case o 19% en Galicia, o que supón proporcionalmente un incremento do 45%.

Por último, tamén se poden ver no cadro os datos sobre a interpretación de música con instrumentos musicais. Aínda que non son totalmente comparables, a tendencia é a de manterse nunha pequena proporción da poboación, sen cambios significativos nas últimas catro décadas.

### **Evolución na compra de música no último ano en España e Galicia**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e da SGAE

A enquisa de 1985 do Ministerio de Cultura y Deporte non ofrece datos sobre a compra de música e a de 1990 só proporciona datos estatais, pero pode percibirse que en 1998 a compra de música en España e en Galicia acadaba cifras máximas. Nese momento, algo máis da metade da poboación enquisada declara que comprou música polo menos unha vez no último ano. As cifras son lixeiramente máis baixas en 2002 e sofren un importante descenso entre 2002 e 2010. En apenas oito anos o descenso supera os 30 puntos porcentuais e o dato queda por debaixo do 20%. Ata 2021 esta caída segue sendo unha constante, aínda que máis suavizada, especialmente en Galicia. Na actualidade, só o 5% da poboación merca música (case o 8% na nosa comunidade).

### 3.1.3. Hábitos e prácticas relacionados co audiovisual

A información dispoñible sobre este apartado é algo máis limitada e tampouco resulta de fácil comparación cos datos máis recentes pola forma en que mudou o consumo de produtos audiovisuais. Aínda así, poden analizarse os indicadores presentes no seguinte cadro.

#### Indicadores de hábitos e prácticas relacionados co audiovisual en España e Galicia

1985		
Persoas de catorce ou máis anos que nos últimos tres meses...	España	Galicia
<i>Foron ao cine</i>	37,0%	29,0%
Media de veces que foron ao cine	7,5	8,4
Grao de afección polo cine (0-10)	--	4,8
<i>Viron cine por televisión</i>	92,0%	86,0%
Media de horas semanais	4,3	4,2
<i>Practicaron fotografía</i>	12,0%	15,0%
<i>Fogares que mercaron cintas de vídeo gravadas (últimos 12 meses - 1990)</i>	6,0%	--
2018		
Persoas de quince ou máis anos que nos últimos tres meses...	España	Galicia
<i>Foron ao cine (2021-2022)</i>	40,2% (18,4%)	28,4% (14,2%)
Media de veces que foron ao cine (2021/2022)	2,8 (2,3)	2,8 (2,3)
Grao de interese polo cine (0-10)	6,9	6,1
<i>Viron películas (en calquera soporte – 2021-2022)</i>	75,7%	66,9%
Media de horas semanais (total de vídeos)	8,2	8,9
<i>Practicaron fotografía (últimos 12 meses)</i>	28,8%	29,7%
<i>Mercaron vídeos (últimos 12 meses – 2021-2022)</i>	6,3%	5,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

En 1985 era común acudir máis a miúdo ao cine, cunha distribución porcentual semellante de persoas asistentes a espectáculos cinematográficos nun trimestre tanto en España como en Galicia. Tal e como se desprende dos resultados da enquisa do Ministerio de Cultura y Deporte, practicamente tres de cada dez persoas en Galicia acudían ao cine polo menos unha vez cada trimestre (37% no conxunto do Estado) e a media entre as que asistían era de 8,4 veces ao trimestre (unha vez cada once días). O 49% da poboación era afeccionada ao cine e case o 10% moi afeccionada, cun grao de interese de 4,8 puntos.


Na actualidade<sup>21</sup>, con practicamente a mesma porcentaxe de asistencia no caso de Galicia (o 28,4%), mentres que para o conxunto de España subiu 3 puntos ata superar o 40%, o número medio de veces que se acode nun trimestre sitúase en 2,8 (algo menos dunha vez ao mes), exactamente tres veces menos que hai catro décadas.

<sup>21</sup> Aínda que se indican tamén os datos de 2021 no cadro, para os efectos comparativos escolleuse o ano 2018 para evitar o desequilibrio estatístico provocado pola COVID-19.

Por outra banda, en 1985 a maior parte dos fogares que tiñan televisor consumían películas no período dun trimestre (92% en España e 86% en Galicia, 4 puntos por debaixo con respecto á presenza de televisores nos fogares). O tempo de consumo era similar, algo máis de catro horas semanais. En cambio, en 2021 o tempo de consumo xa supón o dobre de horas, se ben a porcentaxe de persoas que viron películas en calquera soporte descendeu ao 76% no caso de España e ao 67% para as persoas enquisadas en Galicia.

No que respecta á compra de vídeos, en 1990 o 10% dos fogares mercou cintas de vídeo gravadas sen especificar o xénero. Nese momento en España o 42% da poboación tiña reprodutores de VHS (31% en Galicia).

#### Evolución na porcentaxe de compra de vídeos no último ano en España e Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e da SGAE

Se se analiza o gráfico pode verse que a compra de vídeos nunca estivo demasiado estendida entre a cidadanía, en parte pola existencia dun importante negocio de alugueiro audiovisual doméstico<sup>22</sup>. Así, entre 1990 e 2010

<sup>22</sup> En 2002, unha de cada catro persoas alugaba vídeos polo menos unha vez ao trimestre, dato que reflicte a importancia da comercialización de películas de alugueiro a principios do século XXI. Este tipo de negocio tamén sufriu un rápido declive: en 2014 a porcentaxe descendeu ata o 7% e desapareceu practicamente por completo nas enquisas de 2018 e 2021 (0,5%).



as compras anuais de vídeos situábanse nunha franxa do 10% ao 20%, e é en 2006 cando se recolle a porcentaxe máis elevada en España de persoas que mercan vídeos (19,8%). A partir dese ano iníciase un rápido declive na porcentaxe, que en Galicia tardará un pouco máis en notarse. Agudizarase a partir de 2014, xa que pasou en catro anos do 12,2% ao 5,1% no conxunto do Estado e do 9,1% ao 3,6% no caso de Galicia. En 2021 a compra de vídeos, tanto en España como en Galicia, sobe levemente (1,2 puntos e 1,6 puntos respectivamente).

### 3.1.4. Hábitos e prácticas relacionados con outras artes

Como xa pasou con outras prácticas culturais, no cadro comparativo tó-mase como referencia máis recente no tempo o período 2018-2019 para evitar as diferenzas estatísticas provocadas pola COVID-19.

#### Indicadores de hábitos e prácticas relacionados con outras artes en España e Galicia

1985

Persoas de catorce ou máis anos que nos últimos tres meses...

	España	Galicia
<i>Asistiron ao teatro</i>	16,0%	11,0%
Grao de afección polo teatro (0-10)	--	2,7
<i>Practicaron artes plásticas (pintura, debuxo...)</i>	6,0%	5,0%
Media de horas semanais	2,9	3,2
<i>Visitaron museos ou exposicións</i>	20,0%	13,0%
Media de visitas por trimestre	5,4	5,0
<i>Asistiron a ballet/danza</i>	11,8%	7,0%
Viron danza pola televisión ( <i>maiores de seis anos</i> )	30,0%	27,0%
Practicaron ballet/danza ( <i>maiores de seis anos</i> )	4,0%	2,0%

2018

Persoas de quince ou máis anos que nos últimos tres meses...

	España	Galicia
<i>Asistiron ao teatro</i>	13,2%	9,6%
(2021-2022)	(5,4%)	(4,3%)
Grao de interese polo teatro (0-10)	5,7	5,0
<i>Practicaron artes plásticas (pintura e debuxo – último ano)</i>	16,1%	15,6%
Media de horas semanais	--	--
<i>Visitaron museos ou exposicións</i>	20,0%	18,2%
(2020-2021)	(11,6%)	(11,5%)
Media de visitas por trimestre	2,5	2,5
<i>Visitaron exposicións (último ano)</i>	29,8%	30,8%
<i>Asistiron a ballet/danza</i>	3,0%	2,6%
Viron outras artes escénicas por televisión	1,2%	--
Practicaron ballet/danza ( <i>último ano</i> )	6,2%	6,3%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

Polo xeral, as actividades relacionadas cos hábitos e prácticas de artes escénicas, artes do movemento e artes plásticas sufriron unha diminución significativa entre a cidadanía, se se comparan os datos de 1985 cos de 2018, e a intensidade da práctica tamén se viu reducida, xa que nos museos as visitas trimestrais en 2018 baixan á metade con respecto á cifra de 1985. Non obstante, hai que ter en consideración as diversas metodoloxías e as diferenzas de termos empregados, en especial en porcentaxes tan pequenas. Por outra banda, no informe do Consello da Cultura Galega de 2023 *Hábitos e prácticas culturais* apréciase, agás nos datos correspondentes ao ano 2020-2021 debido á COVID-19, unha evolución positiva, lenta pero constante, na totalidade dos indicadores amosados no cadro entre as cifras de 2010 e as de 2018.

### 3.1.5. Hábitos e prácticas relacionados co tempo de lecer

Para este último cadro, as dificultades á hora de establecer unha comparativa son moitas, basicamente polos cambios nos indicadores, que impiden atopar datos comparables agás nun par de exemplos.

#### Indicadores de hábitos e prácticas relacionados co lecer en España e Galicia

1985		
Persoas de catorce ou máis anos que nos últimos tres meses...	España	Galicia
<i>Bailaron</i>	27,0%	30,0%
Media de veces por trimestre	--	15,4
<i>Realizaron prácticas de lecer ao aire libre</i>	60,0%	45,0%
Media de veces por trimestre	22,2	22,4
Grao de afección polas prácticas de lecer ao aire libre (0-10)	--	4,3
<i>Foron a festas populares, relixiosas etc. (poboación de seis ou máis anos)</i>	56,0%	61,0%
<i>Visitaron monumentos / zonas arqueolóxicas (poboación de seis ou máis anos)</i>	15,0%	10,0%
2018		
Persoas de catorce ou máis anos que nos últimos tres meses...	España	Galicia
<i>Bailaron</i>	--	--
Media de veces por trimestre	--	--
<i>Realizaron prácticas de lecer ao aire libre</i>	--	--
Media de veces por trimestre	--	--
Grao de afección polas prácticas de lecer ao aire libre	--	--
<i>Foron a festas populares (último ano)</i>	57,0%	64,5%
<i>(2021-2022)</i>	(6,6%)	(11,4%)
<i>Visitaron monumentos / zonas arqueolóxicas (último ano)</i>	50,8%	50,5%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

O único dato que permite unha comparación parcial é a asistencia a festas populares, que máis ou menos se mantén nunha proporción similar se non se teñen en conta os resultados de 2021, xa que durante case todo 2020 e parte de 2021 as festividades foron canceladas. Ademais, hai que ter en conta a visita a monumentos e zonas arqueolóxicas, que, debido a cambios metodolóxicos e de franxas temporais, pasa de ser unha práctica minoritaria (10%-15%) a converterse nunha práctica habitual para a metade da poboación en España e Galicia.

### 3.2. Equipamentos culturais no fogar

Neste capítulo describíense algúns datos relacionados coa dispoñibilidade nos fogares galegos de equipamentos relacionados coa lectura, a música, o audiovisual ou as novas tecnoloxías, se ben os primeiros indicadores dese apartado non aparecen publicados por primeira vez ata o ano 1991.

#### 3.2.1. Libros no fogar e número medio de libros

Un dos indicadores que se veñen medindo de forma constante, aínda que con algúns cambios metodolóxicos, ao longo destes últimos catro anos é a presenza de libros no fogar. En 1985, a porcentaxe de fogares galegos que dispoñían de libros era do 63%. En 2021 a cifra achégase ao 92% do total. Tamén aumenta o número medio de libros no fogar, xa que pasa de 75 a 214 (un aumento do 186%), e a porcentaxe de fogares con máis de 100 libros pasa do 12% en 1985 ao 34,6% en 2021.

#### Presenza de libros nos fogares de España e Galicia e a súa distribución (1985 e 2021)<sup>23</sup>

	1985	2021
<i>España</i>		
Total dispoñen	80,0%	88,5%
Ata 25	9,0%	21,0%
De 26 a 100	48,0%	39,5%
De 101 a 200	14,0%	12,8%
Máis de 200	9,0%	15,3%
Media de libros por fogar	108	194,2


<sup>23</sup> Co fin de establecer unha comparativa axeitada, sumáronse franxas de variables sobre o número de libros nos resultados de 1985 e 2021. Por outra parte, a distribución de porcentaxes do número de libros en 1985 para España é estimada, xa que só se menciona parcialmente na descrición do informe.



Galicia		
Total dispoñen	63,0%	91,8%
Ata 25	25,0%	17,7%
De 26 a 100	26,0%	39,6%
De 101 a 200	7,0%	15,1%
Máis de 200	5,0%	19,5%
Media de libros por fogar	75	214,6

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

O gráfico seguinte amosa a evolución dos indicadores de porcentaxe de fogares con libros e número medio de libros. Debido a que as fontes estatísticas do século XX non seguen unha periodicidade, foi necesario acudir a outras recollidas estatísticas. Neste caso, para a información de Galicia de 1994 houbo que achegarse aos datos brutos dispoñibles na rede da enquisa do CIRES *La cultura como consumo*<sup>24</sup> e que o Ministerio utilizou para *Cultura en cifras*. Nin o informe do Ministerio de 1994 nin a publicación da SGAE de 1998 desagregan os datos por comunidades autónomas, polo que non se pode completar a gráfica para Galicia.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte, do CIRES e da SGAE

<sup>24</sup> A cifra que aparece no gráfico debe ser considerada con cautela, debido a que o universo da enquisa do CIRES era de 1.200 persoas para o conxunto de España e de menos de 100 para Galicia. A información foi extraída a partir do tratamento do ficheiro de datos da enquisa contido no web de ASEP: [www.asep-sa.es](http://www.asep-sa.es)

Se se teñen en conta estas cuestións metodolóxicas, os datos indican que Galicia parte en 1985 dunha situación moi atrasada con respecto ao conxunto de España, tanto na porcentaxe de fogares con libros como no número medio de libros. Porén, en tan só nove anos prodúcese unha entrada notable deste obxecto cultural nos fogares de Galicia e pásase do 63% de fogares con libros en 1985 ao 93,5% en 1994. A partir dese momento, a tendencia é a de equipararse coa media estatal ata os datos do último ano, cando en España se produce unha diminución na presenza de libros nos fogares españois ata o 88,5% (feito que xa se viña producindo dende 2002) e unha estabilización na contorna do 92% no caso dos fogares galegos.

**Evolución do número medio de libros nos fogares de España e Galicia**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte, do CIRES e da SGAE

A media de libros por fogar é un indicador algo menos preciso á hora de facer unha comparación, debido ás distintas formas de realizar o cálculo nos diferentes informes, particularmente nos datos anteriores a 2002. A pesar deste feito, obsérvase unha tendencia ascendente nas últimas catro décadas tanto na media de España como na de Galicia. No caso galego, pártese dunha posición moi baixa, pero os datos sinalan un aumento significativo no número de libros nos fogares galegos nun curto período de tempo, que acaba superando a media estatal xa en 2002.

As gráficas de España e Galicia seguen unha patrón moi similar, pero cun retraso de catro anos no caso de Galicia: o patrón descendente ata 2002 no conxunto de España alcánzase en Galicia en 2006, mentres que a cifra máxima de libros por fogar prodúcese en España en 2014 (244 libros por fogar) para logo empezar a baixar. En Galicia ese máximo alcánzase en 2018, con case 240 libros por fogar.

### 3.2.2. Ordenadores persoais no fogar

A microinformática comeza a introducirse de forma moi puntual nos fogares de España a partir do último terzo da década de 1970<sup>25</sup>, pero é a partir da seguinte década cando os equipos informáticos económicos se popularizan e penetran con maior intensidade, aínda que a un ritmo moi lento se se compara con outras tecnoloxías como os reprodutores de vídeo ou os teléfonos móbiles.

Este equipamento non aparece reflectido na enquisa do Ministerio de Cultura y Deporte do ano 1986. Cómpre agardar aos datos de 1990 recollidos na publicación do Ministerio *Equipamientos, prácticas y consumos culturales de los españoles*. Non obstante, a recollida estatística sobre equipos baixo a epígrafe «ordenador persoal» aparece por vez primeira no informe do Estudio General de Medios (EGM) do ano 1984, coa cifra do 1% dos fogares españois con este equipamento. O grao de implantación deste é bastante lento, debido sobre todo aos altos prezos e á súa complexidade de uso. Segundo datos do EGM, en 1987 pouco máis do 5% dos fogares españois conta cun ordenador persoal.

#### Fogares con ordenadores persoais en España e Galicia e uso diario (1990-2021)

	1990	2021
<i>España</i>		
Total dispoñen	13,8%	74,8%
Uso diario	1,3%	43,6%
<i>Galicia</i>		
Total dispoñen	8,9%	76,9%
Uso diario	0,8%*	47,7%

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte


\* Dato estimado, ponderado a partir do dato estatal

<sup>25</sup> A Constitución española menciona xa o termo «informática» no seu artigo 18.3: «A lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno dereito dos seus exercicios».

A presenza de equipos informáticos nos fogares de Galicia en 1990 era inferior ao 9%, pero en pouco máis de tres décadas incrementouse ata case o 77%. Tamén se ofrecen datos de uso diario deste equipamento por parte das persoas enquisadas, con apenas o 1% de usuarios diarios do ordenador en 1990, mentres que en 2021 esa cifra rolda o 44% para a media de España e case o 48% para Galicia.

O gráfico da evolución da porcentaxe de ordenadores mostra que en Galicia é lixeiramente inferior á media estatal. Así mesmo, a súa implantación masiva nos fogares é moi lenta, pois pasan case tres décadas ata chegar ao seu punto máis alto para o conxunto de España, en 2014, mentres que en Galicia a taxa máis elevada é a de 2021, con case o 77% dos fogares cun ordenador.

**Evolución da porcentaxe de fogares con ordenador en España Galicia**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e de EGM

### 3.2.3. Instrumentos musicais no fogar

Os instrumentos musicais son tamén un equipamento do que existen datos comparables. Mentres que en 1985 un de cada catro fogares galegos contaba con instrumentos musicais, en 2021 son un de cada tres os fogares que contan con este equipamento, cun incremento de case 10 puntos porcentuais. No caso do global estatal, a porcentaxe de fogares con instrumentos musicais é inferior á de 1985 en 3 puntos porcentuais. Novamente

a enquisa de 1985 reflicte un índice moi baixo para este tipo de equipamentos nos fogares galegos con respecto ao conxunto do Estado.

**Porcentaxe de fogares con instrumentos musicais en España e Galicia e media de instrumentos (1985-2021)**


	1985	2021
<i>España</i>		
Total dispoñen	34,0%	30,9%
Media (nos fogares que teñen)	1,7	2,3
<i>Galicia</i>		
Total dispoñen	25,0%	34,5%
Media (nos fogares que teñen)	1,4*	2,2

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

\* Dato estimado, ponderado a partir do dato estatal

En canto á evolución deste indicador, agás o dato referido á porcentaxe de fogares galegos con instrumentos musicais en 1985 (25%), o resto de cifras están nunha franxa entre o 30% e o 40%, tanto en España como en Galicia. Ademais, pode apreciarse unha tendencia descendente no total de España a partir de 2010, mentres que no caso dos fogares galegos a tendencia de descenso é menos acusada e se sitúa 3,6 puntos porcentuais por riba do conxunto do Estado.

**Evolución da porcentaxe de fogares con instrumentos en España e Galicia**



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

**3.2.4. Equipamentos e soportes de son no fogar**

En 1985, as respostas á *Encuesta del comportamiento cultural de los españoles* indican que o 93% dos entrevistados conta con algún equipo de son no



fogar, cunha media de 1,7 equipos. En 2021 a porcentaxe é lixeiramente superior e achégase ao 97%. Para o caso de Galicia, o aumento é de máis de 10 puntos porcentuais (do 88% ao 98,3%).

**Fogares con equipos de son en España e Galicia (1985-2021)<sup>26</sup>**

	1985	2021
<i>España</i>		
Total dispoñen	93,0%	96,8%
Radiocasete	64,0%	--
Radio	63,0%	75,9%
Tocadiscos	19,0%	18,5%
Equipo de música	15,0%	45,1%
Outros (magnetófono / móbil-PC-tableta)	9,0%	87,3%
<i>Galicia</i>		
Total dispoñen	88,0%	98,3%
Radiocasete	44,0%	--
Radio	65,0%	84,9%
Tocadiscos	12,0%	22,0%
Equipo de música	7,0%	58,1%
Outros (magnetófono / móbil-PC-tableta)	7,0%	87,0%

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte


Facer unha análise comparativa dos equipamentos resulta complexo por causa das diversas metodoloxías de recollida de datos, así como tamén do cambio dos soportes e das diversas formas en que os integrantes dos fogares españois escoitan música debido á irrupción dos móbiles con reprodutor e plataformas de música, á obsolescencia dos soportes físicos ao longo do tempo, á súa convivencia cos arquivos dixitais e á reprodución por Internet, entre outras causas. Os equipamentos sonoros que manteñen a súa presenza nos fogares nos últimos corenta anos son a radio, que aumenta en case 20 puntos porcentuais no caso de Galicia; os equipos de reprodución de discos de vinilo, que manteñen a súa cota arredor do 20% para España e soben a súa presenza do 12% ao 22% en Galicia, e, por último, os «equipos de música». Aínda que os datos sobre este equipamento están suxeitos a diversas consideracións metodolóxicas, si permiten a súa comparación e pasan dunha presenza do 15% dos fogares españois en 1985 (a metade no caso de Galicia) ata o 45% en 2021 (o 58% dos fogares galegos).

<sup>26</sup> Mentres que en 1985 se pregunta pola existencia no fogar de certos equipamentos, a enquisa de 2021 pregunta polas persoas segundo a dispoñibilidade de equipamento para escoitar música no fogar. No cadro, no apartado «Outros», para o ano 2021 escolleuse como porcentaxe a opción máis numerosa («Móbil con reprodutor de música»).

Os seguintes gráficos amosan a evolución da presenza de radios, equipos de música e equipos para reproducir discos de vinilo nos fogares galegos e españois. No primeiro caso, as radios están presentes en dous terzos dos fogares españois en 1985, alcanzan en 2002 e 2006 as cifras máis elevadas (96%-97%) e logo van descendendo, aínda que de xeito menos marcado en Galicia.

No que corresponde aos equipos de música, o punto de máxima penetración nos fogares de Galicia e de España prodúcese en 2010 (entre o 79% e o 84%) e a partir dese momento comeza a descender, máis rápido no conxunto de España que en Galicia. Por último, no caso dos equipos que reproducen vinilos, a pesar dun baleiro estatístico entre 1990 e 2006, pode observarse unha tendencia alcista ata 1990, pero sempre en moita menor medida que os restantes equipamentos musicais analizados. A partir de 2006 en España descende a súa presenza nos fogares, mentres que en Galicia, situada a máis de 10 puntos porcentuais de diferenza, aínda aumenta ata 2014 do 21% ao 24% e mantense estable entre o 20% e o 24%. Na enquisa de 2021 apréciase unha repunta lixeira na presenza destes equipos nos fogares dos dous ámbitos territoriais.


**Evolución da porcentaxe de fogares con radio en España e Galicia**



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte




### Evolución da porcentaxe de fogares con equipo de música en España e Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

### Evolución da porcentaxe de fogares con equipo de reprodución de vinilos en España e Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

En canto aos soportes de música dos fogares, é preciso indicar que os datos deben compararse tendo en conta o cambio dos formatos físicos de música ao longo destas últimas décadas. En 1985 a enquisa só recolle información sobre cintas de casete e discos de vinilo. A medida que pasa o tempo van aparecendo e extinguíndose distintos formatos de soporte musical físico. O único que mantivo constante a súa presenza en todas as estatísticas foi o disco de vinilo.

**Porcentaxe de fogares con soportes musicais en España e Galicia (1985-2021)<sup>27</sup>**

	1985	2021
<i>España</i>		
Total dispoñen	67,0%	64,0%
Cintas de casete / CD, DVD, Blu-ray	67,0%	53,6%
Discos de vinilo	34,0%	28,3%
Outros soportes / de música dixital	--	29,6%
<i>Galicia</i>		
Total dispoñen	48,0%	72,3%
Cintas de casete / CD, DVD, Blu-ray	48,0%	63,5%
Discos de vinilo	23,0%	28,4%
Outros soportes / de música dixital	--	31,1%

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

En 1985, apenas a metade da poboación galega declaraba que dispoñía dalgún soporte musical no seu fogar, case 20 puntos por debaixo da media estatal. Se se compara este dato co de 2021 apréciase un incremento de ata o 72%, mentres que no conxunto de España a proporción baixou ata o 64%. Os vinilos seguen presentes en algo máis do 28% dos fogares galegos e españois, o que supón apenas un aumento do 5% con respecto a 1985 para Galicia e un descenso do 6% na media nacional. Como detalle adicional, cómpre destacar que en 2021 tres de cada dez fogares xa contan con soportes de música dixital.

Non é posible analizar a evolución dos soportes, xa que as distintas metodoloxías de recollida de información estatística non permiten establecer unha comparación axeitada. No caso dos soportes en disco (CD, DVD, Blu-ray), entre 1990 e 1998 a porcentaxe pasou do 10% ao 90% e a partir de 2006 foi diminuindo a súa presenza nos fogares, pasando do 85% a pouco máis da metade en 2021. No caso da presenza de vinilos nos fogares, en España chega a rexistrarse en 1990 unha porcentaxe do 41%, pero os datos doutras edicións da enquisa non resultan comparables, ao aglutínalos con outros soportes. Só pode establecerse unha comparativa a partir de 2014, cunha presenza que oscila entre o 25% e o 28% tanto en Galicia como en España.

<sup>27</sup> Na enquisa de 1985 non se indica a porcentaxe total de fogares que declaran que teñen soportes de música, só as porcentaxes para cada tipo de soporte, polo que se utiliza a porcentaxe máis elevada. Por outra banda, escolléronse só os soportes que podían ser comparables e aglutináronse casetes e DVD/Blu-ray.

### 3.2.5. Equipamentos e soportes audiovisuais nos fogares

Se se analizan os datos relativos aos equipamentos audiovisuais, pode observarse que a figura máis importante e presente na práctica totalidade dos fogares xa en 1985 é a televisión. Nese momento o 96% dos fogares españois conta co mencionado electrodoméstico (máis do 62% en cor), mentres que en Galicia a porcentaxe era algo inferior (90%) e, neste caso, en contraste co conxunto de España, o 64% dos fogares aínda tiña unha televisión coa pantalla en branco e negro. Hai que ter en conta que os televisores actuais contan cada vez con máis prestacións «intelixentes» e así pasaron de ser meros receptores de canles convencionais a centros interactivos de entretemento audiovisual conectados a Internet e a outros dispositivos do fogar (en Galicia seis de cada dez televisores contan con estas prestacións en 2021).

**Porcentaxe de fogares con equipamentos audiovisuais en España e Galicia (1985-2021)**


	1985	2021
<i>España</i>		
<i>Total dispoñen para ver TV</i>	96,0%	99,1%
Equipos específicos de televisión	96,0%	98,5%
Outros equipos (PC, tableta, móvil)	--	66,5%
<i>Total dispoñen para ver vídeos</i>	10,0%	90,1%
VHS e similares / DVD, Blu-ray...	10,0%	43,5%
Outros equipos (PC, tableta)	--	69,3%
Total cámara de fotos	48,0%	47,5%
<i>Galicia</i>		
<i>Total dispoñen para ver TV</i>	90,0%	99,6%
Equipos específicos de televisión	90,0%	98,9%
Outros equipos (PC, tableta, móvil)	--	76,0%
<i>Total dispoñen para ver vídeos</i>	5,0%	89,3%
VHS e similares / DVD, Blu-ray...	5,0%	41,2%
Outros equipos (PC, tableta)	--	78,2%
Total cámara de fotos	35,0%	45,0%

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

No caso dos equipamentos para ver vídeos, en 1985 estaban comezando a introducirse os aparatos reprodutores de cintas de vídeo (VHS e Beta), con maior implantación no conxunto de España, polo que se duplicou a porcentaxe da presenza deste tipo de equipamentos nos fogares galegos, situada no 5%. En 2021 nove de cada dez fogares contan con este tipo de equipamentos, aínda que os reprodutores de DVD e Blu-ray só están presentes en menos da metade (41% no caso de Galicia e 43,5% no conxunto

do Estado), e están sendo substituídos cada vez máis por outros dispositivos.

#### Evolución da porcentaxe de fogares con equipamentos audiovisuais en Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Este gráfico reflicte a evolución de varios equipamentos audiovisuais nos últimos corenta anos en Galicia. Non se inclúe a televisión, que está presente na práctica totalidade dos fogares xa en 1985. No caso dos reprodutores de VHS, recollidos nas distintas enquisas ata 2014, aparecen nos fogares a principios da década de 1980 e o seu punto álxido ten lugar en 2002, momento en que os DVD, que xorden a finais da década de 1990, toman o seu relevo e provocan a desaparición case por completo dos reprodutores de cinta en 2014. En 2010 os reprodutores de DVD, Blu-ray e outros formatos de discos chegaron a estar presentes en tres de cada catro fogares, pero a partir dese momento comeza un lento declive.

Na gráfica tamén se pode ver que, aínda que as cámaras fotográficas diminuíron a súa presenza uns 30 puntos porcentuais nas últimas dúas décadas pola irrupción dos teléfonos móbiles, aínda seguen formando parte dos equipamentos de case a metade dos fogares galegos. As cámaras de vídeo pasaron de ser residuais en 1985 e 1990 (1% e 3%, respectivamente) a manter unha base estable en arredor do 20% dos fogares galegos a partir do ano 2002.

#### 4. Gasto público en cultura

O Instituto Nacional de Estadística recolle información procedente da Estadística de Financiación y Gasto Público en Cultura, desenvolvida polo Ministerio de Cultura y Deporte xunto coas comunidades autónomas, así como da explotación específica da Estadística de Liquidaciones de los Presupuestos de las Entidades Locales, elaborada polo Ministerio de Hacienda, ambas pertencentes ao Plan Estadístico Nacional (PEN). Os últimos datos que se recollen pertencen ao ano 2021 e os primeiros datos que publica o INE comezan no ano 2000.

Co fin de desenvolver unha comparativa entre a década de 1980 e a actualidade, é preciso acudir a dúas fontes: *Cultura en cifras* de 1996 e *Las cifras de la cultura en España* de 2002, publicacións que permiten cubrir os anos existentes entre 1985 e 1999, ademais de estableceren uns datos harmonizados e equiparables.

##### 4.1. O gasto cultural na Administración xeral do Estado

Os datos relativos aos orzamentos da Administración xeral do Estado, a pesar de duplicaren a súa cantidade en máis de 35 anos, presentan un peso cada vez menor con respecto ao total de presupostos. En 1985 o orzamento cultural do Estado situábase en aproximadamente 233 millóns de euros, o que supoñía un 0,35% do total para ese ano. En 2020, con algo menos de 735 millóns de euros, o peso dos orzamentos culturais era un 40% menor (0,21%). Se se teñen en conta os datos do peso con respecto ao produto interior bruto (PIB), a diminución é dun 50% (dun 0,14% a un 0,07%).

##### Orzamento cultural da Administración xeral do Estado


	1985	2020	% 1985-2020
Total (miles de euros)	232.772	734.766	216%
Euro cultural	6,20 €	15,50 €	150%
% Estado	0,35%	0,21%	-40%
% PIB	0,14%	0,07%	-50%

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

O gráfico de evolución dos orzamentos de cultura da Administración xeral do Estado indica un aumento en termos absolutos, co importe máis elevado da serie situado a finais da primeira década do século XXI, cando se

superan os mil millóns de euros. A crise económica dos seguintes anos impactará negativamente nos orzamentos das distintas administracións públicas, da que só se aprecia unha leve recuperación a partir de 2015.

**Evolución do orzamento cultural da Administración xeral do Estado, porcentaxe respecto ao orzamento total e porcentaxe respecto ao PIB**




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

En relación co peso do orzamento de cultura con respecto ao do Estado, pode observarse que, tras pasar dun 0,35% en 1985 a case un 0,5% en 2005, é a partir de 2013 cando a partida orzamentaria correspondente a cultura perde máis da metade do seu peso e chega en 2020 a un 0,21%, é dicir, a porcentaxe máis baixa de toda a serie. Algo similar ocorre coa proporción do orzamento de cultura da Administración xeral do Estado con respecto ao PIB, cunha redución progresiva ao longo de toda a serie, agás no período de mediados da década de 1990, cando case chega a un 0,2% do total.





**Evolución do euro cultural nos orzamentos da Administración xeral do Estado (1985-2020)<sup>28</sup>**



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

A evolución do euro cultural da Administración xeral do Estado tivo diversos puntos de inflexión, cun crecemento sostido ata mediados da década de 1990 e con outro entre o ano 2000 e o 2010, cando se empezan a notar os efectos da crise económica global no noso país, o que situará o euro cultural nos anos 2015 e 2020 no mesmo nivel que a principios do século XXI. A evolución deste indicador, cun crecemento do 150%, sitúase moi por baixo das subidas experimentadas nos orzamentos culturais das comunidades autónomas e doutras administracións públicas.

#### **4.2. O gasto cultural nas comunidades autónomas**

Coa aprobación do estatutos de Extremadura, Illas Baleares, Madrid e Castela e León en febreiro de 1983 complétase o proceso de consolidación das diferentes autonomías despois da acción iniciada en 1979 polo País Vasco<sup>29</sup>. A pesar deste feito, a transferencia das competencias do Estado ás autonomías non remata ata mediados da década de 1980.

<sup>28</sup> O indicador «euro cultural» refírese á distribución media en euros para cada habitante do orzamento destinado a cultura pola Administración ou entidade correspondente.

<sup>29</sup> Non se teñen en consideración as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, cuxos estatutos foron aprobados no ano 1995.

En 1985 o conxunto das autonomías destinaron a cultura un total de 165 millóns de euros, o que supón o 1,58% do total dos orzamentos das comunidades autónomas. No caso de Galicia, o punto de partida está afastado da media do resto de comunidades: a cifra asignada a cultura era de 5,3 millóns (0,68% do orzamento total da comunidade para o mesmo ano).

Tras 35 anos, o peso do orzamento de cultura no conxunto de España con respecto ao cómputo global dos presupostos reduciuse en dous terzos (ata o 0,55%) e sitúase por debaixo do nivel de Galicia, que alcanza case a mesma proporción que en 1985 (0,66%). Con case 92 millóns de euros, o orzamento de cultura de Galicia supón o 6,8% do total das comunidades autónomas (1.355 millóns de euros), polo que se duplica o seu peso con respecto a 1985.


**Orzamento e euro cultural do conxunto das comunidades autónomas e de Galicia  
(miles de euros)**

	1985	2020
<i>Total CC. AA.</i>		
Orzamento cultura	164.984	1.355.075
% total orzamentos	1,58%	0,55%
Euro cultural	4,90 €	28,60 €
<i>Galicia</i>		
Orzamento cultura	5.325	91.858
% total orzamentos	0,68%	0,66%
Euro cultural	1,30 €	34,00 €
<i>% CC. AA. / Galicia</i>		
Orzamento cultura	3,23%	6,78%
% total orzamentos	43,04%	120,00%
Euro cultural	26,53%	118,88%

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Tras finalizar o proceso de transferencia de competencias en materia de cultura do Estado ás distintas comunidades autónomas, as políticas culturais que se van implantando progresivamente nas comunidades autónomas determinan a subida constante dos orzamentos correspondentes a esta partida. Entre 1985 e 2020 no conxunto das comunidades autónomas o incremento supón un 720%, mentres que en Galicia este aumento é sensiblemente superior (un 1.620%).


### Evolución dos orzamentos de cultura no conxunto das comunidades autónomas e en Galicia (miles de euros)



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Como se percibe noutros indicadores económicos presentes no informe, a crise global ten un impacto directo a partir dos anos 2011-2013, o que afecta tamén aos orzamentos autonómicos. Ata ese momento, o crecemento dos presupostos das comunidades autónomas era máis ou menos constante, pero entre 2011 e 2015 prodúcese unha diminución destes de entre o 35% e o 40%, sen que se puidesen volver recuperar aínda os valores previos ao inicio da crise económica da pasada década.


### Evolución do peso dos orzamentos de cultura respecto ao orzamento total no conxunto das comunidades autónomas e en Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

No que atinxe á porcentaxe que supoñen os orzamentos culturais das comunidades autónomas con respecto ao orzamento anual global destas, os datos determinan unha perda paulatina do peso da cultura, que pasou de representar en 1985 o 1,58% a apenas superar o 0,55% en 2020. Moito menos acusada é a perda proporcional no caso de Galicia, pero cómpre ter en consideración o feito de que en 1985 partía dun peso orzamentario de menos da metade da media nacional. En 2020 a porcentaxe está no 0,66%, mentres que en 1985 era do 0,68%. A partir do ano 2000 Galicia supera o conxunto das autonomías na proporción de orzamentos destinados a cultura.

#### Evolución do euro cultural no conxunto das comunidades autónomas e en Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

A pesar da diminución do indicador do peso proporcional dos orzamentos de cultura das comunidades autónomas con respecto aos totais, apréciase un incremento significativo do euro cultural, que aumenta entre 7 (no caso da media de comunidades) e 14 veces (no caso de Galicia) o seu peso dende 1985 ata 2020.

En Galicia, a partir do ano 2000, debido á presenza nos orzamentos culturais de partidas destinadas ao Xacobeo nos primeiros anos do século XXI e, especialmente, á construción da Cidade da Cultura, que supón un incremento significativo no capítulo de transferencias correntes a partir de 2004 nos orzamentos da Consellería de Cultura, o esforzo cultural supera a

media do resto das comunidades. Na actualidade, ese esforzo cultural aínda se mantén case un 20% por riba da media.

### 4.3. O gasto en cultura nas corporacións locais

Por último, é preciso deterse nos orzamentos de cultura das corporacións locais (deputacións e figuras similares, así como concellos). En España, a evolución deste indicador pon de relevo o peso que lle dedican á cultura as administracións locais, especialmente a partir do século XXI. As fontes de información estatística non son facilmente accesibles, polo que, malia ser posible facer unha desagregación axeitada entre órganos provinciais (deputacións, cabidos, consellos...) ou por comunidades autónomas, a información é incompleta.


#### Orzamento e euro cultural nas corporacións locais de España (deputacións e similares e concellos) e de Galicia (miles de euros)

	1986	2000	2020
<i>Total España</i>			
Orzamento cultura (miles de euros)	612.533	2.925.049	3.003.787
Euro cultural	15,88 €	67,60 €	63,50 €
<i>Total Galicia</i>			
Orzamento cultura (miles de euros)	---	196.024	170.106
Euro cultural	---	72,50 €	63,00 €
<i>% España/Galicia</i>			
Orzamento cultura	---	6,7%	5,7%
Euro cultural	---	107,2%	99,2%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte (para España) e do Instituto Nacional de Estadística e o Observatorio da Cultura Galega (para Galicia)

Entre 1985 e 2020, o importe asignado á cultura polas corporacións provinciais no seu conxunto multiplicouse por cinco, se ben o peso dos orzamentos desta partida orzamentaria con respecto ao total pasou do 5,37% ao 4,15%. No gráfico seguinte pode observarse a evolución destes indicadores tanto no conxunto de España como nas corporacións de Galicia. A pesar de non ter toda a información, a tendencia dos datos indica un patrón similar ao dos orzamentos da Administración xeral do Estado e das autonomía, cun ascenso importante ata o ano 2010, unha forte caída de aproximadamente ao 25% nos seguintes anos e unha estabilización con leves subidas ou estancamento ata o ano 2020.

### Evolución dos orzamentos de cultura nas corporacións provinciais e locais de España e de Galicia (millóns de euros)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte (para España) e do INE e o Observatorio da Cultura Galega (para Galicia).

## 5. Emprego cultural

Resulta complexo establecer un marco comparativo no que respecta ao emprego cultural, mesmo no nivel estatal, a partir dos datos estatísticos existentes. En 1996, a publicación *Cultura en cifras* do Ministerio de Cultura describe a situación e pon de manifesto a falta de adecuación dos instrumentos estatísticos de medición do emprego no sector cultural. Por unha banda, as cifras estatísticas da Enquisa de Poboación Activa só desagregan información da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)<sup>30</sup> ata o terceiro dígito e unicamente a partir do segundo trimestre de 1987, polo que é moi complicado establecer cifras definidas para o sector cultural e practicamente imposible obter datos comparables antes dese ano, agás nalgúns estudos, informes e censos ou rexistros sectoriais.

Por outra banda, esta publicación denuncia a situación nalgúns sectores e industrias culturais en relación coa información estatística sobre emprego cultural. Indica que tanto o sector do cine como os do audiovisual

<sup>30</sup> Permite a codificación ata un nivel de cinco díxitos.

sual, a artesanía, a restauración e mesmo as artes escénicas aparecen deficientemente tratados nos datos que se poden obter das enquisas oficiais de emprego.

Co fin de elaborar un gráfico sobre a evolución do emprego cultural nos últimos 35 anos, recolléronse os datos de 1987 a 1994 de *Cultura en cifras* (1996), que utiliza a clasificación CNAE 93. Entre 1994 e 2000, os datos de referencia obtivéronse de *Las cifras de la cultura en España* (2002), que recolle datos da CNAE e da Clasificación Nacional de Ocupaciones (CNO). A partir do ano 2000, poden consultarse datos relativos ao emprego cultural en INEbase, aínda que con diversas clasificacións segundo os cambios estruturais que foi experimentando a CNAE (1993, 2009 e 2011). Para facilitar a comprensión de lectura, no cadro seguinte poden verse as distintas clasificacións segundo os modelos existentes en cada momento.

**Actividades económicas que conforman o emprego cultural nas distintas fontes estatísticas e variación das epígrafes segundo a metodoloxía utilizada**

	1987-1994	1994-2000	2000-2008	2008-2010	2011-2022
Bibliotecas, arquivos, museos, salas de exposición e galerías de arte		Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais
Produción, distribución e salas de cine		Actividades cinematográficas e de vídeo	Actividades cinematográficas e de vídeo	Actividades cinematográficas, de vídeo, radio e televisión	Actividades cinematográficas, de vídeo, radio e televisión
Radiodifusión e televisión		Actividades de radio e televisión e axencias de noticias	Actividades de radio e televisión	--	--
Espectáculos		Outras actividades artísticas e de espectáculos	Outras actividades artísticas e de espectáculos	Outras actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	Actividades de deseño, creación, tradución, artísticas e espectáculos
Artes gráficas		Artes gráficas, reprodución de soportes gravados, fabricación de aparatos de imaxe e son, e fabricación de instrumentos musicais	Artes gráficas, reprodución de soportes gravados, axencia de noticias, fabricación de aparatos de imaxe e son, e de instrumentos musicais	Artes gráficas, gravación, reprodución de soportes, edición musical, fabricación de soportes e aparatos de imaxe e son, e de instrumentos musicais	Artes gráficas, gravación, reprodución de soportes, edición musical, fabricación de soportes e aparatos de imaxe e son, e de instrumentos musicais

## DOCUMENTOS DE TRABAJO



Aparatos de imaxe e son, discos, cintas e vídeos	--	--	--	--
Fabricación de instrumentos musicais	--	--	--	--
Fotografía	--	--	--	--
--	Edición	Edición	Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
--	--	Outras actividades económicas	Outras actividades económicas	Outras actividades económicas

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e do Instituto Nacional de Estadística

A táboa que se inclúe a continuación recolle a situación comparativa entre 1987 e 2022, tendo en conta a gran cantidade de modificacións metodolóxicas existentes ao longo do tempo e, ademais, que as epígrafes utilizadas non recollen a totalidade de empregos culturais existentes por estaren en niveis de catro ou cinco díxitos dentro doutras epígrafes da CNAE con menos relación co sector cultural. Para cada epígrafe as diferenzas nos últimos 35 anos varían entre unha caída do emprego do 48% para o caso das artes gráficas, edición musical, soportes físicos e instrumentos musicais ata un aumento de máis 14 veces con respecto a 1987 do emprego no sector das actividades de deseño, creación, artísticas e espectáculos. A media está nun incremento de case o 250%, ao pasar de pouco máis de 200.000 empregos culturais a finais da década de 1980 aos case 700.000 que recolle o INE para 2022.

### Emprego cultural en España (miles de persoas)

	1987	2022	Diferenza
Total	202,4	695,3	+244%
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais	10,5	38,4	+266%
Actividades cinematográficas, de vídeo, radio e televisión	31,2	70,9	+127%
Actividades de deseño, creación, tradución, artísticas e espectáculos	10,0	152,0	+1.420%




Artes gráficas, gravación, reproducción de soportes, edición musical, fabricación de soportes e aparatos de imaxe e son, e de instrumentos musicais	139,9	73,1	-48%
Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	--	54,4	--
Otras actividades económicas	--	306,5	--

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e do Instituto Nacional de Estadística

O seguinte gráfico representa a tendencia do emprego cultural en España nos últimos 35 anos. O conxunto de liñas da parte superior representa a suma das cinco primeiras epígrafes do cadro anterior (actividades de bibliotecas, cinematográficas, de deseño, artes gráficas e edición de libros). O conxunto inferior, que aparece a partir do ano 2000, representa a evolución da variable «Otras actividades económicas». A suma dos dous conxuntos representa a evolución do total de emprego.

**Evolución do emprego cultural en España entre 1987 e 2022 (miles de persoas)**

DOCUMENTOS  
DE TRABALLO  
CCG



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e do Instituto Nacional de Estadística

Coa consideración metodolóxica vista anteriormente e debido ao longo período de tempo e á cantidade de datos que se manexan, o gráfico permite establecer unha tendencia ascendente entre 1987 e 2022, con algu-


nhas flutuacións no crecemento debido a circunstancias como a crise financeira de 2008, que xa se deixa notar nesta gráfica a partir de 2009, ou a crise da COVID-19 no ano 2020. Sen ter en conta a epígrafe «Outras actividades económicas», o emprego cultural pasa de 200.000 a 400.000 persoas nun período de 35 anos, con máximos en 2008 e 2019, xusto antes das crises mencionadas.

Cómpre sinalar que o salto importante na epígrafe «Outras actividades económicas» en 2011 se produce porque a partir dese ano se inclúen nas recollidas estatísticas as epígrafes 248 («Arquitectos técnicos, topógrafos e deseñadores») e 761 («Mecánicos de precisión en metais, ceramistas, vidreiros e artesáns») procedentes da CNO 2011.

Non hai datos globais de emprego cultural dispoñibles por comunidades autónomas anteriores ao ano 1999<sup>31</sup>, polo que só se pode facer unha comparativa dos últimos 23 anos para o emprego cultural en Galicia.

#### Evolución do emprego cultural en España e Galicia entre 1999 e 2022 (miles de persoas)<sup>32</sup>

DOCUMENTOS  
DE TRABAJO  
CCG



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte e Instituto Nacional de Estadística


<sup>31</sup> A publicación *Cultura en cifras* fai referencia á Enquisa Sociodemográfica realizada en 1991 e dá o dato de que nese ano o emprego cultural en Galicia era do 0,8% do total da comunidade, pero a metodoloxía de recollida é distinta á do INE, con datos algo inferiores numericamente. En *Las cifras de la cultura* dáse información de 1999 por comunidades. A partir do ano 2000 pode consultarse a información en INEbase.

<sup>32</sup> O dato de 1999 non recolle a epígrafe «Outras actividades económicas», que comeza a usarse a partir do ano 2000. Na análise da evolución das cifras non se ten en conta este ano.

Pode observarse que, a pesar de seguir unha tendencia ascendente similar, existen diferenzas entre algúns anos. En algo máis de dúas décadas, o emprego cultural en Galicia pasou das case 17.000 persoas ata as 36.500, algo máis do dobre (116%), mentres que en España o crecemento foi algo menor, do 75%. Xa que logo, o peso do emprego cultural galego con respecto á media estatal creceu un punto, do 4,25% ao 5,25%, coa porcentaxe máis elevada en 2009 e 2010, por riba do 6,2%.

O seguinte gráfico mostra a evolución do emprego cultural no conxunto de España e en Galicia con respecto ao total de emprego en cada ámbito xeográfico. A principal conclusión que se pode extraer é que se está a producir lentamente unha confluencia coa media estatal, cunha tendencia de crecemento da proporción de emprego cultural máis acusada, pero tamén máis irregular. En Galicia, o emprego cultural pasa do 1,7% no ano 2000 ao 3,3% en 2022 con respecto ao total de emprego (case o dobre), mentres que en España o incremento é dun terzo, do 2,6% ao 3,4%.

**Evolución da porcentaxe do emprego cultural con respecto ao total de emprego en España e Galicia (2000-2022)<sup>33</sup>**



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte e Instituto Nacional de Estadística

<sup>33</sup> O dato de 1999 non recolle a epígrafe «Outras actividades económicas», que comeza a usarse a partir do ano 2000. Na análise da evolución das cifras non se ten en conta este ano.

## 6. Libro e edición

Como se mencionou na introdución, os primeiros datos estatísticos relacionados coa industria do libro aparecen a principios de século XX, con cifras de inscrición no Rexistro da Propiedade Intelectual de obras escritas publicadas no *Anuario de Estadísticas Culturales*. Durante as décadas de 1940 a 1960 aparecen na mesma publicación datos básicos sobre o tipo de obras que se inscriben, pero tamén se publica información sobre exemplares editados e mesmo sobre librarías<sup>34</sup> en forma de censos con periodicidade irregular.

A partir de 1965, o INE comeza a desenvolver de forma periódica información estatística sobre a publicación de libros e folletos, o comercio exterior do libro, a produción de libros por materias, traducións etc. Parte desta información acaba publicándose no anuario estatístico do INE. A *Estadística de la producción editorial de libros* realízase actualmente con periodicidade anual e de acordo coas normas contidas na «Recomendación revisada sobre a normalización internacional das estatísticas relativas á produción e distribución de libros, diarios e outras publicacións periódicas», aprobada pola Conferencia Xeral da UNESCO en 1985.

Outro salto cualitativo na información estatística relativa á industria editorial prodúcese a partir de 1988, coa publicación periódica de *Panorámica de la edición española* por parte do Ministerio de Cultura, na cal se realiza unha exploración sistemática dos datos compilados pola Agencia Española del ISBN<sup>35</sup>. Ata 1994 esa recollida resulta moi simple debido ao sistema informático de xestión bibliográfica existente na axencia española.

---

<sup>34</sup> Algúns exemplos poden ser os datos desagregados que se publican en 1949 por «Obras científicas e literarias», «Obras dramáticas e musicais», «Obras de índole artística» e «Xornal», ou os censos de librarías e editores na década de 1950, que para 1953 rexistra 45 librarías-papelerías en Galicia.

<sup>35</sup> O *International Standard Book Number* ou ISBN é un sistema numérico internacional creado en 1968 co obxectivo de identificar o título e a edición dunha obra publicada por unha determinada editorial mediante a adxudicación dun número exclusivo para esa edición concreta. É de uso obrigatorio dende 1972 para libros e folletos publicados en España. O ISBN foi competencia da Administración central ata 2010, momento en que a xestión da axencia foi asumida pola Federación de Gremios de Editores de España (o Ministerio de Cultura mantivo a súa titularidade ata 2015).

.....

**Indicadores de inscripción, publicación e edición de libros en España e Galicia (1983-2019)**

	España	Galicia	% G/E
1983			
<i>Libros inscritos no ISBN</i>	29.484	427	1,4%
Inscritos en galego	273	188	68,9%
% inscritos en galego con respecto ao total	0,9%	44,6%	--
<i>Títulos publicados (libros e folletos)</i>	32.457	351	1,1%
Exemplares publicados (miles)	262.790	583	0,2%
Tirada media	8.097	1.661	20,5%
En lingua galega	--	--	--
<i>Editores</i>	1.222	--	--
Producción media de títulos por editor	26,6	--	--
2019			
<i>Libros inscritos no ISBN</i>	90.073	2.049	2,3%
Inscritos en galego	1.254	--	--
% Inscritos en galego con respecto ao total	1,6%	--	--
<i>Títulos publicados (libros e folletos)</i>	64.154	2.213	3,4%
Exemplares publicados (millóns)	--	--	--
Tirada media	--	--	--
En lingua galega	1.048	893	85,2%
% en galego con respecto ao total	1,6%	40,4%	--
<i>Editores</i>	3.169	137	4,3%
Producción media de títulos por editor	20,2	16,2	80,2%

Fonte: Instituto Nacional de Estadística e Ministerio de Cultura y Deporte

Neste cadro compáranse algúns datos estatísticos sobre libros inscritos no ISBN, títulos e exemplares publicados e mais número de editores. Desafortunadamente, algúns datos non resultan accesibles, como os datos de exemplares, dos que o INE só ofrece información ata o ano 2011. Por outra banda, escolleuse o ano 2019 porque é o último ano de publicación de datos por parte do INE.


En España triplícase o número de libros inscritos no ISBN entre 1983 e 2019, mentres que en Galicia case se quintuplica a cifra inicial de principios da década de 1980, o que implica que a proporción de libros galegos inscritos no ISBN con respecto ao total pasa do 1,4% ao 2,3%.

En canto a títulos publicados, apréciase unha diferenza importante con respecto á cifra de libros inscritos no ISBN (case o 30%). Con respecto a 1983, no conxunto de España supón o dobre do número de títulos, e en Galicia pasaron de publicarse 351 títulos a máis de 2.200, cun aumento do 530% e unha proporción do 3,4%, polo que se triplica a porcentaxe de 1983.

Tamén se fai unha comparación entre o número de libros en galego inscritos no ISBN, que aumentaron un 360%, cunha proporción con respecto ao total de libros inscritos dun 1,6%.

Por último, en 1983 só se ofrecen cifras do número total de editores sen desagregación por comunidades autónomas. A cifra de 2019 case triplica a de 1983, aínda que o número medio de títulos por cada editor baixa un 25%.

**Evolución do número de libros inscritos no ISBN en España e Galicia e total en galego (1983-2021)<sup>36</sup>**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística e Ministerio de Cultura y Deporte

A gráfica representa a evolución dos libros inscritos no ISBN no conxunto de España e tamén en Galicia. A liña gris representa os libros en lingua galega que foron inscritos no ISBN en toda España. Durante a década de 1980 e principios da de 1990, as porcentaxes de libros producidos en Galicia flúan entre o 1,3% e o 1,7% do total dos inscritos en toda España. Prodúcese un cambio significativo a partir de 1992, cando se van dando avances na produción editorial, aínda que iso significa unha redución da proporción

<sup>36</sup> Entre os anos 2011 e 2014 conviven dúas metodoloxías para cuantificar os libros inscritos no ISBN. Decidiu manterse o modelo antigo para poder analizar o impacto da crise de 2010. Os valores de 2015 son algo menores en todos os indicadores debido á implantación da nova metodoloxía.


do número de libros inscritos en lingua galega no ISBN respecto do total a partir dese momento.

O momento de maior crecemento do sector, tanto en España como especialmente en Galicia, prodúcese entre 2002 e 2010, cando a porcentaxe de libros galegos inscritos alcanza o 4,2% con respecto aos inscritos de toda España. A crise global que se produce a partir de 2010 afecta de forma negativa ao sector editorial e, segundo os datos do gráfico, moi especialmente ás inscricións de Galicia, que descenden en só tres anos case á metade, mentres que en España o descenso é do 22%.

Pola súa banda, os libros inscritos en lingua galega sofren un retroceso a niveis de principios do século XXI, cun peso porcentual do 1,6% do total de España.

**Evolución do número axentes editores en España e Galicia**

DOCUMENTOS  
DE TRABALLO  
**CCG**



Fonte: Instituto Nacional de Estadística e Ministerio de Cultura y Deporte

Con respecto ao número de editores, a falta de acceso a datos anteriores a 1996 en Galicia non permite ver a evolución completa deste indicador. Non obstante, apenas existen variacións significativas nos últimos 26 anos (cun crecemento dun 14%), se ben a crise deixou as cifras no nivel de 1996 ata o ano 2020. En canto ao conxunto de España, o número de axencias editoriais mantívose nunha cifra estable próxima a 3.500 dende 1996 ata 2010. Co inicio da crise, o número de empresas descendeu un 15%, cifra que mostra unha tendencia leve de recuperación nos últimos anos.

A partir de varias fontes<sup>37</sup> existe a posibilidade de acceder a datos económicos relacionados coa distribución e a comercialización na industria do libro, utilizados comunmente na elaboración de informes, anuarios e enquisas do Ministerio de Cultura ao longo dos anos. Non obstante, dada a dificultade de recompilación e a fragmentación da información, así como o feito de que moitos indicadores non están desagregados por comunidades autónomas, non se pode facer unha comparativa axeitada dende as fontes estatísticas. O seguinte cadro recolle algúns dos datos obtidos na consulta documental.

**Indicadores económicos do sector do libro recollidos nas publicacións do Ministerio de Cultura para o período de 1984-1994 e para 2019**

		Total	Fonte
<b>1984 a 1994</b>			
Número de puntos de venda de libros – librarías (1984-1994)		4.000	INE
		4.105	Confederación Española de Gremios y Asociaciones de Libreros (CEGAL)
Librarías en Galicia (1994)		368	CEGAL
Facturación anual de libros a través de librarías (1986, millóns de euros)		594,35	CEGAL
			CEGAL
Empresas de distribución de libros (1983)		195	Federación de Asociaciones Nacionales de Distribuidores de Ediciones (FANDE)
Empresas de artes gráficas (1991)		6.500	Federación Empresarial de Industrias Gráficas de España
Saldo comercial do libro (1983, millóns de euros)	Total	87,60	Federación Española de Cámaras del Libro y Comercio Interior del Libro en España
	Exportación	136,18	--
	Importación	48,59	--
Producción editorial española (1986, millóns de euros)	Total	1.441,92	Agencia Española del ISBN
	Pública	210,35	--
	Privada	1.231,57	--
Vendas do sector editorial (1986, millóns de euros)	Total	1.274,31	Federación Española de Cámaras del Libro y Comercio Interior del Libro en España
	Mercado interior	1.106,48	--
	Importación	167,84	--

<sup>37</sup> Para datos relacionados co comercio interior, a fonte principal é o estudo *Comercio interior del libro en España*, elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España (FGEE). Tamén se consultaron en varias ocasións datos ofrecidos pola Confederación Española de Gremios y Asociaciones de Libreros (CEGAL).



---

<b>2019</b>		
Facturación das empresas editoriais agremiadas na FGEE (2019, millóns de euros)	2.364	Federación de Gremios de Editores de España (FGEE)
Facturación anual a través de librarías e cadeas de librarías (2019, millóns de euros)	1.254	Federación de Gremios de Editores de España (FGEE)

---

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

## 7. Cine e audiovisual

Este capítulo recolle a evolución dos principais indicadores relacionados co sector audiovisual, en especial o cinematográfico e o videográfico (equipamentos, produción, distribución, exhibición etc.). Ademais, ofrécese información estatística sobre este ámbito durante o período temporal máis amplo dentro das últimas catro décadas, á vez que se contrastan os resultados entre Galicia e España.

### 7.1. Exhibición

Os primeiros datos que recollen a actividade dos cines e salas de exhibición cinematográfica remóntanse ao ano 1965, coa publicación do *Boletín informativo del Instituto de Cinematografía*, que, a partir de 1967, cambiou o seu nome polo de *Boletín informativo del control de taquilla*. A súa edición, con datos trimestrais, foi irregular ata finais dos anos oitenta, cando volve cambiar de título e pasa a chamarse *Boletín informativo*<sup>38</sup>, publicado polo Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales (ICAA) e con datos anuais. Pódense consultar os números a partir do ano 1969 na páxina web do Ministerio de Cultura, na sección «Anuario de cine», denominación que adquire a publicación a partir do ano 2002.

Ao longo do tempo e das súas diferentes etapas, recolleu información sobre produción, distribución, exhibición e comercialización de cine (e mesmo de vídeo) en España, cunha gran cantidade de datos. Nesta sección tan só se tratarán algunhas variables sobre exhibición, que aparecen tamén no *Anuario estadístico* do INE e noutras publicacións estatísticas do ministerio.

---

<sup>38</sup> Durante algún tempo levará o subtítulo *Anexo cultura en cifras*.



**Número de cines, salas de exhibición e películas exhibidas<sup>39</sup>**

	Total España	100.000 hab.	Total Galicia	100.000 hab.	% G/E
<i>1983</i>					
Cines que proxectaron	3.820	10	157	5,5	4,1%
Nº de películas exhibidas (títulos)	4.665	--	1.834*	--	39,3%
<i>2021</i>					
Cines	710	1,5	38	1,4	5,4%
Salas de exhibición	3.625	7,7	190	7	5,2%
Nº de películas exhibidas (títulos)	2.121	--	511	--	24,1%


Fonte: Instituto Nacional de Estadística e Ministerio de Cultura y Deporte

\*Debido ao desagregamento por provincias nos datos de 1983, non é posible determinar o número de películas diferentes exhibidas en Galicia. Ponse a cifra máis alta como referencia.

En 1983 había unha dotación inferior destes espazos culturais en Galicia, cun peso do 4% con respecto á media estatal, así como tamén case a metade de cines por cada 100.000 habitantes que no conxunto do Estado (5,5 fronte a 10).

Se se comparan os datos coa última recollida estatística de 2021, hai que ter en conta a aparición dun novo indicador a principios da década de 1990: o número de salas de exhibición. Este dato non aparece reflectido nas estatísticas ata 1993, cando xorden os cines con múltiples salas de exhibición (nese ano en Galicia xa hai 1,3 salas de exhibición por cada cine e chegan ás 5,1 de media en 2021). Con respecto ao total de cines, Galicia ten en 2022 un total de 38 establecementos (unha cuarta parte dos que había en 1983), o que supón un 5,4% do total estatal, e 1,4 cines por cada 100.000 habitantes (7 salas de exhibición), cifras semellantes ás estatais.

<sup>39</sup> O indicador do número de cines para 1983 denomínase «cines que proxectaron», porque ata 1988 recollíase tamén nas estatísticas o número de «cines censados». A desaparición deste último indicador ten que ver coa súa perda de utilidade estatística, xa que os cines que causaban baixa do censo non adoitaban notificalo. Por outra parte, debido á desagregación por provincias nos datos de 1983, non é posible determinar o número de películas diferentes exhibidas en Galicia. Ponse a cifra provincial máis elevada como referencia estimada.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística e do Ministerio de Cultura y Deporte

O gráfico mostra a evolución do número de cines e salas de exhibición ao longo de case catro décadas. Resulta apreciable que a evolución dos datos en España e Galicia con respecto ao número de cines son bastante proporcionais, especialmente a partir do ano 2001. No caso das salas de exhibición hai variacións significativas ata practicamente o ano 2017.

O gráfico tamén mostra que o ano 2004 foi no que se rexistrou a maior cifra de salas de exhibición tanto en España como en Galicia, despois dunha primeira crise que atravesaron estes espazos durante a década de 1980 e principios de 1990. Entre 2007 e 2021 en Galicia prodúcese un estancamento, mentres que no conxunto do Estado a caída é dun 16%.

## Evolución do número de películas exhibidas en España e Galicia (1983-2021)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística e do Ministerio de Cultura y Deporte

Na década de 1980, xunto coa desaparición progresiva dos cines no territorio, os datos tamén poñen de manifesto unha importante diminución no número de títulos exhibidos, en Galicia máis apreciable que no conxunto do Estado. Así, se en 1983 se exhibía na nosa comunidade case o 40% do total de títulos proxectados en España, en 2021 a porcentaxe con respecto ao total é de tan só o 24%, o que supón unha perda de 16 puntos porcentuais, se ben a proporción máis baixa do rexistro se deu en 1993 e 2004, cando a porcentaxe baixou do 19%.

A diversidade de títulos existente nas décadas de 1970 e 1980 dá paso a unha maior concentración da oferta e á exhibición simultánea en diferentes salas dun mesmo cine. Entre 1995 e 2020, esta oferta moveuse na contorna dos 1.600 a 1.800 títulos en España, a pesar de que o número de salas era máis alto nesa mesma época. A media de películas por sala pasou de 1,22 en 1983 a 0,42 en 2004 (de 11,68 a 1,72 no caso dos cines de Galicia).



## Espectadores por espazo en España e Galicia

	Total* España	Por cine/sala	Total* Galicia	Por cine/sala	% G/E	
<b>1983</b>						
	Total	141,1	36.933	5,5	34.802	3,87%
Espectadores	De películas españolas	30,1	7.889	1,1	6.731	3,51%
	De películas estranxeiras	111	29.044	4,4	28.071	3,97%
	% Películas españolas/estranxeiras	21,3%	--	20,0%	--	--
<b>2019</b>						
	Total	104,9	139.867/28.387	4,2	111.646/23.311	4,00%
Espectadores	De películas españolas	15,9	21.200/4.295	0,7	17.747/3.705	4,40%
	De películas estranxeiras	89	118.667/24.092	3,6	93.899/19.605	4,04%
	% Películas españolas/estranxeiras	15,2%	--	18,9%	--	--

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística e do Ministerio de Cultura

\* Totais expresados en millóns de persoas

Ademais dunha situación de menor dotación en infraestruturas como cines, Galicia tamén rexistra en 1983 unha porcentaxe baixa no número de espectadores con respecto á media do Estado, menos dun 4%. Así e todo, o número medio de espectadores anuais por cine é bastante similar ao do conxunto de España, así como tamén a distribución destes entre filmes españois e estranxeiros. Unha de cada cinco persoas que asistía ao cine en 1983 facía para ver películas españolas.

Se se comparan os datos coa última recollida estatística, as baixas cifras de espectadores en cines nos anos 2020 e 2021 están provocadas pola crise sanitaria da COVID-19, tanto polos distintos períodos de confinamento como polas restricións na capacidade dos espazos con público, o que impactou negativamente no número de espectadores: en 2020 as cifras caeron con respecto a 2019 máis dun 70%, mentres que en 2021 as cifras aínda eran un 58% inferiores ás do ano 2019.

Para poder facer unha análise comparativa axeitada, cómpre achegarse aos datos de 2019, cando case 105 millóns de persoas no conxunto de España asistiron ao cine, mentres que en Galicia foron 4,2 millóns, o


que volve situar o peso de Galicia nun 4% do total. Pódese inferir, xa que logo, que a proporción de público asistente ao cine non variou de xeito perceptible en catro décadas.

Por outra banda, a media de espectadores por cine é moi diferente entre 1983 e 2019. Coa aparición de cines con varias salas de exhibición é preciso unificar a variable de salas de exhibición coa de número de cines, co fin de establecer unha comparación máis precisa das últimas catro décadas. En 2019, a media de espectadores por sala foi de case 31.000 (un 16% menos que en 1983), mentres que en Galicia foi de 24.000 (un 30% menos que en 1983).

Por último, as cifras indican que se ve menos cine español que en 1983, xa que baixan do 20% ata o 15,2% en 2019 en España (16,1% en 2021). En Galicia, as cifras son moi similares e, tanto en 2019 como en 2021, só o 16,7% dos espectadores foi ver un filme español.

#### Evolución do total de espectadores (en millóns) nos cines en España e Galicia (1983-2021)

DOCUMENTOS  
DE TRABAJO  
CCG



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística e do Ministerio de Cultura y Deporte

A partir deste gráfico pódense observar diversas etapas e variacións no número de espectadores ao longo das últimas catro décadas debido a múltiples factores socioeconómicos e mesmo sanitarios. Unha das principais causas da caída de público asistente aos cines na década de 1980 é a irrupción nos fogares de equipamentos videográficos (reprodutores de vídeo,

servizos de alugueiro de películas etc.), ademais da presenza dun contexto de crise económica. A situación revértese a principios da década de 1990 coa aparición dos multicines e un abaratamento relativo do custo das entradas, ademais dunha revitalización do sector.

Este novo ascenso, que duplica as cifras de espectadores, apenas dura unha década e volve descender ata 2013, ano en que comeza a súa recuperación. En Galicia o número de espectadores pasa dos 3 millóns no ano 2013 ata os 4,2 millóns en 2019, é dicir, un 40% máis en seis anos. Finalmente, os datos negativos de 2020 e 2021 débense á crise sanitaria provocada pola COVID-19, coas conseguíntes medidas de restrición de movementos, confinamento e limitacións de capacidade das salas.

**Recadación nos cines en España e Galicia en 1983 e 2019 (totais e ratios expresados en miles de euros)**

	Total España	Ratio recadación/cine	Total Galicia	Ratio recadación/cine	% G/E
<b>1983</b>					
Total	172.119	45,1	5.946	37,9	3,45%
Películas españolas	35.137	9,2	1.123	7,2	3,20%
Películas estranxeiras	136.982	35,9	4.841	30,8	3,53%
<b>2019</b>					
Total	614.700	166,4	24.100	132,4	3,92%
Películas españolas	92.200	25,0	3.800	20,9	4,12%
Películas estranxeiras	522.600	141,4	20.200	111,0	3,87%


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística e do Ministerio de Cultura y Deporte

A recadación dos cines galegos supuxo menos dun 3,5% do total en 1983 no conxunto do Estado. O dato contrasta coa proporción relacionada co número de cines e de espectadores, o que indica unha política de prezos máis económica en Galicia que no conxunto estatal. O gasto medio por espectador en Galicia sitúase en 181 pesetas (1,09 euros) en 1983, mentres que o prezo medio no Estado é de 203 pesetas (1,22 euros), isto é, un 12% superior.

Os cines españois no seu conxunto aumentaron a súa recadación tres veces e media nun período de case catro décadas (de 172 a 615 millóns de euros), mentres que o incremento en Galicia case se quintuplica. De feito, aumenta lixeiramente o peso proporcional da recadación con respecto ao

conxunto estatal, dun 3,5% a un 4%. Non obstante, no que respecta á recadación media por cine, en 1983 os cines galegos tiñan uns ingresos medios de 38.000 euros anuais, un 16% inferior á media estatal. Esa diferenza ampliábase en 2019, cunha recadación un 20% inferior.

**Evolución da recadación dos cines en España e Galicia (millóns de euros)**




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística e do Ministerio de Cultura y Deporte

A evolución da recadación en España e Galicia é semellante, xa que se mantén practicamente sen variacións ou desviacións de importancia. Pode observarse un leve descenso na recadación na década de 1980, moito menos acusada que a perda de espectadores e cines, e un rápido ascenso a partir de 1993 que alcanza o seu pico máximo no ano 2004. A tendencia dos últimos vinte anos é dun descenso suave pero constante dos ingresos (menos acusado que a perda de espectadores nese período de tempo) ata o ano 2020, cando se reduciu a recadación ata quedar só nun 25% con respecto a 2017, debido ás restricións de movemento da poboación pola COVID-19 e que se mantiveron parcialmente en 2021.



## Evolución do gasto medio (en euros) en cine por espectador en España e Galicia




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística e do Ministerio de Cultura y Deporte

Cómpre deterse finalmente na evolución dos indicadores sobre o gasto medio por espectador e por habitante en Galicia e en España. No que respecta ao primeiro, a tendencia ascendente de gasto é constante ata alcanzar o máximo en 2010 (en Galicia o tope alcánzase en 2013). A partir de 2013 o gasto estabilízase arredor dos seis euros por espectador de media (5,8 para Galicia). As diferenzas entre España e Galicia son mínimas e, agás no ano 2013, os espectadores galegos sempre investiron menos diñeiro para adquirir entradas que no conxunto de España (un 6% menos de media).

As diferenzas no gasto medio por habitante resultan bastante máis perceptibles entre Galicia e o conxunto do Estado. O punto álxido do gasto medio por habitante prodúcese en 2004, cando se sitúa en 16 euros en España e 10 en Galicia. Non obstante, a tendencia é a dunha lenta confluencia coa media estatal, xa que en 1983 esa diferenza se situaba por riba do 50%, en 2004 baixou do 40% e en 2017 estaba preto do 30%.

### Evolución do gasto medio (en euros) en cine por habitante en España e Galicia (1983-2021)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estadística e do Ministerio de Cultura y Deporte

## 7.2. Producción

Ademais dos datos de exhibición, as distintas edicións dos anuarios do cine que se publican dende a década de 1960 ofrecen información sobre a produción, que tamén está presente na *Estadística de cinematografía: produción, exhibición, distribución y fomento*, publicación que causa alta en 1997, refundida doutras operacións estatísticas da década de 1990 do Ministerio de Cultura<sup>40</sup>. Tamén se conta co Registro Administrativo de Empresas Cinematográficas y Audiovisuales, integrado no ICAA e regulado por diversas medidas legislativas. Neste rexistro inscríbense as empresas con personalidade física ou xurídica establecidas en España que desenvolven actividades de produción, exhibición, distribución ou exportación.

Como feito illado, en 1992 e 1997 publicáronse dúas edicións da *Encuesta de servicios audiovisuales*, sen periodicidade nin continuidade no tempo, se ben esta operación estatística pasou a formar parte da *Encuesta anual de servicios* a partir de 1999. Ofrece gran cantidade de datos económicos

<sup>40</sup> Son *Cinematografía: Exhibición; protección económica al cine español; Base de datos de cine*, e *Cinematografía: Producción*.

do sector (producción, distribución, exhibición, actividades de vídeo, radio e televisión, etc.)<sup>41</sup>.

Por último, cómpre indicar que varias publicacións do Ministerio de Cultura y Deporte recollen con maior ou menor detalle a información destas fontes, como *Cultura en cifras*, *Las cifras de la cultura en España*, distintas edicións de *Anuario de Estadísticas Culturales* etc.

No seguinte cadro analízanse algúns indicadores con respecto á produción e distribución de cine. Os resultados non permiten analizar datos no ámbito autonómico, agás no referido ás empresas produtoras de cine en 2019 e en 2020. Escolléronse estes dous anos para que se teña en conta a posibilidade de desviación estatística nalgúns dos indicadores por mor da crise sanitaria da COVID-19.

No que respecta ao sector do cine en Galicia, o Observatorio do Audiovisual Galego, pertencente ao Consello da Cultura Galega, elaborou algúns informes e publicacións con datos estatísticos, así como tamén o Observatorio da Cultura Galega e a Axencia Galega das Industrias Culturais<sup>42</sup>.

#### Indicadores de produción e distribución de cine en España 1983 e 2019/2020

	1983	2020 (2019)
<i>Empresas produtoras de cine con actividade</i>	200	340 (381)
Empresas produtoras de cine – Galicia	--	15 (15)
Películas de produción española	99	222 (265)
Custo medio de produción en 1986 (millóns de euros)	0,72	2,80 (3,40)
Curtametraxes	286	419 (405)
<i>Empresas distribuidoras de cine con actividade</i>	35	253 (293)
Distribución de longametraxes	4.668	1.686 (1.835)
Distribución de longametraxes novas	492	439 (655)

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

Os datos indican que o número de empresas produtoras de cine en España é un 90% maior que en 1983<sup>43</sup> e que estas, ademais, producen máis do dobre de películas que a principios dos anos oitenta do século XX. O número

<sup>41</sup> Para o obxecto do informe os resultados non son aplicables, pero poden consultarse os máis relevantes tanto na publicación *Las cifras de la cultura en España* como no sitio web do INE (está dispoñible a segunda edición, de 1997).


<sup>42</sup> Algúns exemplos son o *Catálogo de producións 1997-1998* (Observatorio do Audiovisual Galego, 2000) ou *As cifras da industria cultural galega* (Axencia Galega das Industrias Culturais, 2010), cun apartado específico para o cine.

<sup>43</sup> En *Cultura en cifras* dáse a cifra de 1.403 empresas produtoras para 1983. O dato procede do Rexistro de Empresas do ICAA, pero a propia publicación incide en que moitas non

de curtametraxes tamén é superior, se ben a cifra varía ano a ano debido a diversos factores económicos e de produción. O indicador que máis aumenta é o de empresas distribuidoras de cine con actividade regular (que pasa de 35 a máis de 250), aínda que as cifras de 1983 referidas ás empresas en activo deben ser consideradas con certa cautela<sup>44</sup>.

A pesar do aumento do número de empresas distribuidoras, a distribución de longametraxes novas en 2019 é apenas un 33% superior que en 1983, e o total de longametraxes distribuídas é un 60% inferior.

#### Evolución do número de produtoras de cine e de producións españolas (1983/1991-2022)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte


A gráfica da evolución das produtoras de cine en España e das producións realizadas indica que o número medio de producións de cada empresa vén diminuíndo tras a crise económica de 2010, cun cambio de modelo que permite a súa subsistencia (coproducións, produción internacional etc.). A pesar desta crise, o número de empresas produtoras en España seguiu en tendencia ascendente.

están activas. Xa que logo, a cifra de 1983 recollida no cadro é a indicada como estimación na publicación do Ministerio de Cultura.

<sup>44</sup> Como no caso das produtoras de cine, as empresas distribuidoras en 1983, segundo o Rexistro de Empresas do ICAA, eran un total de 627. Na publicación *Cultura en cifras* estimase que a cifra de distribuidoras con actividade é moito menor.

A información en fontes estatísticas sobre produtoras e producións galegas de cine só aparece a partir de 1995. Percíbese un rápido aumento destas empresas entre 2001 e 2010, xa que pasan de 3 a 19. Aínda que a crise económica provoca a diminución destas empresas entre 2014 e 2017, a tendencia amosada polos datos indica unha recuperación rápida ata acadar os valores de antes da crise. Adicionalmente, a diverxencia detectada no caso de España entre producións e empresas produtoras non se dá para Galicia agás en casos puntuais.


**Evolución do número de produtoras de cine e de producións en Galicia**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

Na gráfica seguinte establécese a evolución do custo medio das producións cinematográficas en España. Cun aumento ininterrompido do indicador entre 1991 e 1999, o sector inviste nas producións un 160% máis en menos dunha década. Tras unha corrección no ano 2000, as cifras dos custos volven duplicarse en apenas seis anos. A partir dese momento e no contexto dun período de flutuacións, a tendencia é a dun descenso que dura ata o ano 2018, coa estabilización dos custos medios a partir de 2014 nuns 2,8 millóns de euros por produción.

## Evolución do gasto medio das producións de cine en España (miles de euros)



## 7.3. Vídeo

Existen estadísticas de mediados da década de 1980 sobre o sector da industria do vídeo que permiten establecer parcialmente unha comparación cos datos da actualidade, se ben estes últimos son poucos e non están completamente actualizados. O *Boletín de Estadísticas Culturales* (1988) repasa o número de empresas, tanto de persoas físicas como de persoas xurídicas, que se inscribiron no rexistro de negocios dedicados á produción, distribución ou importación de material audiovisual a partir do ano 1972. En 1986 en Galicia había rexistradas 14 empresas dun total de 1.063 no conxunto de España, 2 como persoas físicas e 12 como persoas xurídicas, o que supón o 1,13% do total.


En canto ao ámbito da distribución, a mediados da década de 1980 o Ministerio de Cultura estima a existencia duns 11.000 videoclubs<sup>45</sup>, cuxo número se reduce ata os 4.500 en 1993. Con todo, a pesar dese descenso,

<sup>45</sup> Estas cifras deben ser consideradas con cautela. Existen outras fontes, como por exemplo «La cinematografía y el videocassette», de Antonio Cuevas, en *Análisis e Investigacións Culturales*, nº 17 (1983), que sitúan o número de videoclubs en España entre 3.000 a 5.000 en 1983. A dificultade para determinar un número aproximado radica na falta dun censo e dunha metodoloxía para o seu cómputo (ponse como exemplo o feito de que moitos establecementos de fotografía ou electrodomésticos montaban seccións de alugueiro de videocasetes).

España segue sendo nos últimos anos do século XX o terceiro país de Europa con maior número de establecementos de alugueiro de películas. Mentres que a cifra de facturación de venda de películas en 1992 roldaba os 54 millóns de euros, a correspondente ao alugueiro achegábase aos 180 millóns. Coa desaparición da práctica totalidade das empresas de alugueiro de películas, non se pode facer unha comparativa actual para este ámbito.

A partir da revisión de varias fontes documentais, tamén se pode trazar a evolución das empresas de distribución de vídeo (aínda que con información incompleta nalgúns anos) e tamén do número de títulos e de copias por título (este último indicador non está dispoñible a partir do ano 2007).

**Evolución do número de empresas distribuidoras de vídeo e do número de títulos**



DOCUMENTOS  
DE TRABAJO  
CCG

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

A tendencia á diminución das cifras relativas ao sector do cine a mediados e finais da década de 1980 tamén se aprecia no descenso do número de títulos e empresas distribuidoras de vídeo. Pola súa banda, o pico que se produce entre os anos 2000 e 2010 coincide coa revitalización da asistencia de público ao cine, así como coa aparición do DVD nos fogares e a súa convivencia no tempo co VHS. Os datos volven caer, acentuados pola crise global, e o número de empresas de distribución sitúase en 2015 case ao

mesmo nivel que no ano 2000. Segundo os datos da SGAE, o número de películas lanzadas en soporte físico Blu-ray foi de 554 en 2021, das cales un 50% foi distribuído por dúas empresas. Aínda que hai que ter en conta os efectos da crise da COVID-19, esta cifra supón a metade da rexistrada en 2015, co lanzamento de 1.142 títulos.

## 8. Artes escénicas e musicais

Neste capítulo recóllese a evolución dos principais indicadores dalgunhas das actividades culturais máis importantes que conforman as artes escénicas e musicais: o teatro, a música e a danza. Ao longo do capítulo ofrécese información estatística sobre este ámbito durante o período temporal máis amplo do que se dispón de datos, á vez que se contrastan os resultados entre Galicia e España.

### 8.1. Teatro

As fontes estatísticas dispoñibles para describir as actividades do teatro son irregulares no tempo. Por unha parte, está a información básica procedente do *Anuario estadístico* do INE, que ata 1986 ofrecía datos recollidos en 1978. Por outra parte, cómpre acudir ao *Boletín de Estadísticas Culturales* (BEC) do Ministerio de Cultura de 1988, sucesor da publicación trimestral *Análisis e Investigaciones Culturales* (AIC), pero do que só se publicou un único número. Nese informe aparecen datos actualizados, algúns parciais de 1985 e outros máis completos de 1986. Pero entre esta data e o ano 2003 existe un baleiro estatístico que só se pode cubrir parcialmente con datos procedentes dos anuarios da SGAE. A partir de 2003 pode consultarse a serie histórica sobre espazos escénicos estables teatrais en CULTURABase e, a partir de 2005, nas diversas edicións do *Anuario de Estadísticas Culturales*.


**Número de teatros en España e Galicia**

	1986	2021	Incremento
<i>España</i>			
Número de teatros	903	1.748	94%
Por millón de habitantes	23	37	61%
<i>Galicia</i>			
Número de teatros	58	96	65%
Por millón de habitantes	21	36	71%
% Galicia/España	6,4%	5,5%	38%

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte (BEC e CULTURABase)



En España, o número de espazos teatrais practicamente se duplicou no período de 1986 a 2021. No caso de Galicia, o aumento foi dun 65% e o seu peso con respecto a España pasou dun 6,4% a un 5,5%.



Fontes: Ministerio de Cultura y Deporte (BEC e CULTURABase) e SGAE (*Anuario de 1998*)

No que respecta á evolución da presenza destes bens culturais en España e en Galicia, a tendencia en ambos os casos é similar no período entre 1978 e 1986, aínda que o peso dos espazos en Galicia con respecto ao cómputo global pasa do 4% ao 6,4%. Entre 1986 e 2003 prodúcese un baleiro, xa que non existen datos correspondentes a este período. Os datos de 2003 reflicten unha caída na cifra de teatros con respecto a 1986, xa que se computan só 46 teatros, é dicir, o 3,2% do total de España. A partir de 2005 xa supera o 5,4%, proporción que manterá con lixeiras variacións ata os últimos datos recollidos, correspondentes a 2022.

As fontes estatísticas do Ministerio tamén recollen en 1978 o número de localidades dos teatros (máis de 270.000 en España e máis de 9.400 en Galicia, un 3,5% do total). Non é posible realizar unha comparación coa situación actual, xa que nas estatísticas que realiza o Ministerio dende 2003 o indicador que se utiliza é o de número de espazos escénicos estables teatrais segundo treitos de capacidade das salas.



### Número de espectadores e de representacións teatrais en España e Galicia


	España	Galicia	% G/E
1986			
Espectadores	8.205.976	117.861	1,4%
Media de espectadores por teatro	9.087	2.032	22,4%
Representacións teatrais	37.794	757	2,0%
Media de representacións por teatro	42	13	31,0%
Media de espectadores por representación	217	156	71,9%
2019			
Espectadores	12.439.175	445.199	3,6%
Media de espectadores anuais por teatro	7.928	4.736	59,7%
Representacións teatrais	47.372	1.627	3,4%
Media de representacións por teatro	28	17	60,7%
Media de espectadores por representación	263	274	104,2%

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte (BEC e CULTURABase)

Para realizar unha comparativa temporal axeitada do número de espectadores e representacións teatrais é preciso analizar os datos relativos ao ano 2019, xa que os de 2020 e 2021 vense afectados pola situación de pandemia mundial. Entre 1986 e 2019 o número de espectadores que acudiron a representacións teatrais en España subiu algo máis dun 50% e pasa de 8,2 a 12,4 millóns. O aumento é moi superior no caso de Galicia (un 278%) e está relacionado co pouco peso relativo do número de espectadores en Galicia con respecto ao Estado, que en 1986 apenas era dun 1,4%.

Algo similar ocorre co número de representacións teatrais. O crecemento en España para o período 1986-2019 foi dun 25,3%, mentres que para Galicia foi dun 115%, ao pasar de 757 a máis de 1.600 representacións.


#### Evolución do número de espectadores nos teatros en España e Galicia



Fontes: Ministerio de Cultura y Deporte (BEC e CULTURABase) e SGAE

As cifras de espectadores de teatro en Galicia están numérica e proporcionalmente por debaixo da media estatal con respecto ao peso demográfico, mais a evolución anual reflicte un proceso de confluencia coas cifras do Estado. Non obstante, ese proceso viuse interrompido coa irrupción da crise sanitaria. En 2019 o público galego de teatro constituía un 3,6% do total para o conxunto de España.

#### Evolución do número de representacións teatrais en España e Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte (BEC e CULTURABase) e SGAE

No que respecta aos datos de representacións, dispónse de información dos anos 1985 e 1986 procedente do *Boletín de Estadísticas Culturales*. Ata o ano 2010 a tendencia dirixíase cara a unha converxencia da proporción de representacións en Galicia e en España (un 4,2% das representacións teatrais en España desenvolvéronse en Galicia), aínda que a crise económica deses anos volveu mudar a tendencia. Apréciase tamén un significativo descenso dende mediados da década de 1980 ata o ano 2005.

#### Comparación da recadación nos teatros en España e Galicia

	España	Galicia	% G/E
1986			
Recadación	28.777.933 €	469.504 €	1,6%
Recadación media anual por teatro	31.869 €	8.095 €	25,4%
Recadación media por representación	761 €	620 €	81,5%
Gasto medio por espectador	3,51 €	3,98 €	113,4%
Gasto medio por habitante	0,75 €	0,17 €	22,4%


2019			
Recadación	207.393.961 €	4.353.006 €	2,1%
Recadación media anual por teatro	121.354 €	46.309 €	38,2%
Recadación media por representación	4.378 €	2.675 €	61,1%
Gasto medio por espectador	40,33 €	34,56 €	85,7%
Gasto medio por habitante	4,42 €	1,61 €	36,5%

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte (BEC e CULTURABase)

A recadación dos teatros galegos pasou de supoñer só o 1,6% do total estatal en 1986 ao 2,1% en 2019, isto é, multiplícase por nove a súa cifra. No que respecta aos datos globais de España, a subida foi algo menor. Tamén se incrementou máis que no conxunto estatal a recadación media anual por teatro, pero sitúase proporcionalmente por debaixo debido a factores como o número de representacións, a capacidade dos espazos e a ocupación por representación.

O gasto medio por espectador en 1986 era algo superior en Galicia (3,98€) que no conxunto de España (3,51€). En cambio, os datos de 2019 (último ano antes do inicio da pandemia) indican que a subida deste indicador foi máis acusada na media do Estado (máis de 11 veces a cifra de 1986) que en Galicia, cun incremento menor (case 9 veces).

En contraposición coas cifras do gasto medio por habitante en cines descritas no capítulo anterior, nos teatros as cifras de gasto son moito máis modestas, con 0,75 € en 1986 e 4,42 € en 2019. Os datos para Galicia son máis baixos: cada persoa gastaba 0,17 € en teatro a mediados de 1980, mentres que en 2019 o gasto superaba escasamente 1,60 € (un 63% menos que a media estatal).



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte (BEC e CULTURABase) e SGAE

Existen varias diferencias na evolución dos cómputos de recadación entre España e Galicia entre 1986 e 2021. No conxunto do Estado, o incremento da recadación é sostido e constante ata 2010. A partir dese ano, coa crise económica, a recadación estáncase arredor dos 200 millóns de euros, aínda que se mantén máis estable que o número de representacións (entre 2010 e 2015 o número de representacións en España baixou un 25%, pero a recadación só se contraeu un 4%). Os datos correspondentes a 2021 débense ao contexto de crise sanitaria.

Galicia experimenta unha evolución algo diferente. O crecemento na recadación tamén é importante entre 1986 e 2010, pero máis inestable que no conxunto do Estado. Isto implica que en 2010 a recadación en Galicia apenas supón o 1,3% do total de España. Non obstante e a pesar da caída de representacións e de espectadores na comunidade, só cinco anos despois, en 2015, o incremento dos ingresos é de preto do 60% (2,15% do total estatal) e mantense case no mesmo nivel en 2019.

En canto ás cifras de produción, para os datos históricos consultouse o Centro de Documentación Teatral (CDT), que naceu en 1971, pero que nos seus primeiros anos se mantivo nunha situación de actividade precaria<sup>46</sup>. Non foi ata máis tarde cando se comezou a desenvolver un traballo de construción da institución co fin de dotala dun contido e labor axeitados. A única información, neste caso en formato de anuario, é a que se publica no CDT a partir de 1985 baixo o título *El Público*<sup>47</sup>, que recolle información sobre compañías, representacións etc. Actualmente, o Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música (CDAEM) dispón de varias bases de datos teatrais de consulta en liña referidas a entidades de teatro e circo (máis de 12.000 rexistros), estreas (máis de 51.000 rexistros dende 1939) e profesionais (18.000 rexistros), así como o directorio Guiarte de teatro e circo, que inclúe compañías, teatros, festivais, escolas e demais entidades do sector público e privado que xeran a actividade escénica en España.

---

<sup>46</sup> Véxase a publicación dixital *50 años del Centro de Documentación Teatral*, publicada en 2021 polo CDAEM: [https://www.teatro.es/contenidos2/50\\_anos\\_cdt.pdf](https://www.teatro.es/contenidos2/50_anos_cdt.pdf)

<sup>47</sup> Entre 1980 e 1984 o CDT tamén publica un boletín con información sobre representacións teatrais, con datos máis limitados.

Con fontes estatísticas limitadas, a publicación *Cultura en cifras* de 1996 ofrece algúns datos extraídos dos anuarios do CDT e da información da revista *Análisis e Investigaciones Culturales*, publicación trimestral que, ademais das fontes estatísticas culturais actualizadas, achegaba información de persoas expertas en temas monográficos para cada un dos números que publicaba. Tal e como están recollidos os datos, non resulta posible realizar unha desagregación por comunidades autónomas.

Para obter os datos actuais, as fontes consultadas foron as bases de datos específicas para teatro do CDAEM e a información estatística tanto do Ministerio de Cultura como da SGAE.

#### Indicadores do sector teatral en España

1985				
Compañías de teatro				427
Locais				526
Obras estreadas				481
Obras representadas	Total			1.762
	Obras representadas en España			1.697
	Obras representadas fóra de España			65
Festivais de teatro				57
	Total			29.176.405 €
Recadación de teatro	Recadación en España			25.983.392 €
	Recadación no estranxeiro			3.193.013 €
	Total			858
Profesionais do teatro	Autores teatrais			316
	Directores teatrais			341
	Actores (1984)			517
	Outros profesionais			201
2021/2022 (2019)		España	Galicia	% G/E
Compañías de teatro		4.590	255	5,6%
Recintos escénicos		1.756	97	5,5%
Obras estreadas en 2021 (2019)		1.250 (1.732)	--	--
Obras representadas – Total		--	--	--
Festivais de teatro		823	56	6,8%
Recadación de teatro – Total 2021 (2019)		95.202.228 € (207.393.961 €)	1.529.821 € (4.353.006 €)	1,6% (2,1%)
Profesionais do teatro	Total	18.065	--	--
	Autores teatrais	3.339	--	--
	Directores teatrais	s/d	--	--
	Actores	10.613	--	--
	Outros profesionais	4.000*	--	--

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte, da SGAE e do CDAEM

.....

No transcurso de case catro décadas, o número de compañías de teatro rexistradas multiplicouse por máis de dez e pasou de 427 a 4.590. Este visible incremento vén fomentado polo incremento no número de recintos escénicos e no número de obras estreadas, que oscila entre o 250% e o 300%.

O número de festivais de teatro tamén aumenta, en consonancia coas necesidades de ocio da sociedade e cunha maior oferta de artes escénicas. Mentres que en 1985 a cifra de festivais en España era inferior a 60, no ano 2021 superaba os 800. Inclúese no cadro a recadación de teatro, que pasa dos case 30 millóns de euros ata os máis de 200 millóns en 35 anos.

Por último, existen datos de 1985 sobre o número de profesionais do sector teatral rexistrados, 858, cifra que se multiplica por 21 en catro décadas ata superar os 18.000. Como no caso das compañías de teatro, é posible que a cifra rexistrada sexa algo inferior á realmente existente naquel momento.

## **8.2. Danza**

Con respecto á danza, a información é máis limitada e con baleiros de datos. Antes de 1980, de forma puntual e tanxencial, nos anuarios do INE é posible atopar referencias sobre «danza, ballet e danzas populares», como por exemplo o cadro estatístico que publica o INE sobre a evolución dos festivais culturais en España entre 1955 e principios da década de 1970, ou en cadros relativos ás «actividades artísticas dos servizos socioprofesionais».

O seguinte cadro non permite desenvolver unha comparativa completa sobre a situación da danza, pero ofrece algúns indicadores básicos, como o número de agrupacións e actuacións, con datos extraídos do INE para o ano 1978 e do Ministerio de Cultura e do anuario da SGAE para 2019 e 2021. Hai que ter en conta que os datos de 1978 inclúen tamén agrupacións e actuacións de coros, polo que as cifras deben tomarse con cautela.


## Comparativa de indicadores do sector da danza en España

		España	Galicia	% G/E
1978	Total	122	--	--
Agrupacións de coros e danzas (1978)	Compoñentes de agrupacións de coros e danzas	4.256	--	--
	Actuacións de coros e danzas (1977)	2.006	--	--
2021 (2019)	Total	932	82	8,8%
Compañías de danza	Representacións de danza (2019)	1.534 (2.160)	42 (67)	2,7% (3,1%)
	Espectadores de danza (2019)	409.799 (904.864)	13.112 (31.374)	3,2% (3,5%)
	Recadación de danza (2019)	4.977.427 € (8.697.297 €)	92.025 € (168.000 €)	1,8% (1,9%)

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, da SGAE, do CDAEM e do Ministerio de Cultura y Deporte

A publicación de *Cultura en cifras* tan só lle dedica á danza un cadro coa evolución dos indicadores referidos a compañías de teatro e a obras de danza entre 1985 e 1992, datos obtidos pola súa vez do anuario teatral *El Público*. Para o primeiro indicador sinala a existencia de 9 compañías en 1985, cifra que se incrementa rapidamente ata chegar a 46 compañías en 1992. Se se teñen en conta os datos do INE de 1978 (aínda que tamén inclúen agrupacións corais) e os de 1994, que sinalan a existencia de 223 compañías de danza no conxunto do Estado, é preciso sinalar que parece que os datos que usa *Cultura en cifras* non se adecúan á realidade da situación do sector que reflicte o INE. O seguinte gráfico marca a evolución en que se sinala este aspecto.

## Evolución do número de agrupacións/compañías de danza en España




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, do Ministerio de Cultura y Deporte e do CDAEM



En 1995, o *Anuario estadístico* elabora un cadro estatístico moito máis completo para o sector da danza a partir dos datos fornecidos por *Recursos de la danza en España* (Centro Documental Musical e Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música). A partir dese ano a publicación sobre os datos de profesionais no sector da danza seguirá editándose con periodicidade ata a desaparición deste indicador en 2017. O seguinte gráfico analiza a evolución do sector profesional, cun aumento dos profesionais rexistrados dos algo máis de 1.200 en 1995 ata os 5.000 en 2017. Hai que ter en conta que algunhas epígrafes non fan posible unha desagregación entre bailaríns, coreógrafos e docentes, polo que as cifras reflectidas nas epígrafes están calculadas sempre do mesmo xeito para que sexan coherentes coas que se manexaban nas recollidas estatísticas de 1994 a 1998.

**Evolución do número de profesionais da danza en España**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, do Ministerio de Cultura y Deporte e do CDAEM

Obsérvase o importante crecemento de profesionais, especialmente a partir de 1998, co seu punto álxido en 2011. Como ocorreu noutros sectores culturais, a chegada da crise afectou moi negativamente aos profesionais da danza. A cifra de bailaríns descende un terzo en apenas tres anos e o número de coreógrafos perde entre 2011 e 2014 un 13% do seu peso. O único perfil que non sufriu retrocesos foi o dos docentes de danza, que en todo o período rexistrado pasou de 151 a 1.814 persoas.

### 8.3. Música

As primeiras referencias estatísticas sobre a industria da música aparecen grazas aos datos publicados pola Subdirección General de Ediciones Sonoras da Dirección General del Libro. Ofrece xa na década de 1970 información similar á da produción editorial: xénero das gravacións depositadas e cifras totais presentadas a depósito, exemplares de tirada ou inscricións no Rexistro de Empresas Fonográficas.

#### Comparativa sobre a edición no sector musical en España

	España	% xénero
1983		
Gravacións depositadas (Total)	4.523	100,0%
	Clásica, instrumental	438 9,7%
	Clásicos, vocal	81 1,8%
Por xénero	Folclórica	389 8,6%
	Jazz	170 3,7%
	Lixeira	3.284 72,6%
	Varios	161 3,6%
Exemplares de tirada	6.627.089	--
Media de exemplares por gravación	1.465	--
2019		
Obras musicais inscritas no ISMN (total)	1.602	100,0%
	Instrumental	773 48,3%
	Vocal	483 30,1%
	Tradicional	10 0,6%
Por xénero	Jazz	0 0,0%
	Lixeira	237 14,8%
	Varios (educación musical, experimental, incidental, flamenco, escénica e sinfónico-coral)	99 6,2%
Obras musicais inscritas no ISMN (Galicia)	36	2,2%
Editores con actividade	Total	70 100,0%
	Galicia	10 14,3%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

Os datos estatísticos actuais sobre música, incluídos dentro do PEN como indicadores da parte de creación, refírense ás obras musicais e ás editoriais que remiten as súas inscricións no ISMN<sup>48</sup>, axencia que en España opera a partir de 2002. A solicitude de inscrición no ISMN realízaa o editor e non resulta obrigatoria, aínda que si é recomendable.

<sup>48</sup> ISMN é a sigla de *International Standard Music Number* (Número Internacional Normalizado para Música), que serve para identificar as publicacións de música notada.

.....

No que respecta á información sobre profesionais do sector, hai que agardar ata o ano 1985 para obter os primeiros datos estandarizados. O Centro Documental Musical<sup>49</sup> publica a primeira edición dun extenso catálogo do sector da música titulado *Recursos musicales en España*. Trátase dun directorio da base de datos de igual nome que residía na rede informática dos puntos de información cultural (PIC). A primeira edición recollía máis de 4.300 referencias, pero na introdución da edición de 1987 as persoas responsables do censo cualifican esa primeira recollida de deficiente e pouco achegada á realidade profesional do sector nese momento.

A publicación tivo outras seis edicións ata o ano 2001. Para o presente informe escolleuse a segunda edición, de 1987, que permite establecer algunhas comparativas estatísticas tras levar a cabo unha explotación manual básica. A publicación recolle datos de 1986, momento en que foi todo un reto establecer unha listaxe de máis de 8.000 referencias: un 46,6% eran profesionais do sector e o resto entidades de diverso tipo relacionadas coa música, publicacións periódicas etc. Para o caso de Galicia, a cifra ascendía a 242, o que supoñía un 6,5% do total.

O actual catálogo «Recursos de la música», que está accesible para a súa consulta no sitio web do CDAEM, recolle, con algunhas variacións estruturais, case todas as referencias da publicación de 1987, coa excepción do directorio de profesionais da música.

Con respecto a outros recursos do sector musical, pódese establecer un cadro comparativo de todas as entidades, órganos de xestión, salas de concerto, entidades de documentación e investigación, centros de ensinanza, empresas comerciais e actividades relacionadas co sector musical (festivais, cursos, premios, bolsas etc.). Tanto os datos de 1985 como os de 2022 permiten unha desagregación destas epígrafes, polo que pode o marco comparativo ampliarse a un nivel maior. Ao ser máis de 25 indicadores diferentes, no cadro reflíctense unicamente as cifras totais.

---

<sup>49</sup> Actualmente chámase Centro de Documentación de las Artes Escénicas y de la Música (CDAEM) e integra o Centro Documental Musical (CDM) e o Centro de Documentación Teatral (CDT).


**Comparativa de recursos do sector musical en España e Galicia (1985 e 2022)**

	España	Galicia	% G/E
1985			
Profesionais (total)	3.744	242	6,5%
Total	4.510	261	5,8%
Entidades (coros, bandas, agrupacións...)	2.057	145	7,0%
Órganos de xestión (axencias, asociacións, fundacións, consorcios...)	364	20	5,5%
Salas de concerto	124	6	4,8%
Recursos musicais			
Recursos de documentación e investigación (arquivos, bibliotecas, museos, fonotecas...)	223	16	7,2%
Centros de ensinanza (conservatorios, escolas, academias, universidades)	304	15	4,9%
Empresas comerciais (afinación, editorial, comercio, instrumentos, estudos de gravación...)	335	10	3,4%
Actividades (festivais, cursos, premios...)	1.103	49	4,4%
2022			
Profesionais (total)	--	--	--
Total	10.312	715	6,9%
Entidades (coros, bandas, agrupacións...)	5.408	461	8,5%
Órganos de xestión (axencias, asociacións, fundacións, consorcios...)	859	35	4,1%
Salas de concerto	375	12	3,2%
Recursos musicais			
Recursos de documentación e investigación (arquivos, bibliotecas, museos, fonotecas...)	702	38	5,4%
Centros de ensinanza (conservatorios, escolas, academias, universidades)	1.854	129	7,0%
Empresas comerciais (afinación, editorial, comercio, instrumentos, estudos de gravación...)	507	20	3,9%
Actividades (festivais, cursos, premios...)	1.466	55	3,8%


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e do CDAEM

Os rexistros duplícanse nas últimas catro décadas no conxunto estatal, e no caso galego case se triplican, xa que pasan de 261 a 715 recursos diferentes. A subida débese principalmente ao aumento do número de entidades

musicais (coros, bandas, agrupacións líricas ou de cámara, orquestras etc.), que das 145 que había en 1983 chegan a superar as 460 en 2022 (un 8,5% do total en España). Existe outra epígrafe que concentra tamén unha subida moi significativa en Galicia: os centros de ensinanza. Formados por conservatorios, escolas públicas e privadas, academias e universidades, pasan de ser un 5% do conxunto de España en 1985, con 15 rexistros, a acadar case os 130 rexistros, un 7% do total estatal.

O resto de recursos relacionados co sector musical en Galicia experimentan unha evolución numérica positiva en todas as epígrafes, pero na maior parte delas perden peso proporcional con respecto á cifra total do Estado. Por exemplo, dúplícanse as salas de concerto rexistradas, pero a cifra estatal triplicábase, polo que a porcentaxe destes equipamentos baixa ata o 3,2%.

**Evolución do número de recursos musicais en epígrafes específicas**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte

Aínda que os datos accesibles dificultan en exceso poder desenvolver un gráfico da evolución dos indicadores de recursos musicais, si se pode ver a evolución a partir dos datos recollidos nas publicacións que se fixeron entre mediados da década de 1980 e principios do século XXI. Para a gráfica anterior recolléronse algúns indicadores, especialmente os referidos ao emprego cultural.

Pódese apreciar que nos datos do ano 2000 só a cifra de instrumentistas se duplica en tres anos, probablemente debido a unha mellora da recollida de información estatística ao respecto. Nese ano, entre compositores, cantantes e instrumentistas, a cifra de emprego no sector musical acadaba case as 5.000 persoas.

## 9. Bibliotecas e arquivos

En 1975 publícase o primeiro número da serie denominada *Estadística de Bibliotecas* do Ministerio de Cultura y Deporte. Esta publicación segue as recomendacións da UNESCO de 1970 para adoptar un modelo estatístico normalizado. A pesar disto, nos datos non se recollía o grupo «bibliotecas non especializadas», que non se incluírá ata 1990, pero si se recollen as «bibliotecas escolares», que desaparecen da recollida a partir de 1986.

Esta publicación interrómpeuse dende finais de 1970 ata mediados de 1980, polo que os datos dispoñibles limítanse unicamente aos recollidos no *Anuario estadístico de España*, que inclúe datos básicos, e no *Anuario de Estadísticas Culturales*, no que unicamente aparece información sobre as bibliotecas públicas do Estado, con datos de nove indicadores relativos a adquisicións, préstamos, fondos, poboación servida etc. Estas deficiencias nas fontes dificultan a análise de máis datos que os básicos que se recollen no *Anuario estadístico*.

A partir de da década de 1990 e ata a actualidade, as recollidas realízanse de forma periódica tanto o INE como o Ministerio de Cultura nos distintos volumes sobre as cifras da cultura e nos anuarios publicados a partir 2005.

### Número de bibliotecas en España e Galicia que ofreceron datos da tipoloxía das bibliotecas (1983 e 2020)<sup>50</sup>

	España	Galicia	% G/E
1983			
Total bibliotecas	2.674	148	5,5%
Institucións de ensinanza superior	424	24	5,7%
Especializadas	573	26	4,5%
Públicas	1.677	98	5,8%
Bibliotecas por cada 100.000 habitantes	8,9	6,6	74,2%
2020			

<sup>50</sup> Co fin de establecer unha comparativa axeitada entre os anos 1983 e 2020, nos datos de 1983 elimináronse as bibliotecas escolares, mentres que nos resultados de 2020 non se contabilizan as denominadas «para grupos específicos de usuarios».


Total bibliotecas	5.600	371	6,6%
Institucións de ensinanza superior	246	12	4,9%
Especializadas	1.811	137	7,6%
Públicas e estatais	3.543	222	6,3%
Bibliotecas por cada 100.000 habitantes	11,8	13,7	116,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e do Ministerio de Cultura y Deporte

A partir dos datos deste cadro pode observarse o esforzo desenvolvido para dotar a poboación destas infraestruturas culturais, que xa naquel momento se consideran insuficientes e mal distribuídas para darlle servizo á poboación. En corenta anos a cifra de bibliotecas en España medrou un 109%, mentres que en Galicia o crecemento foi de máis dun 150%. Esta diferenza enténdese polo feito de que se parte dunha situación moito máis deficitaria, con apenas 6,6 bibliotecas por cada 100.000 habitantes, fronte ás case 9 do Estado español. Sumado este esforzo a unha perda de poboación, enténdese que en 2020 a ratio de bibliotecas por cada 100.000 habitantes en Galicia sexa superior que no conxunto do Estado.

En canto á distribución provincial, en 1983 A Coruña e Pontevedra repártense dous terzos do total de bibliotecas, mentres que o outro terzo se localiza en Lugo e Ourense, composto por infraestruturas máis modestas. Así e todo, no que respecta ás bibliotecas públicas, nese ano distribúense case do mesmo xeito na Coruña, en Lugo e en Ourense, con pouco máis de 20 bibliotecas públicas, mentres que Pontevedra rexistra ese ano 33. En 2020 na provincia da Coruña aumenta a proporción de bibliotecas, con catro de cada dez, mentres que na de Pontevedra diminúe ata un 25%. Lugo e Ourense suman un terzo do total de bibliotecas activas da comunidade (18% e 15% respectivamente).

No que corresponde á evolución da distribución porcentual entre tipos de bibliotecas, esta foi moi semellante nos últimos corenta anos tanto en España como en Galicia: do total de bibliotecas recollidas no cadro comparativo, en 1983 dous terzos eran públicas, case unha de cada cinco eran especializadas e un 16% correspondía a bibliotecas de institucións de ensinanza superior. En 2020 a distribución mudou de forma salientable cara ás bibliotecas especializadas, que soben a unha de cada tres, mentres que as públicas baixan ata un 60%; as das institucións de ensinanza superior quedan entre un 3% e un 4% e son as únicas que tamén diminúen en cantidade.

Evolución do número de bibliotecas en España e Galicia (1983-2020)<sup>51</sup>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e do Ministerio de Cultura y Deporte

Pódese observar que a evolución do número de bibliotecas, tanto en España como en Galicia, foi similar. Durante a década de 1980 e ata finais do século XX prodúcese un importante incremento dos espazos bibliotecarios e alcánzase o pico máximo de toda a serie histórica no ano 2000, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. A partir dese momento España pasa por unha fase de estabilización e o número de bibliotecas sitúase entre as 6.300 e as 6.800, pero en Galicia prodúcese en 2008 un declive progresivo no número total de infraestruturas, que no conxunto do Estado comeza a apreciarse máis tarde, a partir de 2014. Os datos de 2020 deben tomarse con certa cautela, debido principalmente a que a crise sanitaria da COVID-19 alterou a recollida de información estatística no que respecta ao número de bibliotecas que proporcionaron datos.

<sup>51</sup> Para esta gráfica téñense en conta tamén as bibliotecas non especializadas, que comezaron a contabilizarse a partir de 1990 (actualmente baixo a denominación «para grupos específicos de usuarios»). Xa que logo, as cifras son lixeiramente maiores que no cuadro comparativo entre 1983 e 2020. Os datos de 1983 non contan as bibliotecas escolares debido á súa desaparición, a partir de 1986, da epígrafe correspondente.



A seguinte táboa analiza a evolución dos volumes e das publicacións periódicas das bibliotecas nas últimas catro décadas. Hai que ter en consideración que os datos dun nivel inferior ao estatal non permiten unha desagregación por tipo de biblioteca. Xa que logo, neste caso os datos recollen a información de fondos de bibliotecas escolares (1983) e de bibliotecas non especializadas e das comunidades autónomas (2020).


**Fondos das bibliotecas en España e Galicia (1983 e 2020)**

	España	Galicia	% España
<b>1983</b>			
Total bibliotecas	2.674	148	5,5%
Total fondos	45.551.734	1.853.318	4,1%
Media de fondos por biblioteca	17.035	12.522	--
Fondos (nº volumes)	45.346.677	1.847.596	4,1%
Publicacións periódicas en curso (títulos)	205.057	5.722	2,8%
Fondos por habitante	1,2	0,7	--
<b>2020</b>			
Total bibliotecas	5.902	419	7,1%
Total fondos	236.480.497	13.114.524	5,5%
Media de fondos por biblioteca	42.289	35.349	--
Fondos (nº volumes)	236.051.966	13.024.272	5,5%
Publicacións periódicas en curso (títulos)	428.531	90.252	21,1%
Fondos por habitante	5	4,9	--

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e do Ministerio de Cultura y Deporte

Mentres que as infraestruturas bibliotecarias duplicaron a súa presenza nos últimos corenta anos, os fondos aumentaron máis dun 400% en España e máis dun 600% no caso de Galicia. Pode verse o avance da comunidade galega en canto á dotación de material ás bibliotecas tanto na proporción de fondos totais por biblioteca, que en Galicia case se triplica, como na de fondos por habitante, que pasa de 0,7 libros por habitante en 1983 ata case 5 volumes por habitante no ano 2020, cifra practicamente equiparada coa estatal.

Tamén é significativo o aumento de títulos das publicacións periódicas en curso. En 1983 existe unha infradotación comparativa entre Galicia e o conxunto de España, mentres que os datos de 2020 indican que a nosa é a primeira comunidade autónoma en canto á presenza de títulos en curso de recepción de publicacións periódicas, por diante de Cataluña (19,5%) ou Madrid (17,4%).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Cultura y Deporte e do INE

A pesar de que a información básica sobre fondos bibliotecarios en Galicia non está completa ata o ano 2002, pode establecerse unha tendencia ascendente estable que segue a mesma que a media nacional con pequenas diferenzas. A pesar de que se percibe un aumento en 2016 e 2018 do número de volumes en Galicia con respecto á media estatal, cando se alcanza o 6,3% do total de volumes das bibliotecas en España, os últimos datos publicados no *Anuario* do Ministerio recollen un descenso do 9,5% con respecto ao ano 2018.

Por outra banda, a evolución da media de volumes en Galicia e España é similar na súa estrutura á do total de fondos. Si hai diferenzas no que respecta á media de libros por habitante, que no caso de Galicia iguala a media estatal en 2008 e supéraa a partir de 2012, se ben hai que este resultado está condicionado polo descenso demográfico na comunidade.

Na procura de máis datos comparativos entre a década de 1980 e a década de 2020 cómpre acudir a outras fontes. No ano 1987, a Subdirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio Documental da Xunta de Galicia publica o *Mapa bibliotecario de Galicia* con datos sobre as bibliotecas

públicas municipais recollidos durante o ano 1985. Este informe, que tamén supuxo un importante esforzo de recompilación estatística, permite realizar unha análise en perspectiva da evolución das bibliotecas en Galicia entre 1985 e 2020 en diversos aspectos cuantitativos básicos<sup>52</sup>.

No seguinte cadro faise unha comparativa das bibliotecas públicas entre 1985 e 2020, se ben nas cifras do primeiro ano non están incluídas as escolares.

**Bibliotecas públicas en Galicia segundo o número de volumes e tipo de biblioteca**

	Menos de 4.000 volumes	Máis de 4.000 volumes	Total
<b>1985</b>			
Total bibliotecas públicas	80 (35,7%)	144 (64,3%)	224 (100%)
Públicas (número e % horizontal)	49 (40,2%)	73 (59,8%)	122 (100%)
Universitarias (número e % horizontal)	11 (20,0%)	44 (80,0%)	55 (100%)
Outras (número e % horizontal)	20 (42,6%)	27 (57,4%)	47 (100%)
<b>2020</b>			
	Menos de 5.000 volumes	Máis de 5.000 volumes	Total
Total bibliotecas públicas	92 (23,3%)	303 (76,7%)	395 (100%)

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e do *Mapa bibliotecario de Galicia*

Aínda que non é posible comparar por tipoloxía de bibliotecas, pódese observar que a proporción de infraestruturas bibliotecarias pequenas diminuíu de forma considerable (máis de 12 puntos porcentuais), tendo en conta que na comparativa de 2020 a selección dos treitos no deixa máis opción que elevar a cifra a 5.000 volumes.

Este dato complementábase coa superficie ocupada polas bibliotecas. En 1985 a media de superficie dedicada a albergar bibliotecas públicas en Galicia era de case 110 metros cadrados, con infraestruturas que ían dos 30

<sup>52</sup> Debido ás diversas metodoloxías de recollida de datos, hai variacións significativas sobre o número de bibliotecas en Galicia en 1985. O IGE contabiliza 237 bibliotecas nese ano. Segundo o «Directorio de bibliotecas españolas» (Ministerio de Cultura y Deporte) a cifra ascendía a 329, mentres que o mapa bibliotecario indica que o número total de bibliotecas non privadas era de 538, se ben tamén sinala que unha porcentaxe significativa destas non estaban operativas ou operaban de xeito extremadamente precario. Hai que ter en conta que esas cifras recollen as bibliotecas escolares, cuxo número tamén varía segundo a entidade que faga a recollida de datos.

metros cadrados ata os 460. No caso dos datos de 2020, o número de bibliotecas en Galicia con superficies entre os 100 e os 249 metros cadrados é o máis habitual (36,5%), seguido de preto polas infraestruturas de menos de 100 metros cadrados (31,9%), polo que tamén se aprecia unha tendencia a ir ampliando o espazo destes equipamentos culturais.

Existen outros indicadores que, debido á forma de recollida e exposición dos datos, non permiten a súa análise comparativa completa. Por exemplo, na publicación do mapa, tanto os postos lectura como as horas de apertura preséntanse como datos medios, mentres que os resultados do Ministerio aparecen por número de biblioteca. Tamén se recolle, de forma similar, o tempo de apertura das bibliotecas municipais. O horario medio semanal das bibliotecas municipais galegas situábase arredor das 17,3 horas, mentres que nos resultados de 2020 só un 19% das bibliotecas galegas ten un horario de apertura inferior ás 20 horas.

No que respecta a equipamentos de reprodución de imaxe e son, o mapa tan só inclúe proxectores de diapositivas, tocadiscos e magnetófonos, mentres que as opcións para esta variable na análise de 2020 do Ministerio son moito máis xenéricas. Tendo en conta este aspecto, percíbese claramente un incremento de bibliotecas que contan con equipamento audiovisual, que pasan dun 12,5% de bibliotecas con equipamentos de imaxe e un 33,6% con equipamentos de son ata case un 31% e un 40%, respectivamente.

No relativo ao persoal das bibliotecas públicas municipais, estas contaban con apenas 113 persoas, o que indica que en máis do 85% destas infraestruturas traballaba naquel momento unha soa persoa e unicamente dúas bibliotecas contaban con tres ou máis persoas ao seu servizo. Dese persoal, o 35% tiña titulación de diplomatura ou licenciatura universitaria ou superior. Por último, a dedicación da gran maioría deste persoal era a tempo parcial (case o 90%). O informe incide nesta precariedade e pon de manifesto a existencia de situacións laborais irregulares (25% do total) no servizo de atención bibliotecaria municipal, con exemplos de traballo voluntario, persoal que exerce as funcións de bibliotecario aínda que o seu labor é outro completamente diferente, irregularidades nos soldos, etc.



A situación laboral evolucionou nas últimas catro décadas grazas á lexislación, ao aumento orzamentario por parte das distintas administracións e a unha maior sensibilidade por parte dos equipamentos culturais. O Ministerio de Cultura y Deporte recolle en 2020 a cifra de 1.325 persoas nos cadros de persoal bibliotecario de Galicia (un 5,7% do total estatal), das cales un 83,1% traballa a tempo completo. Do persoal incluído no cadro laboral, case un 37% se corresponde con persoal bibliotecario profesional e persoal especializado e a media por biblioteca é de 3,6 persoas.

A pesar de todo, segue a ser significativo o peso do persoal voluntario nas bibliotecas en Galicia con respecto ao Estado: 162 dun total en España de 924 persoas (17,5%), das cales un 44% traballa o equivalente a tempo completo. Esta cifra sitúa a Galicia na primeira posición na relación de persoal voluntario, a moita distancia doutras comunidades máis poboadas.

En canto aos arquivos, a situación das fontes estatísticas é moi limitada durante todo o século xx, agás no caso dos arquivos históricos ou dos estatais, algúns dos cales (por exemplo, o Arquivo do Reino de Galicia) contan mesmo con anuarios precisos e datos estatísticos comparables. En 1977 creouse o Centro de Información Documental de Archivos (CIDA), que elabora un censo-guía, tras unha primeira publicación en 1972 da Inspección General de Archivos, aínda que xa se recollía información censual dez anos antes. Coa Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, que establece, entre outras cousas, a definición de «arquivo», o CIDA conta cunha cobertura legal para a elaboración estandarizada do seu censo. No caso de Galicia, en 1986 apróbase o Decreto 414/1986, que comeza a regular o sistema público de arquivos en Galicia.

En canto ás primeiras fontes estatísticas públicas periódicas, hai que agardar á publicación de datos con cobertura de fontes a partir do ano 2003, que só recolle datos sobre os arquivos estatais. Existen, non obstante, dúas fontes que contabilizan e categorizan os arquivos de España: a publicación *Cultura en cifras* (1996), do Ministerio de Cultura y Deporte, e a súa continuación *Las cifras de la cultura en España* (2002). Os resultados que aparecen nas publicacións foron elaborados a partir da explotación estatística da información de 1995 e 2001 da base de datos CARC (Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica, a través do CIDA<sup>53</sup>).

---

<sup>53</sup> Pódese consultar en: <http://censoarchivos.mcu.es/>

As diferenzas no número de arquivos entre 1995 e 2001 son estatisticamente inapreciables<sup>54</sup>, polo que a partir da fonte máis antiga e dos datos actuais do censo podemos establecer unha comparativa aproximada de case trinta anos.

**Número de arquivos en España e Galicia e por cada 1.000 habitantes (1995-2022)**

	España	Galicia	% G/E
<b>1995</b>			
Nº total de arquivos	33.993	4.614	13,6%
Por cada 1.000 habitantes	0,86	1,69	--
<b>2022</b>			
Nº total de arquivos	36.519	4.222	11,6%
Por cada 1.000 habitantes	0,77	1,57	--
Evolución 1995-2022	7,4%	-8,5%	--

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Cultura y Deporte e do *Censo de Archivos*

No cadro pódese observar o elevado peso proporcional da presenza de arquivos en Galicia sobre o conxunto estatal (entre un 11% e un 13%). En 1995, Galicia era a segunda comunidade autónoma con maior número de arquivos, só por detrás de Castela e León e seguida de preto por Andalucía. Con respecto aos datos actuais, mentres que no conxunto do Estado aumentaron os seus arquivos nun 7,4% en case tres décadas, Galicia perdeu case 400 (un 8,5% do total).

**Tipoloxía de arquivos en Galicia**

	1995	2022
Total	4.614	4.222
Estatais	4	4
Administración central	255	241
Administración autonómica	67	44
Administración local	287	284
Administración de xustiza	418	414
Relixiosos	2.818	2.464
Económicos (empresas e entidades bancarias)	168	191
Sindicais e organizacións patronais	12	13
Notariais	63	59
Recreativos e deportivos (cultura)	30	65
Partidos políticos	3	3
Medios de comunicación	13	13
Centros asistenciais-benéficos	23	19
Centros hospitalarios	38	42
Institucións científicas e de investigación	24	34

<sup>54</sup> En cifras absolutas, o número de arquivos en 2001 en España era de 34.084 (un 0,27% máis) e en Galicia de 4.618, (un 0,09% máis), o que dá idea da pouca mobilidade destes equipamentos ao longo do tempo.



Particulares/familiares	16	14
Centros docentes	268	242
Cámaras agrarias	107	17
Outros	0	59

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Cultura y Deporte e do *Censo de Archivos (2023)*

A partir dos datos desta táboa, pódese determinar que os arquivos relixiosos foron os que máis diminuíron en termos de cantidade neste período de case trinta anos, con 354 arquivos menos en toda Galicia. Tamén é significativa a práctica desaparición dos arquivos das cámaras agrarias, que pasan de 107 en 1995 a tan só 17 na actualidade. A cifra estatal sofre unha caída moi similar, dun 80%, ao reducirse duns 1.400 a menos de 300 arquivos.

Por último, é preciso sinalar algúns dos esforzos externos ás administracións na procura de información estatística. Se se toman como punto de partida informes e análises estatísticas de agrupacións de arquiveiros en varias zonas xeográficas próximas<sup>55</sup>, en 1986 a Comisión de Arquivos Municipais de ANABAD-Galicia tentou facer unha recollida estatística da situación dos arquivos municipais galegos mediante unha enquisa postal<sup>56</sup>.

Se se ten en conta o escaso número de respostas recibidas (71 en total, con maior porcentaxe de resposta dos concellos pontevedreses), o informe sostén que a situación dos arquivos municipais a mediados de 1980 é precaria, escasamente organizada e sen apenas persoal especializado ao coidado dos fondos arquivísticos.

Das respostas obtidas, preto dun 29% declarou que posuía un arquivo histórico e un arquivo de xestión, un 59% só dispoñía dun arquivo de xestión e un 2,8% posuía unicamente un arquivo histórico. En canto á categoría laboral da persoa responsable do arquivo municipal, das 71 respostas recibidas, tan só catro (5,6%) declararon que o responsable era un arquiveiro

<sup>55</sup> «Inquérito Nacional aos Arquivos Municipais Portugueses» (*Actas do II Congreso BAD*, Coimbra, 1987), ou varios informes entre 1984 e 1985 do Grupo de Traballo de Arquiveiros Municipais de Madrid.

<sup>56</sup> «Informe preliminar sobre el estado actual de los archivos municipales de Galicia», elaborado polo persoal da Comisión de Arquivos Municipais de ANABAD-Galicia e publicado en 1987 nas *Actas das I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas, Centros de Documentación e Museos de Galicia* (tomo I, pp. 115-155). É posible a súa consulta na páxina da federación: <https://www.anabad.org/wp-content/uploads/2012/01/Ixornadastomol.pdf>

.....

e un 2,8% que era un técnico en arquivos. A maior parte das respostas (56,3%) indicaron que a persoa encargada do arquivo era o secretario municipal e un 35% non mencionou a ninguén.

No que respecta ao tipo de instalacións do arquivo, oito de cada dez tiñan instalacións propias. En canto ao estado de organización dos seus fondos, apenas un 26% indicou que os seus arquivos se atopaban sistematizados, un 42% afirmou que estaban en proceso e un 10% sinalou que non o tiñan estruturado. Se se afonda nos resultados sobre os instrumentos de descrición, un 20% indicou que só posuían un inventario e un 2,8% declarou que posuían un catálogo ou guía. Nos restantes casos non se respondeu a esta cuestión.

## **10. Patrimonio cultural**

Este capítulo divídese en dous apartados. Abordaranse, en primeiro lugar, os museos como espazos depositarios do patrimonio cultural e responsables da súa custodia, protección e promoción e, en segundo lugar, os bens de interese cultural (BIC), que son todos aqueles bens mobles e inmobles que pola súa relevancia social ou histórica obtiveron esta declaración por parte das administracións competentes para velar pola súa protección.

### **10.1. Museos**

As fontes estatísticas dos museos son máis recentes que as doutras infraestruturas culturais primarias. Os primeiros estudos estatísticos publicados correspondentes ao Ministerio de Cultura son do ano 1994. Antes deste ano, tan só existe información en formato censo, con datos procedentes da base de datos de museos da Secretaría General Técnica do Ministerio na publicación do directorio *Museos y colecciones de España*. Ten como punto de partida o ano 1969 e será publicado en posteriores edicións e actualizacións cunha periodicidade irregular (en 1972, 1980, 1986, 1991...). Por outra banda, entre finais de 1970 e principios da década de 1980, en España xorden algúns informes estatísticos parciais, como por exemplo para



a cidade de Barcelona<sup>57</sup> ou o País Vasco<sup>58</sup>, desenvolvidos por outras entidades.

No caso de Galicia, ademais dunha análise xeral descritiva de Francisco Fariña<sup>59</sup>, na que se sinala a existencia de 35 museos no ano 1975, existe un informe estatístico publicado no tomo II das *Actas das I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas, Centros de Documentación e Museos de Galicia*, organizada por ANABAD-Galicia en outubro de 1987<sup>60</sup>. O «Informe sobre los museos gallegos: situación y perspectivas» recolle datos dun cuestionario realizado en 1986 e ofrece unha idea bastante fidedigna da situación dos espazos museísticos galegos de mediados da década de 1980. Estes datos, ademais, permiten a súa comparación coas estatísticas do Ministerio de Cultura y Deporte, co fin de establecer a evolución dos museos e coleccións nos últimos corenta anos.

No ano 1986, en Galicia había 41 museos e 6 coleccións, o que fai un total de 47 espazos museísticos: 23 na provincia da Coruña, 12 en Lugo, 6 en Ourense e 6 en Pontevedra, cunha cifra de 1,66 museos por cada 100.000 habitantes<sup>61</sup>.

---

<sup>57</sup> *Llibre blanc dels museus de la ciutat de Barcelona* (Serveis de Cultura, Ajuntament de Barcelona, 1979, 2ª ed.) ou *Difusión cultural de los museos. Balance 1979-1982* (Serveis de Cultura, Ajuntament de Barcelona, 1982).


<sup>58</sup> *Censo de museos del País Vasco* (Sociedad de Estudios Vascos, San Sebastián, 1982).

<sup>59</sup> «Los museos gallegos», *Grial*, 49 (1975), pp. 312-324.

<sup>60</sup> «Informe sobre los museos gallegos: situación actual y perspectivas», en *Actas das I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas, Centros de Documentación e Museos de Galicia* (ANBAD-Galicia / Federación Española de Asociaciones de Profesionales de los Archivos, las Bibliotecas, los Centros de Documentación, de Información y de Interpretación, los Museos y los Yacimientos Arqueológicos, 1987, tomo II, pp. 694-784).

<sup>61</sup> Os datos difiren lixeiramente dos publicados no censo do Ministerio *Museos y colecciones de España* (1986), no que se dá conta de 46 espazos museísticos en Galicia (16 na Coruña, 11 en Lugo, 8 en Ourense e 11 en Pontevedra).

## Evolución do número de museos en España e Galicia (1983-2020)



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

A evolución do número de museos e coleccións en Galicia e España é ascendente no espazo dos últimos corenta anos (case se duplican en Galicia e aumentan un 60% no caso do conxunto do Estado), se ben existe un estancamento na cifra estatal a partir de 2008 e de 2016 en Galicia. Hai que ter en conta que os distintos marcos e cambios de regulación das comunidades autónomas fixo que o número de espazos coa consideración de museos mudase nas distintas recollidas globais de datos do Ministerio<sup>62</sup>. O peso de Galicia con respecto ao conxunto de España nestes últimos corenta anos, agás flutuacións puntuais, pasou rapidamente a situarse nunha media dun 5,4%, e a cifra de museos por cada 100.000 habitantes aumentou de 1,66 en 1986 a 3,15 en 2020, equiparada á media do conxunto de España, situada en 3,18.

Número de museos segundo a súa titularidade<sup>63</sup>

Titularidade	1986	2000	2020	Incremento % (horizontal)
<i>Pública</i>				
Estatal	6	7	9	50%
Comunidade autónoma	0	3	8	--

<sup>62</sup> Matizacións neste sentido aparecen reflectidas na sección «Metodoloxía» de varias edicións de *Museos y colecciones museográficas*.


<sup>63</sup> No informe de ANABAD a metodoloxía de titularidade divídese en sete categorías distintas, polo que houbo que facer unha agregación de datos para achegar os comparables correspondentes.

Administración local	14	22	26	86%
Outra	0	0	1	--
<i>Privada</i>				
Eclesiástica	13	16	14	8%
Outra	13	18	24	60%
<i>Mixta</i>				
Total	1	3	1	0%

Fonte: Elaboración propia a partir de ANABAD e Ministerio de Cultura y Deporte


No que respecta á titularidade dos museos, en 1986 un 42,6% destes eran públicos (6 estatais, 4 das deputacións e 10 de administracións locais; aínda non se recollen museos de titularidade autonómica). Dos restantes, case a metade eran de propiedade eclesiástica, e logo hai outras casuísticas (un museo militar, varias coleccións, padroados e un museo de titularidade múltiple). Coa aparición do Estado das autonomías e unha maior implicación das entidades locais, no ano 2020 o maior aumento de museos dáse no ámbito público. En comparación co ano 1986, apréciase un aumento de case 10 puntos porcentuais na proporción de museos públicos galegos e unha diminución da mesma porcentaxe para os privados.

**Evolución da titularidade dos museos galegos (1986-2020)**



Fonte: Elaboración propia a partir de ANABAD e Ministerio de Cultura y Deporte

Do total de museos galegos, só un 17% contaba con padroado no ano 1986, porcentaxe que aumentou ata un 30% en 2020, mentres que a media estatal para este ano se sitúa en preto dun 22%.



Fonte: Elaboración propia a partir de ANABAD e Ministerio de Cultura y Deporte

Este gráfico mostra a evolución dos museos segundo a súa tipoloxía en Galicia. Realizouse un labor de redefinición das tipoloxías do informe de 1986 para poder harmonizalas e comparalas cos datos de 2020, aplicando a metodoloxía indicada na publicación de 1986 do Ministerio. Percíbese un aumento importante de museos relacionados coa historia e a arqueoloxía e coa etnografía galegas, que superan un 100% de presenza en ambos os casos en comparación cos datos de 1986. En menor medida, pero en consonancia coa posta en valor de aspectos históricos e patrimoniais de Galicia, tamén resulta significativa a irrupción das casas-museo: mentres que en 1986 se recollen tres (denominadas Museo Emilia Pardo Bazán, Casa Otero Pedrayo e Casa-Museo Rosalía de Castro), en 2020 a cifra elévase a oito<sup>64</sup>.

**Número de museos galegos pechados en 1986, 2000 e 2018**

	1986	2000	2018
Total museos en Galicia	47	66	85
Museos pechados	8	4	5
% pechados en Galicia	17,0%	6,1%	5,9%
% pechados en España	Sen datos	7,5%	2,5%


Fonte: Elaboración propia a partir de ANABAD e Ministerio de Cultura y Deporte

<sup>64</sup> Na publicación *Museos y colecciones de España* de 1986 tamén aparece censada a Casa-Museo Curros Enríquez, aínda que figura como espazo pechado debido ao seu estado «moi precario».

Tamén resulta posible comparar a apertura dos museos entre 1986 e 2018 (os datos de 2020 non resultan comparables debido a que a crise sanitaria da COVID-19 desvirtuou a estatística de apertura dos espazos públicos). Os resultados indican un aumento da accesibilidade aos museos: en 1986, o 17% dos museos estaban pechados (8 dun total de 47, en gran medida debido á precariedade laboral), mentres que en 2018 a porcentaxe se situou no 5,9%, aínda que seguía afastada da media estatal, que acadou o 2,5%.

En 1986, dous terzos dos museos eran de entrada exclusivamente gratuíta. Os museos estatais e o Museo Provincial de Pontevedra cobraban entrada a estranxeiros, e só había nove museos (19%) que cobraban unha entrada a visitantes españois, dos cales dous non cobraban un prezo fixo. En comparación con 2020, a porcentaxe de museos exclusivamente gratuítos é do 54,2%.

**Equipamentos dos museos galegos en 1986, 2000 e 2020**



Fonte: Elaboración propia a partir de ANABAD e Ministerio de Cultura y Deporte


O informe de 1986 analiza unha serie de equipamentos, instalacións e servizos cos que contan os museos galegos. Debido á composición do estudo, tan só a metade dos indicadores son comparables coas recollidas estatísticas do Ministerio. Obsérvase unha evolución positiva en todos os indicadores, especialmente en instalacións como os talleres de restauración, as salas de investigadores ou os salóns de actos, que triplican a súa presenza

nos museos galegos. No caso do primeiro, o informe de ANABAD-Galicia incide na extrema precariedade dos servizos de restauración e sinala que na enquisa só se validaron aqueles que tiñan unha capacidade operativa minimamente axeitada. Tamén é preciso resaltar do informe de 1986 que ningún museo conta cun servizo completo de control ambiental, polo que unicamente se recollen aqueles que teñen algún tipo de instalación para regular o ambiente.

En España, salvo algunha desviación concreta (como as visitas guiadas), os datos de instalacións e servizos de museos son moi similares en 2018 se se comparan cos de Galicia. Os museos galegos están lixeiramente por riba da media estatal en canto á presenza de biblioteca, salón de actos, control ambiental ou sala de investigadores e algo por detrás en canto á existencia de sala de didáctica, taller de restauración, espazos de lecer, sala de audiovisuais etc.

**Servizos e instalacións dos museos galegos**

DOCUMENTOS  
DE TRABALLO  
CCG



Fonte: Elaboración propia a partir de ANABAD e Ministerio de Cultura y Deporte

No que se refire ás exposicións temporais, a cantidade de museos galegos con capacidade de ter exposicións temporais aumentou do 36% ao 56% entre 1986 e 2018<sup>65</sup>. A cifra actual aínda se sitúa moi por debaixo da media

<sup>65</sup> Contabilízase o ano 2018 en vez de 2020 para evitar unha desviación provocada pola crise da COVID-19, en especial no referido ás exposicións temporais, que en España alcanzou a cifra do 39,2% (o 27% menos que en 2018), e en Galicia o 43,4% (o 13% menos).

estatal (67%), se ben no ano 2000 Galicia chegou a superar levemente a media estatal (o 53% fronte ao 50% de España).

As publicacións dos museos galegos eran inicialmente limitadas, centradas fundamentalmente en material divulgativo (folletos, carteis, catálogos xerais etc.). Apréciase un aumento na publicación de guías e de material didáctico, aínda que de xeito irregular segundo os anos de recollida.

#### Persoal dos museos galegos (1986)

	Total	Funcionariado e persoal laboral	Persoal temporal	Voluntariado	Persoal /museo*
Conservadores	21	11	--	10	0,48
Titulados superiores	48	7	32	9	1,09
Restauradores	7	4	3	--	0,16
Debuxantes	4	--	3	1	0,09
Fotógrafos	4	1	3	--	0,09
Administrativos	18	12	5	1	0,41
Vixilantes	56	43	11	2	1,27
Outros	57	20	7	30	1,29
Total persoal	215	98	64	53	4,88

Fonte: Elaboración propia a partir de ANABAD.

\* Medido en función do número de museos que responderon sobre persoal (44)


Por último, en canto ao persoal, o informe publicado por ANABAD-Galicia presenta unha situación que os propios autores da publicación definen como moi negativa<sup>66</sup>. Do total de 215 persoas que traballaban en 44 dos 47 museos de Galicia en 1986, tan só 162 eran profesionais, e deses unicamente 98 desempeñaban un labor permanente. Se se ten en conta esta cuestión, a media de persoal por museo apenas chegaba a 2,2.

Ao analizar polo miúdo o perfil laboral deste persoal, pode observarse a limitación existente na época para desenvolver a actividade cultural propia dun museo (21 restauradores, 10 deles voluntarios; 48 titulados superiores, 32 deles con contratos temporais; 7 restauradores, dos cales tan só 4 tiñan contratos permanentes...). Igual que ocorría coas bibliotecas e

<sup>66</sup> O informe sinala, por exemplo, a «falta de persoal alarmante» no caso dos conservadores, o que produce unha «situación insostible» (p. 810). No caso dos restauradores, coméntase que «o panorama dentro deste campo é desolador, sobre todo se se ten en conta que a inmensa maioría do patrimonio moble galego presenta graves problemas de mantemento» (p. 812).

tal como indica o informe, a actividade voluntaria non remunerada era necesaria naquel momento para o desenvolvemento e funcionamento mínimo das infraestruturas culturais museísticas de Galicia.


#### Evolución do persoal nos museos galegos



Fonte: Elaboración propia a partir de ANABAD e Ministerio de Cultura y Deporte

A evolución do persoal laboral dos museos nas últimas décadas mellorou sensiblemente as carencias en canto aos perfís laborais destes espazos, cun crecemento sostido dende as 215 persoas empregadas en 1986 ata as máis de 740 en 2020, cunha media que tamén se incrementou, ao pasar das preto de cinco persoas traballadoras ás nove para o último dato da serie. Esta media de persoal laboral nos museos de Galicia permanece por debaixo da media estatal, pero foi reducíndose no tempo. No ano 2000 a diferenza era de 1,1 persoas (9,7 en total), e en 2020 a diferenza redúcese ata situarse en 0,8 (9,8 en total).

#### Tipo de contrato do persoal dos museos galegos



Fonte: Elaboración propia a partir de ANABAD e Ministerio de Cultura y Deporte



Ademais, o labor non remunerado nos museos diminuíu a niveis que, aínda estando por riba da media estatal no ano 2020 (o 7,5% en comparación co 3,9% en España), supoñen un importante cambio de tendencia. Tamén baixou a temporalidade, que se sitúa por baixo do 13%. O cambio máis salientable é o contrato permanente, que subiu en Galicia do 45,6% ao 79,7% (un incremento de case o 75%) e se mantén lixeiramente por riba da media estatal (72,7%).

## 10.2. Bens de interese cultural

Agás informes puntuais, non existe un estudo e catalogación integral dos bens inmobles patrimoniais ata finais da década de 1970 e principios de 1980. Nese momento o Ministerio de Cultura desenvolve un completo traballo de campo para compilar e catalogar os bens patrimoniais.


A Lei 16/1985, do patrimonio histórico español (desenvolvido parcialmente polo Real decreto 111/1986), marca un punto de referencia no relacionado coa protección do patrimonio<sup>67</sup>, xa que establece, delimita e regula os bens patrimoniais en España. Créanse tanto o Registro General de Bienes de Interés Cultural como o Inventario General de Bienes Muebles, nos que se recolle a información dos bens para os que as comunidades autónomas e o conxunto do Estado decidiron establecer algún tipo de protección. No caso de Galicia, a lexislación que regula os bens patrimoniais réxese polo artigo 8 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

As estatísticas de antes de 1985, que aparecen nos anuarios ou na revista *Análisis e Información Cultural*, só recollen información das novas declaracións de conxuntos histórico-artísticos, polo que hai que recorrer á publicación *Cultura en cifras*, que fusiona a información anterior á lei de 1985 cos datos ata 1994 e establece así unha evolución dos bens de interese cultural a partir do ano 1978, concretamente os bens inmobles.

---

<sup>67</sup> Co Real decreto-lei do 9 de agosto de 1926 formalizouse a creación do Tesoro Artístico Arqueolóxico Nacional, desenvolvido especialmente na Segunda República (Decreto do 3 de xuño de 1931, de declaración de monumentos histórico-artísticos pertencentes ao devandito tesouro).

### Evolución dos bens inmobles declarados como bens de interese cultural en España e Galicia e liña de tendencia



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

Na gráfica pódese ver a evolución da cifra acumulativa dos inmobles<sup>68</sup> declarados bens de interese cultural tanto en España como en Galicia. Obsérvanse numerosas incorporacións en anos puntuais, como no caso de España en 1987 e en Galicia en 1993. Se en 1983 consta a existencia global de 5.543 inmobles, en 2021 a cifra rolda os 16.300, case o triplo. No caso de Galicia, os datos recollidos indican a existencia de 380 rexistros en 1990 (5,1% do total). Tres décadas despois a cifra é de 709, o que supón o 4,4% do total de rexistros en España.


En canto á catalogación dos bens mobles<sup>69</sup>, non comeza a haber datos en España ata un ano despois da aprobación da lei. En 1986 aparecen seis rexistros, cifra que se manterá moi baixa nos seguintes anos, e non será ata a década de 1990 cando comece a regularizarse a catalogación dos bens mobles no conxunto de España, debido ao atraso das comunidades á

<sup>68</sup> A lei designa como bens inmobles a listaxe seguinte: monumentos, xardíns históricos, conxuntos históricos, sitios históricos e zonas arqueolóxicas.

<sup>69</sup> Designanse como bens mobles: pintura e debuxo, gravado, escultura, mobiliario, tapices e téxtiles, instrumentos musicais, instrumentos e maquinaria, arqueoloxía, etnografía, patrimonio documental, patrimonio bibliográfico e outros.

hora de incoar os expedientes. De feito, o caso de Galicia é estatisticamente singular, xa que ata o ano 2015 apenas se rexistran este tipo de bens (o primeiro rexistro prodúcese en 1993 e, durante os seguintes vinte anos, non supera o centenar de bens mobles). Os datos consultados nos anuarios indican que a partir de 2013 se inicia un proceso de incoación deste tipo de bens (410 nese ano, 3.249 en 2014, 1.447 en 2015...). Isto provoca un aumento significativo a partir do ano 2016, coa declaración progresiva dos bens incoados. O último rexistro para Galicia, en 2021, contabiliza máis de 4.100 bens mobles declarados, é dicir, un 20% do total rexistrado para o conxunto do Estado.

#### Evolución dos bens mobles declarados como bens de interese cultural en España e Galicia



Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte

## 11. Outros equipamentos e industrias culturais


O *Mapa cultural de Galicia* foi un proxecto desenvolvido entre 1987 e 1991 por un equipo de profesionais vencellados á Universidade de Santiago de Compostela e realizado por encargo da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Trátase dunha primeira tentativa de sistematizar grandes volumes de información cultural municipal cun tratamento estatístico, e a súa pretensión era dotar a sociedade galega dun instrumento de información sistematizada sobre os recursos socioculturais e os hábitos, necesidades e demandas culturais da cidadanía.

O seu primeiro volume<sup>70</sup>, baixo o subtítulo *A situación sociocultural dos concellos galegos*, publicado en 1991 e coordinado por Xan Bouzada, Bartolomé Pidal e Lois Rodríguez Andrade, analizaba datos culturais do ano 1987 referidos aos organismos municipais, equipamentos e servizos culturais, entidades de tipo asociativo, etc.

A pesar da vontade de reeditar o proxecto en varias ocasións, non se conseguiu levar a cabo ata o ano 2007 por iniciativa do Consello da Cultura Galega. Baixo o título *A situación sociocultural dos concellos galegos de menos de 50.000 habitantes*, actualizouse a metodoloxía de recollida e sistematización de datos culturais estatísticos de ámbito municipal. Posteriormente, este organismo elaborou unha web interactiva baixo o nome «Mapa de equipamentos culturais de Galicia».

Non existen informes actualizados que permitan establecer comparativas máis recentes, pero, a modo de resumo, o presente informe analiza algúns equipamentos culturais existentes entre 1987 e 2007, co fin de determinar cuantitativamente as diferenzas e as transformacións no eido local en apenas dúas décadas.

**Porcentaxe de concellos de Galicia con equipamentos culturais municipais**



Fonte: Elaboración propia a partir da Xunta de Galicia e do Consello da Cultura Galega

<sup>70</sup> Este proxecto tivo un segundo volume titulado *O asociacionismo cultural en Galicia* (1991).



Como se pode observar na gráfica anterior e tal e como se recollía na primeira edición do mapa, só o 16,6% dos concellos galegos posuía unha casa da cultura, dos cales sete de cada dez se situaban nas provincias da Coruña e de Pontevedra. No estudo sinalábase tamén que máis da metade dos concellos que non tiñan casa da cultura tiñan prevista a súa creación a curto prazo, porcentaxe que subía ata os dous terzos no caso das provincias occidentais.

No segundo «Mapa de equipamentos culturais de Galicia» (2007), a porcentaxe de concellos con casa da cultura xa case alcanzaba o 58%, isto é, un aumento de máis de 40 puntos porcentuais. En números concretos, había un total de 263 casas da cultura, case cinco veces máis que dúas décadas antes. A proporción territorial é practicamente a mesma, con case o 70% destas infraestruturas situadas nas provincias da Coruña e de Pontevedra.

No que respecta ás escolas de música, arte, baile e danza, en 1987 pouco máis dun terzo dos concellos (34,2%) contaba con este tipo de equipamento, porcentaxe que subía ata case o 50% no caso dos concellos das provincias da Coruña e de Pontevedra. Vinte anos despois, os municipios con escolas de música, arte, baile ou danza son xa case o dobre, cun total de 260 equipamentos.

Os datos do mapa cultural de 1991 indican que menos do 13% dos concellos galegos contaba cunha sala de arte ou exposicións, a maioría en localidades cuxa poboación superaba os 10.000 habitantes. Os resultados do segundo mapa publicado en 2009 recollen unha evolución substancial, con dous de cada tres concellos que albergan polo menos un destes equipamentos no seu territorio e que suman un total de 241 galerías de arte.

En relación coas emisoras de radio locais ou municipais, unicamente o 5,7% dos concellos contaba con este tipo de equipamento en 1987. Segundo o informe do mapa cultural, tratábase dun fenómeno de recente implantación na comunidade autónoma. Dúas décadas máis tarde a porcentaxe sobe a máis do 17%.

En canto ás artes visuais, a publicación *Cultura en cifras* achega algunha información sobre as industrias das artes plásticas durante o ano

1985, referida concretamente a equipamentos, pero tamén ao total de emprego cultural no sector. O Ministerio recolle os datos a partir da información da publicación periódica *Arteguía* (revista madrileña sobre arte que se publicou, con algunhas interrupcións, entre 1973 e 1996).

<b>Indicadores sobre o sector das artes plásticas en España e Galicia</b>			
1985	España	Galicia	% G/E
<i>Total de empresas</i>	1.544	80	5,2%
Galerías de arte	561	22	3,9%
Salas de exposición	558	31	5,6%
Anticuarios	425	27	6,4%
<i>Artistas plásticos</i>	5.628	350	6,2%
<i>Libros de arte (1983)</i>	913	--	--
Exemplares (miles)	6.634	--	--
<i>Libros de arte (1985)</i>	1.218	--	--
Exemplares (miles)	6.885	--	--
<b>2020</b>			
<i>Total de empresas rexistradas (cifra estimada)</i>	2.400	--	--
Galerías de arte e anticuarios (cifra estimada)	600	--	--

Fonte: Ministerio de Cultura y Deporte e Instituto de Arte Contemporáneo

Actualmente, as cifras e estatísticas das artes visuais non aparecen representadas nos anuarios que publica o Ministerio, salvo para os indicadores de visitas a espazos culturais das enquisas de hábitos e prácticas culturais, polo que cómpre acudir a fontes estatísticas do sector, en concreto a *El mercado español del arte en 2021*, editado polo Instituto de Arte Contemporáneo (IAC) coa colaboración da Fundación La Caixa<sup>71</sup>. Este informe pon de manifesto a dificultade operativa á hora de desenvolver unha clasificación axeitada da industria das artes plásticas. Tanto os cambios na CNAE como a enorme complexidade de configuración dos negocios complican unha recollida estatística fiable.

Segundo o informe sectorial, en 2020 existen en España arredor de 2.400 empresas. Destas, contabilízanse uns 600 comercios dedicados á venda de arte e de antigüidades que inclúen tamén establecementos de tipoloxías moi diferentes. A maior parte desenvolve o seu labor no ámbito da arte contemporánea. Esta cuarta parte das empresas engloban o 80% das vendas do mercado, que en 2019 superaron os 424 millóns de euros en

<sup>71</sup> Accesible en: <https://www.iac.org.es/view/306>

total. Non obstante, debido á crise sanitaria, en 2020 o sector viu constrinxido o seu volume de vendas ata os 236,3 millóns de euros (o 44% menos).

Pola súa parte, a industria cultural do videoxogo para os fogares nace en España de forma oficial en 1983 grazas á popularización dos ordenadores persoais de baixo custo (especialmente o Sinclair ZX Spectrum)<sup>72</sup>. Segundo datos extraídos da Base de Datos del Videojuego Español (Devuego)<sup>73</sup>, durante ese ano catro empresas españolas, nadas ese mesmo ano, comercializan un total de seis videoxogos.

En 2022, o número de títulos publicados en España ascende a 221, dun total de 183 empresas e estudos. Ese mesmo ano, en Galicia comercializáronse 8 videoxogos (3,6% do total) e existen actualmente en activo 35 estudos (o 5,5% dos 685 rexistrados en España, o que sitúa a Galicia como a quinta comunidade con maior número de estudos).

Dos 35 estudos existentes en Galicia, 9 (25,7%) están constituídos como empresas. En termos proporcionais ao número total de 367 empresas do videoxogo activas en 2022 en España, as galegas supoñen o 2,5%.

## 12. Conclusións

A análise dos distintos ámbitos que se revisaron neste informe revela un panorama evolutivo diverso, con diferenzas importantes dunhas magnitudes a outras, pero cunha tendencia xeral positiva.

A evolución está moi influída polo contexto xeral. O desenvolvemento do mercado de traballo, a mellora das condicións de vida das familias e o aumento da esperanza de vida, así como a ampliación das taxas de escolarización e dos niveis educativos ao longo dos últimos corenta anos, son algúns dos factores que favoreceron a transformación da sociedade galega e a valorización da súa cultura. O progreso e a conquista de maiores liberdades favoreceu a accesibilidade da cidadanía á realización de actividades culturais no seu tempo de lecer, o que fai que estas ocupen unha posi-

---

<sup>72</sup> Existen uns poucos videoxogos españois creados para máquinas recreativas en 1980 e 1981. Para máis información, pode consultarse o libro *Bugaboo, un Hito en la Historia del Software Español*: <https://culturainformatica.es/descargas/libros/bugaboo.pdf>

<sup>73</sup> Pódese consultar en: <https://www.devuego.es/bd/>

.....

ción moito máis relevante no panorama social e empresarial. Outro elemento clave no avance en materia cultural foi o proceso de transferencia de competencias da Administración central ás comunidades autónomas iniciado na década de 1980, así como a aprobación de leis fundamentais para a protección e o fomento da cultura e lingua galegas na primeira lexislatura do Parlamento de Galicia. Tamén resulta un fito moi influente a entrada de España na sociedade de países que acabaría conformando a Unión Europea.

En definitiva, foron moitos os cambios de carácter estrutural que influíron decisivamente para que a cultura en Galicia se desenvolvese en converxencia cun contorno en que as actividades culturais ocupen unha posición moito máis relevante no panorama social e empresarial do que o fixeran ata a chegada da autonomía e da construción do seu sistema institucional.

Un dos indicadores básicos que exemplifica este desenvolvemento da cultura galega é o emprego que xera. A pesar das moitas dificultades que supón a recollida, sistematización e análise dos datos estatísticos relacionados coa descrición do emprego cultural, o informe detectou unha evolución claramente positiva. As 36.500 persoas que traballan actualmente en actividades culturais en Galicia son máis do dobre das que había a finais do século XX.

Esta evolución ten que ver, por unha banda, co incremento xeral da actividade cultural. Este é un proceso que se atopa en consonancia co desenvolvemento económico e social. Así, en Galicia os primeiros datos dispoñibles indican que unicamente o 1% dos traballadores se dedicaba a actividades ou ocupacións culturais (a metade en proporción co conxunto de España). Hoxe en día esa porcentaxe ascende ao 3,3%, practicamente a mesma magnitude que a que se detecta para o total do Estado, o que significa que o peso do emprego cultural galego con respecto á media creceu notablemente.

Por outra banda, ese incremento do peso da cultura no mercado laboral está relacionado coa importante extensión da profesionalización en actividades que no pasado se cubrían con persoal amator, voluntario e/ou non remunerado, o cal hoxe en día é claramente menos frecuente. É exemplo desa situación o feito de que a mediados dos anos oitenta só o



45% do persoal dos museos era estable, pois o resto eran persoas voluntarias ou traballadores temporais. No caso das bibliotecas, o 25% do escaso cadro de persoal que había tiña unha situación irregular por non ter formación suficiente, por compatibilizar o labor bibliotecario con outros ou incluso por ter unha retribución inadecuada ao seu posto de traballo. Nese sentido e na mesma época, unicamente o 5,6% dos arquivos municipais galegos tiña no seu cadro de persoal un arquivista profesional. No momento actual, en todos estes ámbitos a situación profesional é claramente mellor.

Cómpre deterse na evolución positiva alcanzada nos datos dos consumos, hábitos e prácticas culturais nas últimas catro décadas. En 1983 os fogares galegos partían dunha posición desfavorable con respecto ao conxunto de España: menos acceso á cultura nos fogares (libros, música, televisores, radio, aparatos e soportes de reprodución musical...), hábitos e prácticas culturais menos desenvolvidos e con menor peso porcentual, etc. Tras os corenta anos estudados, practicamente todos os indicadores analizados sinalan que os fogares de Galicia e os seus habitantes se sitúan por riba da media estatal.

O relevante incremento nos índices de lectura pode exemplificarse en que en 1985 unicamente un terzo da poboación lía libros e hoxe en día esa porcentaxe chega ao 55%. Galicia ten uns datos de lectura máis positivos que o conxunto de España na maioría de indicadores. Na lectura de prensa, moi popular entre a poboación galega, a diferenza é considerable, e o incremento do hábito de lectura nestes corenta anos é claramente superior en Galicia con respecto do total do Estado. As coleccións de libros particulares creceron de maneira importante, pois triplicouse o número de libros dispoñibles por fogar. Porén, dende que hai datos, descendeu lixeiramente a compra anual de libros.

As prácticas culturais activas tamén se incrementaron. Os fogares con instrumentos musicais pasaron de ser un de cada catro a un de cada tres e as persoas que os tocan regularmente pasaron de ser o 5% a case o 9% da poboación. Os galegos e galegas que pintan ou debuxan por afección triplicaron a súa porcentaxe, ao pasar do 5% ao 15%. En canto á vocación de escribir, pasou de ser unha afección case marxinal que practicaba o 1% das persoas a ser unha actividade que desenvolve case o 8% da pobo-

.....

ación con maior ou menor intensidade. O número de persoas que practican danza ou ballet multiplicouse por tres. As afeccionadas á fotografía son o dobre que a mediados dos oitenta, crecemento probablemente tamén relacionado co evidente incremento na accesibilidade da poboación á tecnoloxía.

Algúns dos cambios detectados nas últimas catro décadas obedecen a fenómenos relacionados cos hábitos de consumo e a evolución tecnolóxica. Por exemplo, descendeu de maneira importante a compra de música, ao tempo que creceu lixeiramente a porcentaxe de persoas que asisten a espectáculos de música en vivo. A enorme popularidade dos videoclubs nos anos oitenta e a súa forte implantación nas cidades e vilas estaban relacionadas co hábito de alugar soportes físicos de vídeo, unha actividade que hoxe en día resulta residual. En 1985 practicamente o único dispositivo para ver ficción audiovisual no fogar era o televisor, unha situación ben distinta á de hoxe en día, o cal podería ser a razón pola que o número de horas dedicado a ver cine en pantallas no fogar se dobrou en catro décadas. En relación con estes cambios, a última referencia indica que o 77% dos fogares galegos ten un ordenador, unha porcentaxe maior que a do total de España, se ben en 1990 era menos do 9%, cifra que ademais representaba unha proporción sensiblemente inferior ao do total estatal.

Malia que os cines como unidade estrutural sufriron tamén un retroceso importante, a evolución do sistema comercial, que pasa de estar configurado por cines dunha única sala de exhibición a infraestruturas con varias, fai que o crecemento de salas no seu conxunto sexa positivo. Este sistema de multicines incidiu nunha maior concentración da oferta en contornos urbanos e tamén en que a variedade de filmes que se pode ver sexa menor. A porcentaxe de poboación que asiste ao cine é similar, algo menos dun terzo, pero quen asiste faino moitísimo menos. Se nos anos oitenta era normal ir ver unha película nunha sala de exhibición unha media de oito veces ao ano, agora é de menos de tres. Isto implica que, no conxunto, o número de espectadores decreceu.

A sensibilidade pola protección do patrimonio pódese medir a través da catalogación de bens de interese cultural. O recoñecemento social do valor do patrimonio supuxo que, dos 5.543 inmobles que estaban catalogados en 1983, en 2021 a cifra se situase arredor dos 16.300, practicamente o triplo.

Unha das grandes achegas á cultura galega dos últimos corenta anos foi a dotación dunha infraestrutura pública básica, que no inicio dos anos oitenta do pasado século era claramente deficiente. Ademais da precariedade laboral e a escasa profesionalización sinalada, as propias instalacións eran deficitarias, moitas atopábanse pechadas por diferentes razóns e as dotacións que tiñan eran claramente insuficientes. A mellora xeral dos equipamentos e a súa extensión polo territorio contribuíron á democratización da cultura.

Mención especial merecen as bibliotecas, que, ademais de aumentar o seu número en nada menos que 271 unidades no período estudado, se espallaron por todo o territorio galego e pasaron de ser o 5,5% do total de España ao 7,1%. Isto significa que en Galicia o esforzo para dotarse destes espazos foi maior. O indicador que mellor resume a situación é o que pon en relación a poboación e o número destes equipamentos dispoñibles. En 1983 había 6 bibliotecas por cada 100.000 habitantes e hoxe en día hai máis de 13, o que significa que, en termos de poboación atendida, a oferta aumentou en máis do dobre. Os fondos que albergan tamén se incrementaron notablemente, ao multiplicarse por sete. As bibliotecas galegas pasaron de albergar 1,8 millóns de fondos a máis de 13 millóns. En relación con todo o anterior, pasouse de que o 9% dos galegos acudise a unha biblioteca algunha vez a que o faga un de cada catro con certa regularidade.

Así mesmo, é importante a evolución positiva dos auditorios e teatros. A presenza destes últimos incrementouse nun 65% no territorio. Malia que non se partía dunha situación máis negativa que a do conxunto de España, posiblemente pola maior dispersión da poboación, a evolución tendeu a equiparar a oferta galega e a española. Se en 1986 había 21 teatros por cada millón de habitantes, hoxe en día hai 36 por millón, é dicir, un total de 96 dotacións deste tipo.

Tamén é evidente o incremento da oferta de museos. Practicamente dobraron o seu número, en especial os relacionados con aspectos etnográficos e patrimoniais, co obxectivo de reclamar o espazo cultural das culturas comunitarias, do cal carecían en gran medida a principios da década de 1980. Neste caso tamén é relevante o incremento da poboación con este tipo de equipamentos dispoñible. O número de museos por cada 100.000 habitantes aumentou de 1,66 en 1986 a 3,15 en 2020, confluindo coa oferta

media do conxunto do Estado. Así mesmo, mellorou notablemente a infraestrutura dispoñible nos propios museos, xa que se dotan de salóns de actos, arquivos, bibliotecas, salas de restauración, salas de investigadores etc., das cales en gran medida carecían no pasado e, desta maneira, equíparase a oferta complementaria coa media nacional.

Outras infraestruturas culturais tamén melloraron de xeito importante. Por exemplo, dobráronse o número de salas de concertos. Como é sabido, hoxe en día a maioría de concellos dispón dunha casa da cultura, pero ese era un servizo que só ofrecía o 16% das entidades locais nos anos oitenta. O mesmo sucede coas salas de arte ou de exposicións, que actualmente están á disposición da maioría da cidadanía de calquera parte do país, pero que naqueles anos era algo que estaba presente en apenas trinta concellos galegos.

Pese a esta transformación xeral positiva e ao evidente esforzo das administracións, o gasto público en cultura non evolucionou do mesmo xeito que outros indicadores. É evidente que as partidas económicas se incrementaron notablemente, pero a proporción do gasto en cultura con respecto ao total do gasto público mingou en todas as administracións.

O gasto da Administración xeral do Estado en cultura pasou de sumar o equivalente a 233 millóns de euros en 1985 a máis de 700 millóns na última anualidade dispoñible, pero o peso no conxunto do orzamento pasou do 0,35% ao 0,21%. O recorte medido en proporción ao PIB aínda é maior, xa que pasou de supoñer o 0,14% en 1985 ao 0,07% en 2020. Isto significa que a Administración xeral do Estado gasta a metade en cultura con respecto á riqueza dispoñible hoxe en día que hai case corenta anos.

En parte esta evolución está relacionada co sistema de descentralización, pero iso non significa que o resto de niveis de goberno incrementasen a proporción do gasto en cultura con respecto do total.

A Administración local, pese a ser a que soporta a maior parte do gasto cultural en conxunto, tamén baixou a proporción do que destina a cultura. De xeito ilustrativo, se en 1985 a cantidade destinada a cultura era o 5,37%, na última referencia descendeu ata o 4,15%. Cómpre salientar que a evolución foi irregular, xa que en 2005 as corporacións locais galegas (concellos e deputacións) gastaban moito máis en cultura que en 2020.

.....

Esta tendencia é similar na Administración autonómica. No conxunto das comunidades autónomas o esforzo que supón o gasto en cultura no conxunto descendeu do 1,58% ao 0,55%. O gasto da Xunta de Galicia, que era menor que o doutras comunidades autónomas, pasou do 0,68% en 1985 ao 0,66% en 2020, o último ano do que se dispón do dato do gasto liquidado. Isto significa que na práctica o Goberno galego gasta en proporción o mesmo en cultura agora que hai 35 anos. Agora ben, hai que destacar que isto non foi así sempre, xa que o gasto tendeu a incrementarse ata finais da década dos anos 2000 para despois volver contraerse. Sirva de exemplo que en 2005 a Xunta de Galicia chegou a gastar case 130 millóns de euros en cultura, o que supoñía o 1,3% do gasto total. É certo tamén que ese incremento estivo ligado en parte a partidas relacionadas co Xacobeo e co desenvolvemento de infraestruturas, nomeadamente coa construción da Cidade da Cultura.

En contraste con isto, o sector privado da cultura galega tivo unha evolución moi relevante. Un fenómeno descrito neste informe, que está moi relacionado co dato do emprego, é a implantación dunha industria da cultura que en corenta anos amosa unha evolución moi destacable.

Neste período a edición multiplicouse por cinco, o que significa que se pasou de editar uns 350 libros ao ano a máis de 2.200. O crecemento foi moi superior ao do conxunto do Estado, o que supuxo que en Galicia se pasase de inscribir no ISBN o 1,4% do total de libros ao 2,3%. O incremento dos libros inscritos no ISBN en lingua galega foi do 360%.

O número de produtoras de cine tamén se incrementou rapidamente a partir da década dos 2000. Os recursos e profesionais relacionados coa industria da música tamén experimentaron crecementos que dobran e triplican as cifras iniciais. Por exemplo, en corenta anos dobrouse o número de empresas comerciais no ámbito musical, aquelas dedicadas a afinación, edición, comercio, instrumentos, estudos de gravación etc. As representacións de teatro incrementáronse máis do dobre e o número do espectador máis do triplo.

Como resulta evidente, o ciclo económico afectou aos hábitos de consumo de cultura e á industria cultural durante todo o período estudado. Así, a crise do petróleo, a crise española de 1993 ou a crise financeira de 2008 afectaron á capacidade das empresas culturais para xerar riqueza,

.....

ao consumo en cultura da poboación galega e á capacidade de gasto das administracións.

Non obstante, cómpre sinalar que a crise global que afectou a Galicia entre 2009 e 2011 foi un punto de inflexión significativo e prexudicou a industria e, de forma integral, todo o sector cultural, que aínda tenta recuperar as cifras de produción e distribución de hai máis dunha década. Isto significa que, pese ao evidente crecemento positivo global da cultura galega na súa historia recente, algúns dos principais fitos estatísticos son parte do pasado.

Malia isto, o desenvolvemento xeral experimentado no período estudado e os incrementos vistos en indicadores claves relativos á demanda, así como a mellora xeral da produtividade, alcance e capacidade das industrias culturais, permiten ver con esperanza o futuro da cultura galega.